



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 9

Sesión plenaria
28 de maio de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-4ijjH3v7-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.11851 (12/CPP-000001)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

Punto 2. Mocións

2.12649 (12/MOC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda (Moción consecuencia da Interpelación nº 908, publicada no BOPG nº 10, do 12.04.2024, e debatida na sesión plenaria do 23 de abril de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

2.24074 (12/MOC-000004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito (Moción consecuencia da Interpelación nº 829, publicada no BOPG núm. 10 f1, do 12 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 14 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 21.05.2024

2.34096 (12/MOC-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda (Moción consecuencia da Interpelación nº 2116, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 14 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 21.05.2024

2.44118 (12/MOC-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Moción sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación nº 2271, publicada no BOPG núm. 20 f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 14 de maio de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 21.05.2024



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1512 (12/PNP-000029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

3.2707 (12/PNP-000061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

3.31260 (12/PNP-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

3.41664 (12/PNP-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

3.52474 (12/PNP-000289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental na mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.63639 (12/PNP-000400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a normativa que debe impulsar a Xunta de Galicia e as reclamacións que debe dirixir ao Goberno central co obxecto de conseguir un desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia que respecte a integración medioambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024



Punto 4. Interpelacións

4.11475 (12/INT-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

4.23449 (12/INT-000233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

4.33468 (12/INT-000235)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.14318 (12/POPX-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a perspectiva que ten o Goberno galego do papel que Galicia debe representar en Europa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f2, do 22.05.2024

5.24325 (12/POPX-000006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns do Goberno galego para admitir a colocación no corazón de Galicia dunha macroinstalación de produción de celulosa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f2, do 22.05.2024

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.14253 (12/PUP-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos

Sobre a eventual solicitude da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias realizada polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024



6.24281 (12/PUP-000018)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis**

Sobre o incremento da criminalidade en Galicia no primeiro trimestre do ano, segundo os datos contabilizados polo Ministerio do Interior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

6.32011 (12/POP-000317)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a adecuación á realidade actual do Decreto 222/2011, no que se establece un número mínimo de alumnado matriculado como criterio para asegurar a viabilidade dos graos universitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

6.43045 (12/POP-000453)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as dúbidas respecto da consolidación do proxecto da empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 25f1, do 16.05.2024

6.52076 (12/POP-000326)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a eventual solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central da finalización do proxecto de construción da vía peonil pola costa entre Marín e Pontevedra con alternativas que respecten a nova lexislación vixente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

6.63173 (12/POP-000515)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e seis deputados/as máis**

Sobre as consecuencias que terá para Vigo e a súa comarca o peche do aeroporto de Peinador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024

6.7 519 (12/POP-000018)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a inclusión de novas vacinas no Calendario de vacinación ao longo de toda a vida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024



6.82618 (12/POP-000404)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación do Centro de Saúde de Ribeira no relativo á súa dotación de persoal médico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f2, do 08.05.2024

6.94304 (12/PUP-000019)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a situación da asistencia sanitaria nos centros de saúde e no PAC da comarca do Condado-A Paradanta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Alteración da orde do día co fin de incluír un novo punto

Designación das deputadas ou dos deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e das competencias da autoestrada do Atlántico AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto preliminar engadido á orde do día, logo da aprobación da Cámara.)

O señor presidente somete á consideración da Cámara a inclusión na orde do día deste pleno da designación de tres deputadas ou deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e das competencias da autoestrada do Atlántico AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Páx. 12.)

A continuación dá conta do procedemento seguido para a súa designación, así como do desenvolvemento da votación, que será na sesión de mañá, día 29 de maio de 2024. (Páx. 12.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 23.), Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 25.), Sr. Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 31.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez) (Páx. 34.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 39.) Nesta rolda interveñen o señor Ojea Bouzo (M) (Páx. 39.), a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 40.), o señor Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 42.), a señora Pérez López (P) (Páx. 43.) e o señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 45.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 48.)



Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. López Font (S) (Páx. 51.) e Sra. Deza Martínez (P). (Páx. 54.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 57.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 61.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 67.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 68.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra e intervén, con base no artigo 76, por alusións e por entender que a señora Castro Rey (S) lle faltou ao decoro ao Grupo Parlamentario Popular ao utilizar unha expresión. (Páx. 69.) O señor presidente pídelles á señora Castro Rey que retire a devandita expresión. (Páx. 70.) A señora Castro Rey intervén para explicar por que a utilizou e expresa que non a retira. (Páx. 70.) A seguir, retíraa o señor presidente. (Páx. 71.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a xestión das políticas de axuda á xente moza no seu acceso á vivenda. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 71.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Deza Martínez (P). (Páx. 79.)

A señora Longueira Castro (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 81.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre o impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 82.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Fidalgo Iglesias (P). (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 88.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 90.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda: *rexeitada por 26 votos a favor, 40 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 92.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito: *rexeitada por 35 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda: *rexeitado por 34 votos a favor, 40 en contra e 1 abstención.* (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención* (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica que o G. P. Popular de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. García González (P).* (Páx. 94.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 97.) e *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 99.)

Nova intervención da señora García González (P). (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicacións (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García Comesaña (P).* (Páx. 104.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 106.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 110.)

O señor García Comesaña (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 118.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 120.)

O señor Pazos Couñago (P) pide a palabra, acolléndose o artigo 76.3 do Regulamento da Cámara, por considerar que a señora Longueira Castro pronunciou unha expresión que vulnera o honor do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 122.) A señora Longueira Castro (S) intervén para aclarar a cuestión. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 123.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 126.) e Sra. Campero Dorado (P). (Páx. 129.)

Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental da mocidade. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 132.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Suárez Fernández (BNG). (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 137.)

O señor Suárez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 140.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica unha alteración na orde do día consistente na formulación a seguir da pregunta que figura en terceiro lugar. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adecuación á realidade actual do Decreto 222/2011, no que se establece un número mínimo de alumnado matriculado como criterio para asegurar a viabilidade dos graos universitarios. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Méndez López (S). (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 143.)

Réplica da autora: Sra. Méndez López (S). (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 145.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e seis minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

(Murmurios.)

A ver se podemos gardar un pouco de silencio.

Alteración da orde do día co fin de incluír un novo punto

Designación das deputadas ou dos deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e das competencias da autoestrada do Atlántico AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Vou tratar de explicar, primeiro, un punto da orde do día, que é un cambio. En concreto, someto á consideración da Cámara a fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e deputados para a defensa da Proposición de lei presentada no Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada do Atlántico AP-9 á Comunidade Autónoma.

Todo isto facémolo porque na sesión celebrada o 19 de decembro de 2023 o Pleno aprobou a proposición de lei citada para a súa tramitación no Congreso dos Deputados.

Tendo coñecemento esta presidencia de estar pendente a inclusión do seu debate de toma en consideración nunha vindeira sesión plenaria do Congreso dos Deputados, (Murmurios.) —silencio, por favor, é que se non aínda me perturba máis a voz— cómpre a fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e deputados para a súa defensa.

Xa que logo, sométese ao asentimento da Cámara, de conformidade co establecido no artigo 73 do Regulamento a inclusión na orde do día desta sesión plenaria dun novo punto para a fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e deputados para a defensa da proposición de lei presentada no Congreso dos Deputados, que é a que comentei antes, da transferencia da AP-9. E isto farémolo votándoo mañá, día 29, ao remate das proposicións non de lei. Entón, mañá, ao acabar as proposicións non de lei, votaremos en urna cada grupo. Cada deputado ten dereito a pór un nome, e a partir de aí serán os que queden designados.

O pleno celebrarase no Congreso dos Deputados o día 11 de xuño. E eu desde aquí tamén quero comunicar que isto a nós se nos comunicou onte. E eu fago un rogo, e así llo trasladarei tamén á Copreca, de que hai que ter máis en conta os parlamentos autonómicos; non se pode facer unha cousa dun día para o outro, porque se nós non tiveramos pleno esta proposición non de lei voaría. Entón, imos tratar de que se nos teña un pouco máis en conta.

E, sen máis, comezamos coa orde do día.



(A vicepresidenta segunda do Parlamento, a señora Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

Ben, supoño que nisto estamos todos de acordo. (A vicepresidenta segunda do Parlamento, a señora Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) Si, está ben apuntado, pero eu como vin que asentían pois xa o dou por aprobado.

¿Estamos todos de acordo? (Asentimento.) Vale. Entón, queda aprobado ese punto.

Entramos xa agora na orde do día normal.

Non se xustificaron inasistencias.

O primeiro punto é unha comparecencia.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Presidente, deputados e deputadas, moi bo día a todos e todas.

A única constante efectiva, señorías, é o cambio. A percepción do cambio é un factor determinante na propia evolución. Todas e todos aquí neste Parlamento atendemos a cambios, ás veces no persoal e outras no profesional; cambios que nos fan avanzar a través da experiencia e mellorar por medio da nova aprendizaxe.

Hoxe comparezo diante desta cámara, da casa de todos os galegos e galegas, por petición propia, para dar conta dun cambio. Comparezo diante de todos vostedes como novo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, tras preto de seis anos á fronte da Consellería do Medio Rural. Certamente, as competencias son distintas, mais a responsabilidade coa que asumín esta carteira é idéntica. O meu compromiso con todos e cada un dos galegos e galegas, señorías, é o mesmo. A miña disposición para deixarme a pel e traballar por Galicia é hoxe e sempre un principio reitor para min. Asegúrolles que iso non cambiou nin cambiará.

A miña experiencia ensinome que sempre que che pregunten se se pode facer un traballo a resposta está en aprender como se fai. Así foi como dende a miña toma de posesión o pasado 15 de abril non perdín nin un só segundo en traballar neste eido, dando o mellor de min dende o minuto cero.

Eu son home de costumes, e se algo coñece este Parlamento de min é a importancia que lle confiro á planificación. Só a través dunha planificación ordenada e ben razoada se poden acadar os obxectivos fixados.



Por iso hoxe estou aquí precisamente para expoñer a folla de ruta que tras este escaso mes puidemos debuxar para entroncar todas as accións —falo en presente e futuro— da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Son accións que xa teñen, señorías, un orzamento; pois lémbrolles que Galicia xa tiña aprobados eses orzamentos para a presente anualidade de 2024 antes das eleccións autonómicas. E esta carteira conta exactamente con 637,8 millóns de euros, dos cales preto do noventa por cento están destinados ao eido do emprego.

Neste senso —e por ordenar a miña intervención—, anúnciolles que trasladarei ou falarei dos tres eixos que compoñen a Consellería.

Empezando por emprego, se queremos pórllle contexto ao emprego en Galicia, temos que ver cal é a situación actual. Non se explican as políticas —estaremos de acordo— sen ter en conta as circunstancias.

Unha primeira declaración de principios é que a creación de emprego ten que ter como protagonistas principais as empresas, neste caso as galegas. As administracións públicas temos que estar aí para apoiar a creación de emprego polas empresas, traballar ao seu carón para que sexa da mellor calidade posible e, ao mesmo tempo, fomentalo ou polas vías das políticas activas de emprego.

Son numerosas as estatísticas en materia laboral, pero calquera delas permítenos afirmar que en Galicia hai unha tendencia positiva no emprego. Aquí nos datos —e se atendemos ás cifras do paro rexistrado, ás afiliacións á Seguridade Social ou na propia EPA, enquisa de poboación activa— podemos dar como primeira referencia, cos datos do mes de abril, que Galicia pechou ese mes coa cifra máis baixa dende que hai rexistro en paro en cifras do desemprego: 126.334; unha cifra histórica que non se cubría dende hai vinte e oito anos, dende o ano 1996.

Galicia é a primeira comunidade autónoma na que máis caeu o paro na comparativa anual en termos relativos, e a terceira en termos absolutos; baixa o desemprego tanto na evolución anual como na mensual, e baixa nas sete grandes cidades, nas catro provincias e en todos os sectores de actividade.

Interésame destacar, por colectivos prioritarios, que no que se refire a desempregados menores de trinta anos é a cifra máis baixa nun mes de abril dende que hai rexistros, e no caso das mulleres é a menor de toda a serie histórica. Pero tamén, dende o punto de vista da taxa de afiliación, Galicia crea emprego con máis afiliados; temos unha cifra —que é a maior nos últimos quince anos— de afiliados á Seguridade Social de 1.068.335. E tamén se crea emprego de máis calidade, pois cos datos da enquisa anual de custo laboral temos que ter en conta que Galicia, dende o ano 2009, é a que acada o maior ritmo de subida dos salarios dentro do conxunto das dezasete comunidades autónomas, tres puntos por encima da media nacional.

Temos, polo tanto, un escenario positivo, con números que amosan unha boa tendencia, pero como primeira manifestación tamén hai que dicirlles que é un escenario que temos que seguir mellorando da man do diálogo social e da colaboración público-privada.



Dende o meu nomeamento como conselleiro iniciamos un proceso de escoita activa cos principais axentes sociais e económicos de Galicia. Xa tiven ocasión de reunirme neste mes con representantes tanto da patronal como das principais centrais sindicais, e estouno a facer agora cos interlocutores do traballo social, do traballo autónomo e tamén da economía social. Un dos obxectivos da Consellería é dotar dunha maior transversalidade e dunha maior profundidade o devandito diálogo social, e traballaremos nese sentido conxuntamente —como digo— cos distintos axentes.

Se atendemos ao apoio ao emprego, o primeiro que debemos preguntarnos tamén, señorías, é cales son os principais problemas que ten o emprego, non só diría eu en Galicia senón que tamén no conxunto de España. E como un deles sinalaría a escaseza da man de obra que detectan as empresas, sobre todo en sectores como a hostalaría, a construción, o metal e o sector primario, entre outros. Esta escaseza estímase nuns quince mil postos de traballo, o cal supón unha contradición en si mesmo co feito de que temos un número importante de persoas buscando traballo de forma activa, eses 126.334 que mencionaba antes.

Interésame destacar tamén outro dos problemas que temos que tratar de atallar, que é o desemprego de longa duración, o cal duplica en España a media europea, ou o desemprego xuvenil, cunha taxa de emprego para os mozos de entre 18 e 24 anos de oito puntos por debaixo da media europea.

E, por último, non podo deixar de mencionar o elevado absentismo que estamos a sufrir en Galicia, cunha taxa do 7,8 por cento no último trimestre do ano 2023, o que supón a terceira maior taxa entre todas as comunidades autónomas.

Dende a Consellería traballamos ao carón dos empresarios no eido do emprego, en primeiro lugar, coa formación para o emprego. A formación é necesariamente lévedo, xerme do crecemento da prosperidade da propia evolución dos traballadores. Por iso seguiremos proporcionándolle a toda a poboación activa todas as ferramentas que precisen para poder adaptarse ao complexo mercado laboral e garantir así a súa empregabilidade e o éxito profesional a través da formación.

Déixenme que destaque o conxunto de medidas que temos englobadas no Plan galego de formación para o emprego 2024, que conta cun orzamento de máis de cento dezasete millóns de euros, pero tamén dúas liñas nas que queremos afondar:

En primeiro lugar, é necesario unha maior flexibilización da formación para o emprego. Temos que potenciar as competencias e habilidades dos traballadores que máis demandan as empresas. Temos que mellorar e quitarlle rixidez ao catálogo de certificados de profesionalidade, sobre todo na posibilidade de ir cambiando eses catálogos para adaptalos —como digo— ás necesidades das empresas e sobre todo potenciar as microcredenciais e as accións formativas de curta duración.

E outra cuestión na que temos que incidir é por máis cartos para a formación naquelas empresas que crean os postos de traballo. É dicir, hai por suposto magníficos centros de formación, pero temos que —como digo— afondar nese financiamento das empresas creadoras



de traballo. Temos unha liña de subvención para unidades formativas nas propias empresas que crean emprego, oito millóns de euros, pero xa tamén lles traslado que seguiremos a traballar para pór máis cartos nesa formación, nesas empresas que contratan os traballadores.

E hai unha formación especialmente relevante, que é a formación dos emigrantes en situación irregular. En Galicia estímase que hai ao redor de doce mil. Pola vía da formación para o arraigamento facilitamos a súa regularización e dámoslles un posto de traballo. Aquí hai un proxecto piloto en Galicia que funcionou moi ben o ano pasado con Cáritas e coas EFA, escolas familiares agrarias. Imos seguir perseverando neste piloto, buscando que esta vía de formación para o arraigamento facilite o acceso destes migrantes a postos de traballo en Galicia e a súa regularización. Aquí é esencial pedirlle ao Goberno central que facilite os trámites de estranxeiría para acurtar os prazos da regularización.

Pero tamén traballamos a prol do emprego coas oficinas de emprego. Por darlles datos: en Galicia, señorías, hai cincuenta e catro oficinas de emprego, nas que contamos con ao redor de cento corenta orientadores laborais.

Hai que centrar o traballo destes orientadores nos demandantes efectivos de emprego que se achegan ás nosas oficinas, polo que é preciso continuar co Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, é dicir, fundamentalmente ligado aos demandantes de emprego que están no paro de longa duración. Son uns trinta e dous mil inscritos, e o que buscamos aquí é mellorar a eficiencia e os procesos de intermediación e formación deste tipo de desempregados. Cos datos actualizados de hai unha semana, deses trinta e dous mil conseguimos grazas a este programa intensivo que se contrataran a máis de tres mil cento sesenta e catro persoas, melloramos os itinerarios para a súa empregabilidade en catro mil douscentos, actualizamos a súa demanda de emprego en máis de once mil e deixaron de ser demandantes de emprego por diferentes razóns preto de seis mil. *(Aplausos.)*

Dentro da mellora das oficinas de emprego tamén dixeramos como eixos fundamentais nos que imos traballar, en primeiro lugar, destacaría a aposta pola formación dos nosos orientadores. Temos que traballar con eles para mellorar a creación dos itinerarios laborais dos desempregados. Temos tamén que mellorar o traballo de perfilado competencial das persoas demandantes de emprego, é dicir, coñecer cales son as habilidades que temos que incentivar e apoialas pola vía da formación. E para iso hai que utilizar ferramentas baseadas na intelixencia artificial e analítica avanzada que sexan capaces de sincronizar en tempo real a oferta e a demanda laboral. Eu quero destacar aquí que Galicia é pioneira no uso destas ferramentas informáticas coa ferramenta Emi, que se está pondo a funcionar en todas as nosas oficinas de emprego.

Hai outra cuestión importante, señorías, que ten que ver coa prospección das necesidades dos postos de traballo das empresas galegas. Imos traballar a nivel comarcal para que esa prospección se poida facer de xeito máis afinado e determinar esas necesidades de postos de traballo dos diferentes sectores empresariais en cada ámbito comarcal, a través dun seguimento e dunha titorización específica.

Apoiamos o emprego por conta allea, non pode ser doutro xeito, pero tamén o emprendemento ou traballo autónomo. E, neste senso, temos que destacar que Galicia conta cun vinte



por cento de autónomos de todos os traballadores. É a primeira comunidade autónoma con maior peso deste colectivo no total de afiliacións. En España estamos no dezaseis por cento. A este colectivo, ao traballo autónomo, ao emprendemento, destináronse nos últimos dous anos preto de cento vinte e cinco millóns de euros. Aquí procuramos ser unha administración facilitadora, pondo á disposición das persoas autónomas axudas tanto para manter como para motivar a súa actividade. Estas axudas están enmarcadas na axenda Impulso autónomo horizonte 2027, que é a que ten que rexer as políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Hai unha cuestión importante, tendo en conta que Galicia é terra de emprendedores, que é fornecer o ecosistema de entidades que asesoren aqueles que queren desenvolver o seu negocio no noso territorio, tanto nas cidades como no rural, procurando, señorías, a necesaria cohesión territorial.

Unha das maiores bazas neste eixo é a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. Temos trece centros activos neste momento no conxunto do territorio, con especial incidencia no rural, pero con efectos en toda a comunidade, para asesorar proxectos en calquera das fases en que se atopen; eu diría de principio a fin. Ademais, pretendemos completar esta rede con dous novos polos, tanto en Sarria como en Vilanova de Arousa. Os datos que temos ata agora do seu funcionamento son moi positivos. Falamos, señorías, de ao redor de mil novecentas iniciativas empresariais atendidas dende a súa posta en marcha —hai pouco máis de dous anos—, máis de cinco mil titorías, ao redor de catrocentas cincuenta reunións con entidades do territorio e centos de accións entre formacións e eventos propios e externos. *(Aplausos.)*

Pero, ademais, queremos —como digo— avanzar na súa coordinación a través da constitución do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación, o COE, que ten que ser tamén o nexos de unión entre os polos de emprendemento e as oficinas de emprego, buscando esa interconexión —como digo— entre traballo por conta allea e traballo autónomo.

Ademais, temos que procurar a súa optimización e facer —o que dicía antes— esa análise do ecosistema de entidades que asesoran o emprendemento, apostando —isto é transcendente— pola súa coordinación a través da especialización.

Traballaremos na configuración dunha estratexia galega do emprendemento cun impulso coordinado con todos eses axentes do ecosistema de emprendemento de Galicia, máis de cento sesenta entidades que temos recollidas no Mapa do emprendemento.

Tamén no marco da Rede de polos —creo que é unha iniciativa importante— temos en marcha un plan de remuda co gallo de garantir a continuidade dos negocios. Buscamos que sexa unha bolsa de substitución de negocios, tendo en conta que a remuda xeracional é un reto que temos que afrontar na maior parte dos sectores, especialmente —e logo falarei diso— no comercio polo miúdo. Neste eido dese plan de remuda proximamente publicaremos unha orde de axudas para impulsar os procesos de remuda xeracional, buscando financiar parte dos gastos aboados en concepto de traspaso polas persoas que se fagan cargo dos negocios.



E no ámbito comarcal poremos en marcha unha análise co fin de determinar as necesidades de negocio que se requiren en cada ámbito territorial. Nesta análise inclúiranse tanto novos negocios como aqueles que sendo rendibles van pechar por falta de remuda xeracional, prestando especial atención ao comercio, sobre todo nas vilas cabeceiras de cada unha desas comarcas.

Señorías, o territorio galego é un espazo de oportunidades que temos que aproveitar tamén con novas alternativas de negocio. Neste senso, apostaremos por atraer traballadores de alta cualificación, nómades dixitais a espazos de *coliving* e *coworking* no rural galego, aproveitando as experiencias que xa temos nese territorio. Pero tamén desenvolveremos espazos de experimentación para novos negocios ligados ao territorio, onde os emprendedores poidan testar os seus produtos ou servizos.

Outro dos ámbitos dentro do emprego importantes para este que lles fala e para —estou seguro— todos os que me están escoitando é a economía social; fórmula que pon as persoas onde deben estar: por enriba da rendibilidade financeira, apostando por un modelo xusto e solidario.

Neste eido xa levamos convocado no que vai de ano unha cantidade importante de axudas que suman trinta e seis millóns de euros para a economía social, impulsando a creación e consolidación de entidades de economía social e favorecendo, como non pode ser doutro xeito, o emprego inclusivo. Tamén aquí contamos cunha estratexia de economía social horizonte 2027, coa que se persegue xerar catro mil empregos e crear catrocentas novas entidades e mais posicionar a economía social en sectores como o tecnolóxico, o dixital, verde, industrial e sustentable.

Pero temos que seguir dándolle visibilidade a ese modelo de economía social por medio da Rede Eusumo, sobre todo no relativo ao fomento do cooperativismo, e tamén avanzando en programas vixentes, como o ES-próxima ou Aprod-Economía social, que busca incorporar persoas desempregadas e tamén traballadoras en cooperativas e sociedades laborais.

A este respecto non cambiará tampouco a nosa disposición para apoiar a contratación, sobre todo en relación con colectivos con discapacidade ou persoas en situación de risco ou exclusión social dentro do programa Galicia Emprega, que busca favorecer a contratación de máis de dúas mil cen persoas a través dun orzamento, señorías, de 17,5 millóns de euros.

Isto en canto ao bloque do emprego dentro desta primeira comparecencia e dentro desta primeira quenda.

Gustaríame agora falar do segundo bloque, o do comercio, o do comercio polo miúdo.

En primeiro lugar, por resaltar a importancia que ten este eido no noso tecido económico, hai que dicirlles que Galicia conta con máis de vinte e catro mil comercios polo miúdo, situándose na quinta posición de España entre as comunidades con maior número de establecementos deste tipo. Ademais, un corenta e tres por cento deles son autónomos sen persoas asalariadas, e o noventa e nove por cento está entre cero e nove traballadores. En



definitiva, trátase dun sector que conta con máis de cento sete mil postos de traballo na nosa comunidade.

Estes datos dan conta —polo menos na miña opinión— da importancia que ten o comercio polo miúdo para vertebrar e compactar as nosas vilas e cidades. Unha cidade ou unha vila con comercio presenta unha vida vibrante, activa, préstase á interacción social, ao encontro entre as persoas, é máis sostible e ten unha maior calidade de vida e máis valor para os seus habitantes.

Polo tanto, quero deixar constancia nesta comparecencia de que a consolidación do comercio polo miúdo galego será un dos eixos fundamentais na nosa consellería. (*Aplausos.*) É primordial neste senso desenvolver unha estratexia, na que xa estamos traballando, que incremente a competitividade do sector do comercio polo miúdo galego, apoiándose nas novas tecnoloxías; non hai que equipararse ás plataformas tecnolóxicas, pero si que hai que traballar nese ámbito. Tamén incentivar o desenvolvemento dun comercio especializado, de calidade, fortalecido e moderno; un comercio próximo á cidadanía que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.

Temos que traballar entre todos en promover un sector do comercio polo miúdo innovador, intensivo no uso das TIC e con capacidade para crear experiencias de compra memorables, fonte de emprego e riqueza, facilitador de amplos servizos en proximidade, que contribúan tamén a fixar poboación no contorno urbano e rural —volvo insistir: sobre todo nas vilas cabeceiras de comarca—, adaptando e transformando o sector nas novas tendencias e no respecto ao medio ambiente.

Neste eido temos que contar de xeito fundamental coa cooperación sectorial entre administracións, sobre todo, señorías, os concellos galegos. Por dar algún dato do que estamos traballando, hai que repensar e definir a figura dos centros comerciais abertos, cun enfoque de oferta integradora que contemple tanto os aspectos comerciais, por suposto, pero tamén de servizos e lecer, con elementos urbanísticos que axuden a construír unha cidade ou vila máis amable e con mellor calidade de vida.

Os mercados e as prazas de abastos deben reforzarse como espazos comerciais clave no eido da alimentación, destacando polo seu produto e pola confianza que xera a súa orixe e relación persoal das persoas comerciantes coa clientela. A través das prazas de abastos debemos canalizar o consumo dos produtos quilómetro cero, produtos de alta calidade e cun alto compoñente en sostibilidade; non só pola proximidade do lugar de produción, senón pola súa importancia á hora de fixar poboación no rural e manter as terras cultivadas e producindo. Así, traballaremos para promover a súa conversión en mercados excelentes.

Para paliar a desaparición do comercio debemos afondar nun plan de remuda xeracional para aqueles comercios rendibles en mans de propietarios envellecidos, que van ser pechados porque carecen do dito relevo. Esta situación, señorías, témola que abordar dunha forma global, apoiando tanto ao que cesa na actividade como ao que vai continuar. Para iso configuraremos un mapa do comercio galego que determine tamén en cada comarca que tipo de comercio polo miúdo hai que manter de forma prioritaria.



E, por suposto, continuaremos con medidas que están funcionando e de xeito moi satisfactorio como pode ser o Bono Comercio. Quero lembrar que en apenas cinco xornadas se esgotou o seu crédito de 2,5 millóns de euros para case que sete mil establecementos adheridos. Mobilizamos doce millóns de euros en compras. É un éxito sen precedentes. Xa van cinco edicións, o que acredita que o consumidor galego quere comprar no comercio polo miúdo.

Anúnciolles tamén que está previsto o lanzamento dun novo Bono Comercio cara ao outono para continuar a impulsar esta actividade.

Polo tanto, emprego, comercio e chegamos ao terceiro dos eixos da Consellería, que ten que ver coa emigración.

Déixenme, en primeiro lugar, señorías, que diga tamén como declaración que Galicia non sería Galicia sen os centos de milleiros de galegos que hai espallados polo mundo; galegos e galegas que fan da nosa terra unha terra universal e infinita, variada, multicultural e rica. Galicia séntese, sentímonos orgullosos da súa emigración en moitos aspectos. Sentímonos orgullosos porque é, de feito, historia da traxectoria da nosa terra, antecedente de converter a morriña de algo indefinido na nostalxia concreta do espazo, do noso lugar no mundo. Mais Galicia, señorías, lévase dentro. Así, é doado percibir como a Galicia que emigraba é hoxe a Galicia que retorna. Pois o século XX foi o século da emigración, e este século XXI está sendo o do retorno, en parte grazas ás políticas postas en marcha.

A importancia que posúe a emigración na nosa comunidade reflíctese na existencia dunha Secretaría Xeral de Emigración, dependente agora desta consellería.

Eu destacaría dous eidos fundamentais nos que está centrado o traballo deste centro directivo:

En primeiro lugar, por suposto, o apoio aos cidadáns galegos no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade, co fin de fomentar a súa participación na vida social, cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida.

Pero, ademais, como segundo eixo, tamén desenvolve accións encamiñadas á integración social e á inserción profesional e laboral do colectivo de galegos e galegas que deciden retornar á súa terra.

Permítanme, en primeiro lugar, que fale desas iniciativas postas en práctica en consideración daqueles galegos e galegas no exterior e tamén das entidades de fóra de Galicia. Neste senso, son numerosas as medidas en activo cuxo obxecto é manter os vínculos coa terra, tanto para os maiores como para os máis mozos; no caso dos maiores, o programa Reencontros con Galicia, no caso dos mozos, o programa Conecta, coas súas respectivas variantes. Grazas a estas iniciativas, cada ano téñense beneficiado máis de trescentos galegos e galegas residentes no exterior.

Pero tampouco podemos esquecer que temos que atendelos con axudas económicas de carácter social —aos que están alá—, destinadas a cubrir as necesidades básicas ou, segundo



as circunstancias, paliar situacións de exclusión social. Por medio destas axudas chegamos a máis de sete mil familias cada ano, trinta e unha mil na última lexislatura. (*Aplausos.*) Tamén esta acción se complementa coas oficinas de atención social, que contan con localizacións estratéxicas, facendo posible dar servizo no tocante á información e tramitación destas axudas.

Hai que atender tamén ao mantemento das relacións coas entidades galegas do exterior. Temos, neste senso, ata dúas liñas de axudas, tanto para financiar o seu funcionamento e desenvolvemento de actividades sociais e culturais, especialmente vinculadas á xuventude, como para favorecer que teñan unhas sedes sociais nas mellores condicións posibles, con equipamentos axeitados. Estas dúas liñas de axuda teñen un orzamento global de preto de dous millóns de euros.

E para fortalecer as súas actividades culturais contamos con dous programas: os obradoiros, cos que levamos cada ano aos centros galegos espallados polo mundo profesores de distintas especialidades culturais, e as escolas abertas, a través das que melloramos a didáctica e o coñecemento técnico dos profesores dos centros galegos do exterior.

Se imos a outro eixo importante, que son as políticas en materia de retorno, temos unha estratexia, a estratexia Galicia Retorna 2023–2026, que é un documento pioneiro, vivo e adaptado ás circunstancias, onde collen todas as medidas que estean encamiñadas a favorecer ese retorno. É precisamente a existencia dunha Galicia exterior con fortes vínculos coa súa terra o que fai posible que a Administración galega desenvolva importantes e pioneiras iniciativas en materia de retorno. Porque, certamente, o retorno converteuse nun dos piares fundamentais para afrontar o reto demográfico do noso territorio, optando por lograr un fluxo migratorio positivo sostido no tempo, que xunto coas políticas de natalidade e conciliación necesarias se convertan nun dos eixos fundamentais para lograr a reversión da nosa pirámide de poboación.

Señorías, esta é unha aposta que non só é unha obriga legal —está sustentada no propio Estatuto de autonomía galego—, senón que ademais é unha oportunidade para Galicia. Unha oportunidade que nos ofrece incorporar persoas de alta cualificación profesional desde o resto do mundo, coas que melloramos tanto a competitividade como a produtividade do tecido empresarial galego.

En primeiro lugar, como instrumento vertebrador desas políticas do retorno, debemos sinalar a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, con sede nas principais cidades galegas, que ademais conta cunha unidade móbil, a Oficina Móbil do Retorno, que nos permite chegar a todas as persoas retornadas, onde queira que estean. Trátase dunha xanela única que busca informar e axudar en toda clase xestións, e fai seguimento a esas familias galegas retornadas, xa incluso dende o país no que residen.

Quixera darlles datos tamén: neste servizo temos axudado a preto de dezaseis mil persoas; en total dende a súa posta en funcionamento téñense rexistrado máis de sesenta mil consultas. Neste 2024 contamos cun orzamento de catro millóns de euros para continuar por este camiño.



Dentro das axudas coas que apoiamos o retorno, eu destacaría, en primeiro lugar, as axudas extraordinarias ao retorno: dous millóns de euros, cuxo fin último é facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno e que requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos polos interesados. Fíxense: o ano pasado atendemos con estas axudas noventa e seis familias .

O eixo fundamental da estratexia Retorna dende a Consellería é, sen dúbida, o programa Retorna Cualifica Emprego, no que pretendemos que a xente que veña veña xa con postos de traballo cualificados, cunha selección en orixe o máis afinada posible. Tamén neste eido afondaremos na necesidade de cubrir as súas necesidades básicas, non só o tema sanitario ou o tema do colexio dos seus fillos, senón tamén as necesidades de vivenda. Con este programa Retorna Cualifica Emprego incrementamos a nosa poboación, dinamizamos a nosa economía, pero tamén favorecemos a cobertura das vacantes laborais existentes en Galicia, aquelas quince mil prazas que lles dicía. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señorías, vai ser — como digo — un eixo fundamental tratar de atraer ese talento — e ademais creo que é moi simbólico — de xente que é descendente — fillos, netos ou algunhas xeracións posteriores — daqueles que nalgún momento tiveron que ir cara á emigración.

Tamén pretendemos traer a xente formada dentro da xuventude. E aquí eu destacaría as bolsas Excelencia Mocidade Exterior, que fomentan o retorno de persoas galegas universitarias de alta cualificación. Estas bolsas beneficiaron xa mil cincocentas persoas dende a súa primeira convocatoria, a razón de douscentos cincuenta mozos e mozas beneficiados cada ano.

E se queren emprender aquí os retornados, axudas para o fomento do autoemprego e actividade emprendedora destes emigrantes retornados, coas que temos logrado apoiar cen proxectos empresariais cada ano dende a primeira convocatoria, chegando aos setecentos en total. Ou teñen o programa Merlo, no que prestamos apoio e acompañamento aos emprendedores retornados con mentores que lles transfiran a súa experiencia e coñecemento.

Pero, ademais, déixenme que lles dea doutro dato: un vinte por cento das persoas que atenden estes polos de emprendemento proceden de fóra de Galicia. Polo tanto, reflicte claramente tamén o interese que están amosando por emprender aquí en Galicia todos os que teñen que ver con este retorno.

Ben, señorías, chegados a este punto, penso que queda claro cal é a nosa folla de ruta: múltiples vertentes — todas as que acabo de trasladar neste estrado —, mais todas elas encamiñadas a un único obxecto, un obxecto que se sustenta baixo tres retos que asumín cando tomei posesión como conselleiro e que xa lles trasladei: emprego, comercio e emigración. Buscamos acadar unha Galicia que goce de emprego de calidade, cun mercado laboral dinámico e inclusivo e un crecemento económico e intelixente en todos os ámbitos; tamén asegurar a competitividade do noso tecido comercial garantindo a súa viabilidade e impulso, e redobrar a nosa aposta polo retorno dos galegos e galegas no exterior, ben como emprendedores, ben como traballadores por conta allea, con todas as facilidades ao seu dispor, para que poidan establecerse nesta que é a súa terra.



Non falamos de obxectivos sinxelos nin de retos doados de superar, falamos de traballo duro e dunha asunción plena de responsabilidades e compromiso con todos os galegos e galegas, estean onde estean, como sempre fixemos. Nesta constante que é o cambio hai certos aspectos que queremos facer por manter, porque hai cousas, señorías, que cando funcionan poden ser melloradas, pero nunca substituídas. Gústame crer que é por iso que seguimos á fronte da Xunta de Galicia despois de quince anos.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vou empezar dicindo que lle desexo o mellor ao novo conselleiro e tamén desexaría que todas as expectativas que volcou aquí no seu discurso se cumpriran. Menos mal que cara ao final xa dixó que non era un traballo doado, recoñeceu polo menos iso, tardou en dicilo pero polo menos díxoo, porque a verdade é que eu tamén vexo bastante complicado que esas boas intencións que manifestou ao longo de toda a súa intervención se materialicen.

Vostede empezou dicindo, parafraseando ao señor Heráclito, que o permanente era o cambio ou algo así. Non se pode un bañar dúas veces no mesmo río, pero eu lévome bañando no mesmo discurso do Partido Popular varios anos, porque en realidade moitas das cousas que dixó —a min, polo menos, particularmente— soaron bastante manidas, polo menos desde o punto de vista do discurso, veremos na praxe se iso cambia.

Falou do apoio aos empresarios e penso que aí está realmente a clave, porque neste mundo no que vivimos, neste capitalismo de Occidente do emprego tira a empresa privada, e ese é un feito que temos que dar por sentado se queremos ser realistas e se non queremos confundir os desexos coa realidade.

Desde logo, a administración ten o seu papel, un papel importantísimo na chamada «economía social», pero eu creo que toda a cuestión pasa por unha pedra angular de apoiar o empresariado. ¿De cantas maneiras? Eu penso que é fundamental eliminar moitos aspectos da burocracia.

Vostede dixó que Galicia era terra de emprendedores. Efectivamente, hai moitísimos emprendedores galegos, pero sempre van facer as empresas fóra, ¡por algo será! Falou moito dos empresarios do exterior, sobre todo no continente suramericano, e iso é unha cousa que sabemos de sempre. Pero a cuestión é: se eses galegos que fóra triunfan, ¿por que non o fan en Galicia? Algo haberá que analizar tamén o tema.

Entendemos tamén fundamental o tema do chan industrial, que é un problema sobre todo na provincia de Ourense. Por certo, esperaba que dixese nalgún momento «Ourense», pero



non o dixo; falou sempre de Galicia en termos xerais, o que está moi ben, e os únicos nomes particulares que dixo foron Sarria e Arousa, ningún deles na provincia de Ourense. Tampouco é facer un *casus belli* deste tema, pero sendo vostede ourensán podería ter feito un guiño, polo menos, á provincia. De momento con ese tema non imos seguir.

Falou moito dos cursos. Mire: os cursos para conseguir emprego espero que non sexan o que foron durante moitos anos —e algo sei sobre o tema—, que foron unha especie de narcótico social para acalar o descontento en materia laboral do país. Os cursos de formación, moitas veces e durante moito tempo —esperemos que cambie e que iso sexa doutra maneira—, foron sinxelamente unha maneira de ter ocupada e dalgunha maneira narcotizada unha ampla masa de parados do país, que doutra maneira ao mellor a cuestión estalaba doutra forma. Entón, loxicamente, se hai empresas e hai traballo, á xente non lle soe custar moito buscar traballo. O de aprender a buscar traballo ás veces a min paréceme algo paternalista e algo condescendente coa xente adulta. Quero dicir que, si, hai determinadas cousas nas que alguén ás veces ten que recibir un asesoramento ou unha axuda, pero aprender a buscar traballo está un pouco —o que dicía antes— manido. A ver se os seus cursos acaban sendo doutro tipo dos que foron durante moitos anos. Poderíame estender.

Falou do *coworking*. Efectivamente, sería estupendo que Galicia se converterá nunha especie de Silicon Valley. Hai experiencias no tema. Vostede non concretou, pero sabe coma min que hai, por exemplo, experiencias interesantes no norte de Portugal, de xente que se asenta no rural para traballar incluso para grandes multinacionais, porque hoxe coas modernas tecnoloxías pódese facer. Eu diríalle que aposten máis por iso que polas plantas industriais contaminantes, que nos levan máis ao século XIX ou ao século XVIII, da época do señor Taylor, da época da Revolución industrial contaminante da Gran Bretaña. Aposten máis por iso, polo *coworking* e polas tecnoloxías dixitais, e pola empresa dixital, que por outro tipo de empresas que poden encher o país de determinados compoñentes químicos desagradables.

Falou do Bono Comercio da Xunta. Voulle dar unha idea: fíxese nos bonos que fixo o Concello de Ourense no mandato municipal pasado, que foron un éxito, e ao mellor pode tomar algunha idea.

Falou do comercio polo miúdo. O comercio polo miúdo, efectivamente, está case sempre formado por autónomos, e moi poucas veces, desgraciadamente, son emprendedores reais, moi poucas veces a xente que emprende un comercio ou un negocio como autónomo o fai por vocación ou cre na súa idea empresarial; a maioría das veces faino por escapar do paro. A inmensa maioría das altas de autónomo, desgraciadamente, son para escapar do paro. É xente á que lle gustaría realmente traballar naquilo no que foi formado, naquilo para o que estudou, naquilo que desexaría realizar un labor profesional, pero non encontra a empresa adecuada para facelo e, entón, dáse de alta de autónomo e monta un comercio polo miúdo, ou unha peme, e, como moi ben saben os funcionarios de Facenda, o 80 por cento non viven nin un ano e teñen que pechar pronto. Esperemos que non sexa así e esperemos que, con base nesas medidas que anuncia, pois o comercio polo miúdo sexa asumido por persoas cun perfil de emprendedor real e non como un xeito de escapar do paro, e poidan xerar iso que vostede di da vertebración social, da creación de riqueza, da sostibilidade e todo iso. Ímoslle dar un voto de confianza e esperemos que sexa así.



Parece, pola maneira que di, que serán os retornados os que nos van vir salvar da inversión da pirámide demográfica, da creación de empresas... ¡Ogallá! ¡Ogallá sexa así! Esperámoslos cos brazos abertos.

Di que a ver se atraemos xente de alta cualificación, grandes profesionais. Pero van vir se hai empresas; se non, non vai ser así.

Resumindo, a min, xa lle digo, o discurso non me soou moi novidoso, aínda que vostede dixo que era o cambio e tal. Espero equivocarme e espero que todo o que dixo, pasado un tempo prudencial —que non teñamos que esperar ao final da lexislatura—, como un ano ou un ano e medio, se vaia vendo e se vaian vendo xa eses resultados que poidan facer que cambie a nosa reticencia inicial —non vou dicir desconfianza, pero si reticencia—, porque xa se sabe que do dito ao feito hai un cacho bastante grande. Como dicía o meu avó «das palabras non me queixo», e das súas palabras non nos queixamos, en realidade; acollémolas con esperanza, pero, ao mesmo tempo, coas debidas reservas.

Non sei se lle transmitín o que quería dicir. Mañá traemos unha interpelación con base en ver se se pode facer algo co val da Rabeda, da provincia de Ourense, coa creación de chan industrial. Se non pode ser iso, será algunha outra cousa que poida colaborar tamén co emprego ou co comercio. Así xa me vou adiantando ao que imos falar mañá.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

En primeiro lugar, o Grupo Parlamentario Socialista dálle a benvida a esta nova responsabilidade, conselleiro, que asume, e agradecemoslle que compareza xa neste terceiro pleno desta lexislatura para dar conta das liñas xerais do seu departamento.

Tamén lle desexamos sorte, porque a súa vai ser a de todos os parados e paradas desta comunidade, e tamén a dos traballadores e traballadoras galegos, así como a dos autónomos, e, por suposto, a dos galegos e galegas que tiveron que emigrar a outros países por falta de ocupación en Galicia. ¡Canto talento desperdiciado!, coincidirá nesta cuestión comigo, conselleiro.

Certo é que esta consellería —e céntrome na materia de emprego— non cumpriu como debería, e proba diso é que a última conselleira foi deixada fóra do Executivo cando non levaba nin un ano no cargo, despois de encabezar a lista da candidatura do Partido Popular pola provincia de Ourense —a súa e a miña provincia—. É unha emenda realizada polo propio presidente Rueda ás políticas de emprego levadas a cabo pola Xunta de Galicia.



Daba conta vostede dun amplo relatorio de medidas xa postas en marcha e doutras novas que ten previsto emprender, pero, antes de entrar nesas cuestións, quero comezar por unha cuestión importante, o nó gordiano das políticas de emprego: a execución do orzamento. Eu creo que vostede debe ter conta diso para corrixir esta eiva, señor conselleiro.

Mire, do 2009 ao 2023, o Goberno galego deixaba sen gastar 2.184 millóns de euros, dos 6.253 millóns que tiña asignado a políticas de emprego. Realmente, era case o 35 por cento do crédito asignado. Esta afirmación provén dos datos facilitados polo propio Parlamento de Galicia sobre execucións orzamentarias, e supón que os gobernos do Partido Popular deixaban sen gastar 1 de cada 3 euros destinados a políticas de emprego.

Por certo, nos últimos dous anos quedaron sen gastar 409 millóns de euros. Con Rueda e con Feijóo dá o mesmo, o Partido Popular non é quen de gastar o orzamento destinado a políticas de emprego. Parece que o paro e os empregados non lles importan. E hai que salientar que dos fondos asignados para a formación para o emprego, deses que vostede dicía que tiñamos unha necesidade de adecuar a formación dos parados e tamén dos ocupados galegos, deixaron sen executar 979 millóns de euros. Nos últimos dous anos, o 55,4 dos fondos destinados á formación para o emprego se deixaban sen executar. Espero que coa súa nova incorporación a esta consellería esta eiva sexa solucionada.

Todos somos coñecedores —e vostede tamén o recoñecía, conselleiro— de que faltan traballadores formados na construción e no metal. Vostede tamén falaba da hostalería, pero creo que a hostalería ten outra casuística. O Partido Socialista de Galicia leva dende o cano 2011 dicíndolles que hai esas necesidades, e deixaron sen gastar, como dicía, os fondos destinados a esta formación.

¿Que dicir ten o relativo ás persoas sen competencias clave de nivel 2? Ano tras ano reclamamos plans de formación específicos para a súa adquisición, e vostedes miraban cara a outro lado. Sen esas competencias clave, os parados e paradas non se van poder —e vostede sábeo— incorporar ao mercado laboral con todo o que isto supón.

Por iso, gustaríanos que na segunda quenda, conselleiro, nos explicase que medidas concretas vai tomar o seu departamento para executar os fondos destinados a emprego, e, en concreto, á formación para ocupados e para parados.

Coa chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta elimináronse todos os programas específicos elaborados polo Bipartito, pero non os substituíron por outros. Deixaron que as cousas fosen evolucionando ao seu xeito, sen elaborar unha alternativa para as políticas activas de emprego, e conseguiron que co Goberno do Partido Popular en Galicia, do 2008 —tamén do 2009, pero os últimos datos que temos de comparativa serían do 2008— á actualidade se destruísen 1 de cada 3 horas de traballo na agricultura, na ganadería e na silvicultura, que no sector industrial se perdese 1 de cada 4 horas existentes no 2008, que, por exemplo, na industria alimentaria —que vostede coñece ben esta materia— se perdese un 10,8 por cento en Galicia fronte ao incremento do 1,8 por cento estatal, ou que a industria do téxtil, señor conselleiro, perdese o 59,7 por cento do seu volume de traballo.



Conselleiro, en catorce anos o sector industrial galego perdía 40.000 postos de traballo, segundo datos do Consello Económico e Social. Estas son cifras inasumibles, e esperamos que o seu departamento poña as pilas para corríxilo.

Despois de catorce anos non é admisible que sigamos sen recuperar eses case 120.000 postos de traballo a tempo completo, porque os medimos en horas habituais, que é como se pode facer unha comparativa real coa EPA. Por iso, os sectores estratéxicos da nosa economía precisan actuacións que lles permitan un incremento da súa produtividade para evitar un risco de deslocalización agudizado pola crise económica.

E tamén temos que falar da taxa de actividade en Galicia. Debe de insistir este grupo parlamentario, ao igual que lle trasladaron as organizacións sindicais nas reunións —que é certo que celebrou reunións con elas—, no pouco dinamismo do mercado laboral galego. A pesar de que a EPA —certo é— do primeiro trimestre do 2024 amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só un 53,18 por cento fronte ao 58,63 por cento do resto do Estado.

En consecuencia, tamén esperamos que na segunda intervención nos indique que medidas concretas vai adoptar o seu departamento para reducir esta brecha na taxa de actividade.

É o momento, conselleiro, de afrontar os desafíos pendentes do mercado laboral, de reducir o paro de longa duración e o emprego parcial involuntario e de aumentar tamén salarios.

En relación co paro de longa duración, ao que vostede facía mención —e agradézoo—, temos en Galicia un total de 49.000 fogares polo menos cunha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. Das 131.600 persoas que estaban no desemprego, 43.100 levan máis dun ano nesta situación, e vostede recoñecía esta eiva.

Por iso, os socialistas presentamos unha iniciativa co fin de que a Xunta de Galicia elabore, no prazo de tres meses —e poña en marcha antes de outubro do 2024—, un plan de formación en adquisición de experiencia para parados de longa duración que comprenda que en dous anos teñan adquiridas as competencias clave, que en dous anos todos os parados de longa duración se incorporen a procesos de adquisición de experiencia, de duración superior a 6 meses, e que en dous anos sexan incorporados a procesos formativos con certificado de profesionalidade que estean incluídos no seu itinerario de inserción.

Pódeme coller o guante, conselleiro, esta será unha das formas en que poida vostede executar o orzamento en materia de formación.

E non podemos deixar de afrontar a situación do emprego da muller, porque o mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables. Temos en Galicia 35.600 mulleres activas menos que homes activos. Hai 42.500 homes máis ocupados que mulleres, e a taxa de actividade feminina dista considerablemente da taxa de actividade doutros contextos, sendo a segunda comunidade autónoma con peores datos.



Por iso, o Goberno galego ten a obriga de adoptar medidas para favorecer o crecemento da taxa de actividade das mulleres; ten a obriga, señor conselleiro, de ver no emprego feminino a oportunidade de crecemento económico, da eficiencia e da produtividade no mercado laboral, porque é inasumible que as mulleres representen pouco máis da cuarta parte da ocupación do sector industrial.

Aínda que a reforma laboral certo é que está deixando a súa pegada e mostraba no ano 2022 un cambio radical na porcentaxe de contratación indefinida, a contratación indefinida pasaba da porcentaxe do 9 por cento de media anual en Galicia no 2021 a un 32,5 por cento na media anual do 2023. Pero de todas as persoas asalariadas con contrato temporal en Galicia, case o 60 por cento —o 58,9 por cento— aínda son mulleres.

Tamén o éxodo de mozos e de mozas galegas cara a outras partes do Estado non o podemos obviar, en busca de mellores oportunidades; ten que ser freada polo ben de Galicia. Porque hai o dobre de traballadores en Galicia con máis de 55 anos que menores de 30. Galicia cada ano que pasa ten menos mozos e mozas, e ademais son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego. Padecen unha fenda salarial de máis de 22 puntos.

Falaba vostede tamén de emigración. vostedes teñen unha estratexia...; bueno, estratexias teñen unhas cantas. Ben, neste caso, é a Estratexia Retorna 2023-2026, e paréceme ben. O que solicitamos, conselleiro, é que se poñan en práctica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...tanto na área de emprego —que mencionaba vostede— como na área social e educativa, estes trinta obxectivos e nada máis e nada menos que cen medidas. Poderá dar conta tamén dos pasos dados ata o de agora, que xa deu algún relatorio, e das medidas que en adiante vaia pór en marcha.

Despois falaremos da área de comercio, que precisa dun apartado, porque sabe que o comercio polo miúdo en Galicia está sufrindo un recorte...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, si, xa termino.

Na segunda intervención, conselleiro, faremoslles propostas en positivo por parte do Partido Socialista para que as tome en consideración.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi bo día a todos e a todas.



Moi bo día, señor conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

Permítame que lle diga, a modo de brevísimos preámbulo, que ten vostede por diante moitísimo traballo e que ademais non comeza vostede ben. Agora explícolle por que, pero non se preocupe que nós desde o BNG procuraremos axudalo.

Comezou vostede cunha das especialidades do Partido Popular: torturar as estatísticas para que digan o que a vostedes lles interesa. É así como poden facer unha lectura autocompracente dos datos de emprego e afiliacións, obviando a crise demográfica, a perda de poboación activa e de poboación ocupada e a emigración da nosa mocidade. Isto ten unha causa principal imposible de denegar ou descoñecer para calquera, agás para o Goberno galego do Partido Popular: a falta de oportunidades laborais na nosa propia terra. Esta é a realidade que vostede debe transformar e non o vai conseguir desde esa autocompracencia que vostede exhibiu desde o primeiro momento.

Falou vostede tamén do posto destacado que ocupa a Galiza en canto a emprego autónomo e, nomeadamente, do comercio polo miúdo. Ese que pechou durante os anos de Goberno do Partido Popular a cuarta parte dos negocios que había na Galiza, máis de nove mil quinientos negocios pechados durante estes anos. Ese comercio de proximidade que, efectivamente, dá vida aos centros das vilas e cidades e que dá vida tamén, en boa medida, a moitos pequenos talleres e artesáns do país. Estes peches teñen, polo tanto, unha transcendencia económica moi importante alén da perda de postos de traballo directos. Non estamos a falar dun feito illado nin dun ano malo; estamos a falar dunha tendencia consolidada, que xa é unha das marcas ou legados dos gobernos do Partido Popular. E isto acontece ao mesmo tempo que o orzamento da Dirección Xeral de Comercio non deixa de minguar. Debería vostede pararse algo a explicar o por que, segundo o Partido Popular, se produce esta sangría e por que os sucesivos departamentos con competencias en comercio decidiron sempre e contra toda lóxica reducir o orzamento da Dirección Xeral de Comercio.

En todo caso, señor conselleiro, a ninguén se lle escapa que rescatar o sector do comercio de proximidade precisa de políticas transversais e normativas, máis aló de aumentar os recursos económicos. Como, por exemplo, cambiar radicalmente a súa política de favorecer a implantación de grandes centros comerciais declarando Galiza zona saturada, así como promover unha gran plataforma galega de comercio dixital. *(Aplausos.)*

No ámbito do emprego tamén ten vostede por diante varios desafíos importantes. Quérome referir especialmente ao das persoas con discapacidade e diversidade funcional, que vostede nomeou de pasada. Comparar os datos da poboación activa das persoas con discapacidade e das persoas sen discapacidade é un exercicio necesario cando estamos a falar de emprego. No BNG temos claro que a promoción e fomento do emprego das persoas con discapacidade e diversidade funcional non pode ser atendido en exclusiva desde o Departamento de Política Social. O obxectivo debe ser a integración destas persoas nun posto de traballo ordinario. Este é un mandato claro da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade do ano 2006. Un mandato recollido por todo o desenvolvemento normativo interno posterior, mais que non está a traducirse en resultados concretos satisfactorios.



¿Por que? Porque as sucesivas normas non viñeron acompañadas de actuacións políticas decididas neste sentido.

Hai dúas cuestións básicas sobre as que o seu departamento ten responsabilidade e competencia directa que ten que incorporar aos seus obxectivos. A primeira, que o concepto de accesibilidade universal do posto de traballo, dos procesos, das ferramentas etcétera ten que pasar da norma á realidade material; para iso precisa dun impulso decidido por parte dos poderes públicos. A segunda, que hai que introducir na valoración de resultados parámetros cualitativos. Non só hai que aumentar o número de persoas con discapacidade empregadas, senón que hai que aumentar o número de persoas con discapacidade en empregos non precarios. En caso contrario, a discriminación persiste.

Outro obxectivo do seu departamento debe ser casar a oferta e a demanda de emprego, aumentando as capacidades do Servizo Galego de Colocación. Neste caso conta vostede para facelo cos dous elementos máis importantes: as persoas e o coñecemento. As persoas que forman no día de hoxe unha rede de orientación, prospección e intermediación totalmente desestruturada e descoordinada; persoas nunhas condicións elas mesmas de eventualidade e precariedade tremendas, mais que exercen o seu traballo con dignidade e competencia e que acumulan un coñecemento moi práctico e directo das necesidades das empresas e das necesidades das persoas desempregadas.

Nós celebramos a oferta de emprego público neste ámbito, mais debemos salientar que queda moito por facer para contar co servizo público de emprego que precisa unha sociedade moderna e avanzada como a que aspiramos a ser. E que non servirá de nada se non corrixe vostede a xa histórica e vergoñenta falta de execución dos orzamentos da súa consellería, sobre todo os dedicados á formación e aumento da empregabilidade. Mencionou vostede a importancia dos orzamentos do seu departamento con este obxectivo, mais nada dixo de que neste ámbito, a formación e a empregabilidade, entre os anos 2019 e 2023 deixaron vostedes sen executar 650 millóns de euros, algo absolutamente intolerábel. Sen obviar as graves consecuencias da falta de persoal formado, tanto para a capacidade produtiva das empresas como para outra máis problemática, que é a chegada de continxentes de man de obra emigrante especialmente vulnerábel nunhas condicións de traballo moi precarias.

E isto lévame —para concluír— a un asunto do que nada dixo vostede: a sinistralidade laboral. Falou, si, do absentismo, pero non mencionou a sinistralidade das persoas traballadoras. Isto é un mal síntoma, señor conselleiro. Pola nosa parte, é unha das nosas principais preocupacións e non podíamos rematar sen referirnos ás persoas falecidas en accidente laboral. Levamos anos nos que Galiza case duplica a taxa de incidencia do Estado español: no ano 2022 foron 73 persoas falecidas, 21 delas no Vila de Pitanxo; no ano 2023 foron 53 persoas falecidas; no primeiro trimestre deste ano —último dato oficial do Ministerio— xa eran 14. Mantémonos moi por riba da media estatal en termos xerais de accidentes con baixa e, especificamente, nos casos de accidentes mortais.

Neste ámbito, señor conselleiro, a Xunta de Galiza pode e debe facer moito máis, porque non existe unha auténtica política de prevención de riscos; é pura aparencia: papeis e máis papeis e apenas papeis. (*Aplausos.*) Anos e anos de estudos e informes que, cando son ho-



nestos, veñen reproducindo as mesmas conclusións ano tras ano: non hai cultura preventiva, non hai integración da prevención na estrutura empresarial; e a prevención de riscos, externalizada a través dos servizos alleos, é rutineira, burocrática e faise as máis das veces a cegas. Así, ano tras ano, accidente tras accidente e morto tras morto. Calquera persoa con coñecemento na materia diralle isto; iso si, se ten algunha responsabilidade diranllo *off the record*. Pero todo o mundo sabe onde están os problemas e xa vai sendo hora de poñerlles solución. E isto, señor conselleiro, tócalle a vostede.

Teño que dicirlle que eliminar a Dirección Xeral de Relacións Laborais non é bo comezo; todo o contrario. Os axentes sociais deben saber que a Xunta da Galicia se toma en serio as condicións de traballo e seguridade laboral e isto ten que verse reflectido no organigrama da consellería. Desde logo que non exclusivamente; o Issga debe xogar tamén un papel moito máis importante, con máis presenza na rúa e nas empresas.

A coordinación coa inspección de traballo debe tamén mellorar, a comezar por solicitar o traspaso da inspección, tal e como se aprobou recentemente no Senado por proposta do BNG e co voto favorábel do Partido Popular. Pero o traballo que debe facer a propia Consellería de pedagogía, de interlocución e de seguimento debe facelo un cargo político especializado e coa máxima autoridade política posíbel. ¿Como se non vai exixirlles ás empresas o máximo grao de implicación? ¿Como lles vai dicir aos empresarios e empresarias que cando se fale de prevención teñen que ir eles e non mandar os técnicos? Hai que dar exemplo, señor conselleiro, e aínda que nunca é tarde para rectificar, canto antes mellor.

Máis nada polo de agora e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Popular, señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día a todas e a todos.

Grazas, presidente.

A min vanme permitir que as miñas primeiras verbas sexan para o conselleiro, para agradecerlle que viñese comparecer a este Pleno explicarnos cal vai ser a liña a seguir nas novas competencias que asumiu á fronte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Conselleiro, vendo as medidas que nos acaba de desgranar —conteillas, máis de corenta en 35 minutos— eu estou convencida de que vai deixar a pel para traballar por Galicia. (*Aplausos.*) Enténdame que cando digo Galicia digo Ourense, A Coruña, Lugo e Pontevedra; as catro provincias. (*Aplausos.*)

Deixar a pel é ratificar o compromiso que este Goberno, que se presentou a unhas eleccións o pasado 18 de febreiro, adquiriu con todas as galegas e os galegos —os ourensáns, os lucenses, os coruñeses e os pontevedreses—, con toda Galicia. E, dito isto, e aínda que repetido mil veces, eu quero incidir, porque nunca é suficiente: a mellor política social que pode ter un goberno é fomentar a creación de emprego e fomentar a creación de emprego de calidade.



Esa foi unha das premisas fundamentais coas que o Goberno do Partido Popular de Galicia actuou durante todos estes anos. É unha premisa coa que conseguimos que a tendencia da nosa comunidade sexa de mellora ano tras ano, péselle a quen lle pese. Son datos do Ministerio de Traballo, señorías, non son datos do Partido Popular. Cada ano mellora a situación do mercado laboral e do emprego na nosa comunidade.

E, ademais, hai algún dato máis moi clarificador. Vostede deu datos do modelo do Partido Popular e do presidente Alfonso Rueda fronte ao modelo do Bipartito e do presidente Sánchez. Vostede, conselleiro, mencionou a cifra de ocupados; eu vou darlles a cifra do paro rexistrado. En abril do ano 2009, no fin do Bipartito, as persoas en situación de desemprego eran 210.662. Hai algún deputado ao que lle pega a risa, pero vaille pegar máis cando lle diga que en abril do ano 2024, co Partido Popular de Galicia no goberno da Comunidade, son 126.000 persoas, a cifra máis baixa en 28 anos e 100.000 persoas menos das que tiñan vostedes. *(Aplausos.)*

Miren, daba a señora Rodríguez Dacosta, e despois facíao o señor Fernández, varias cifras —eu non fun capaz de seguilas— dos millóns de euros que, segundo os socialistas e o Bloque Nacionalista Galego, deixamos sen gastar en todos estes anos. Pois cos datos que lle acabo de dar, entón o Goberno galego, se non inviste, fai maxia; non hai outra opción. ¡Temos a variña para facer maxia cos postos de traballo en Galicia!

Miren, outro dato: en abril —porque non fai falla irse ao Bipartito—, mentres a baixada do paro no conxunto de España foi de 4,3 puntos, en Galicia fíxoo un 9,3 por cento. Galicia neste último mes baixou o paro máis do dobre que en España, e por colectivos prioritarios na mesma liña. Voulles dicir onde está a diferenza. *(A señora Pérez López amosa un documento en cada man.)* A diferenza está en cando un aplica políticas efectivas, señorías, ou cando só se fan promesas. Menores de trinta anos, en Galicia baixa o paro un 11,47 por cento cos últimos datos; en España, un 8,26 por cento. Canto ás mulleres —que falamos delas o pasado pleno, señorías, que deixamos aquí claros todos os datos e que son favorables a Galicia—, o mes pasado en Galicia baixou o paro nas mulleres un 10,14 por cento; en España non chegou a 2 puntos de baixada, un 1,82 por cento. ¿E poden dicirme que é un dato illado? Poden, poden dicirme o que queiran. Pero non o é, señorías; marca unha tendencia dende hai anos.

A min non me gustaría que tomasen isto nin como un ataque a ninguén nin como un alago gratuito á xestión do Goberno galego. Pero é que, a verdade, empezamos a estar un pouco cansos de que na crítica ao Partido Popular —eses legados, eses datos e iso todo— deslicen unha imaxe de Galicia, das oportunidades de Galicia e dos galegos, que non é real. *(Aplausos.)*

Os galegos coñecen a realidade, saben que en Galicia hai futuro e saben que en Galicia hai un Goberno traballando para poder ofrecérllelo. *(Aplausos.)* E unha evolución positiva do emprego —que a vostedes sei que non lles gusta— non é boa para o Partido Popular; unha evolución positiva do emprego

é boa para os galegos e para as galegas e é boa para Galicia.

Dicía o conselleiro hai un momento que temos que seguir mellorando e, desde esta bancada —eu creo que desde todas as bancadas—, concordamos plenamente con esta afirmación.



Polo tanto, cero autocompracencia. Decía, ademais, como se ten que facer esa mellora e, lóxicamente, ten que facerse da man do diálogo social. Facía tamén mención á colaboración público-privada, porque todos os que estamos aquí sabemos —aínda que despois a algúns lles interese vender outras cousas dependendo do momento— que non son os gobernos os que crean emprego. Os gobernos son os encargados de poñer en marcha políticas que dean confianza aos emprendedores, políticas que dean confianza ás pemes para que invistan nun territorio. Os gobernos son os encargados de darlles facilidades aos autónomos e ás empresas e non os de poñerlles trabas.

Por iso, conselleiro, ao Grupo Popular parécenos imprescindible apostar por esa estratexia galega de emprendemento baseada no mercado, porque nos vai permitir seguir acertando no futuro, seguir xerando emprego de calidade e cubrir as necesidades reais do noso territorio, tanto as das persoas que están a buscar un emprego como as do noso tecido produtivo.

Tamén nos parece imprescindible seguir apostando por ese mapa de emprendemento. Son necesarias a transparencia e a información máxima para todos aqueles que decidan emprender en Galicia. Os polos para facer ese acompañamento —a pesar de que aos grupos da oposición sabemos que non lles gustan— desde que se iniciaron —aínda non chegou a dous anos— atenderon preto de mil oitocentas iniciativas empresariais. Tamén son imprescindibles as liñas de axuda que degrañou, que son tan necesarias en tantos momentos tanto para apoiar os investimentos como para consolidar as propias iniciativas.

Parécenos imprescindible incidir no emprendemento e no apoio ao emprego, porque é un emprendemento ligado ao noso territorio e que, ademais, dá apoio ás persoas traballadoras autónomas, porque, aínda que non o pareza, precisan sentir nestes momentos o apoio do Goberno galego. Porque os autónomos do noso país, señor conselleiro, son os grandes olvidados das políticas do Partido Socialista, que agora mesmo están a ser apoiadas polo Bloque Nacionalista Galego. Podémoslle dar mil voltas, pero están asfixiados por unha subida de prezos descomunal e por unha presión fiscal sen precedentes como nunca se viviu no noso país. Por iso precisan sentir, nestes momentos, ese apoio do Goberno galego.

Vou cambiar de terzo, porque me queda moi pouco tempo. E aínda que hai moito traballo feito, quédanos aínda moito por facer, sobre todo, ante un mercado laboral tan cambiante e que presenta cada día grandes retos e grandes desafíos; sobre todo, en materia de empregabilidade e para cubrir as demandas do noso tecido produtivo. Estes son retos para o futuro que requiren de novos instrumentos. Eu quería facer fincapé na ferramenta EMI, da que vostede tamén falou e que se enclava dentro dese proceso de modernización dos servizos públicos de emprego. Decía a señora Rodríguez que acabamos cos programas do Bipartito e non implantamos nada novo. Isto é un bo exemplo, ¿non?

O señor Fernández falaba da necesidade de cadrar esa oferta e esa demanda, pero hai un ano, cando se anunciou nesta Cámara o inicio do proxecto piloto para intentar traballar cos perfís das persoas desempregadas e casalos coas ofertas vacantes en tres oficinas de emprego galegas, a anterior conselleira de Emprego tivo que aguantar as críticas dos grupos da oposición. Está recollido no *Diario de Sesións* desta Cámara. (*Aplausos.*) Hoxe pídennos unha ferramenta, pero daquela, señorías, dicían que estabamos a sinalar as persoas desem-



pregadas e a culpabilizalas da situación de desemprego. O de sempre: se facemos porque facemos e, se non facemos, porque non facemos. Un ano despois dese anuncio, vostede acaba de confirmarnos que están operativas en 54 oficinas de emprego. Ten o completo respaldo da bancada do Partido Popular, porque cremos que esta ferramenta vai ser un revulsivo para que moitas persoas teñan unha oportunidade laboral na nosa comunidade.

Unha boa oportunidade laboral tamén se pode ter no sector do comercio. Un sector que ten levado golpes moi duros nestes últimos tempos: a pandemia, a instalación de grandes superficies ou as vendas *online*; e que nestes momentos precisa de medidas e de accións específicas —falaba vostede da dixitalización e da innovación— para favorecer o seu desenvolvemento. Nós consideramos que foi un acerto incluílo na Consellería de Emprego, e máis cando, despois da súa comparecencia, podemos deducir que hai un plan de intervención sólido no eido do comercio cunha base orzamentaria seria para impulsalo e para dinamizalo.

Quédame moi pouco tempo e non quería rematar sen falar do Programa Retorna Cualifica Emprego. Primeiro, porque Neira Vilas dicía que sen o relato da diáspora Galicia estaría mancada. E, segundo, porque hai un vinte por cento de galegos residindo no exterior aos que o Goberno galego lles está a brindar a oportunidade de volver á casa e de incorporarse ao mercado laboral. Este programa é, ademais, unha forma de dar solución ao reto demográfico de Galicia. Se non o queren ver non o vexan, pero vai dar solución a ese problema que temos neste momento, non só en Galicia, senón no conxunto do Estado español.

Conselleiro, estas son medidas e accións para fomentar a empregabilidade que poñen no centro as persoas, que isto é moi importante; son medidas e accións que priorizan o apoio aos sectores e ás empresas; e son medidas e accións que tratan de favorecer un emprego máis inclusivo, máis igualitario e de calidade. En definitiva, traballo, traballo e traballo para que Galicia siga a ser unha terra de oportunidades.

Desexámoslle a maior das sortes, porque a súa sorte será a sorte de todos os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Son tantas as cousas que ten que dicir que vai quedar sen voz, señor presidente.

Antes de nada, para poñer un pouco no sitio esta réplica — señora Rodríguez Dacosta, nós xa estivemos nalgún outro momento debatendo noutro ámbito de competencias, pero os outros dous voceiros si que son novidade, polo menos no meu ámbito— eu o que lle pediría, ademais do bo ton que mantiveron dentro das críticas, que son sempre aceptables, é que fixésemos neste Parlamento algo máis que contrapoñer constantemente, senón que buscásemos apoiarnos uns aos outros, polo menos ao principio da lexislatura, para tratar de



mellorar os ámbitos de competencias de cada consellería. Isto dígollelo por esta consellería en concreto, pero a Xunta de Galicia é de todos os galegos e as galegas. Pasaron unhas eleccións, ganamos por maioría absoluta, estamos gobernando, pero eu creo que estas competencias, como as de todos os meus compañeiros do Goberno, son interesantes para aqueles que nos votaron a calquera dos que estamos aquí. Polo tanto, eu pediría que non buscásemos eses espazos comúns nos que sempre nos sentimos moi cómodos, quizais porque son máis fáciles de escribir, senón que tratásemos de progresar no que estamos facendo dende o Goberno. Eu acepto sempre, por suposto, a crítica —estou seguro de que vai habela na segunda intervención—, pero tamén me gustaría tratar esas cousas que puxen aquí enriba da mesa e que eu creo que se poden axustar e que, na medida do posible, vostedes poidan colaborar ao respecto.

Por exemplo, e por entrar nalgunha cuestión, o señor Fernández facía referencia ao comercio e dicía que estaba sistematicamente abandonado. Imos ver, eu o que digo é que se colocou o comercio nunha consellería que ten que ver tamén con emprego e emigración, e se vostede leu —supoño que non, pero dígollo eu— o decreto de estrutura, acábbase de reforzar esa dirección xeral. Se vostede quere dicir que isto é unha autocrítica e queda máis tranquilo pois fenomenal. Pero eu creo que fixen aquí unha declaración de principios moi importante sobre a transcendencia que ten o comercio polo miúdo. (*Aplausos.*)

Tamén, segundo o señor Fernández, fíxense, tomen nota, as plataformas dixitais non entran en Galicia. Porque só é Galicia o sitio onde desaparece o comercio polo miúdo con esa competencia que teñen de plataformas dixitais ou de centros comerciais. Se me permite, dentro desta análise que lle dicía antes de falar entre todos de forma construtiva, eu creo que o gran reto son as plataformas dixitais e, precisamente, esa capacidade de compra dende a propia casa, sobre todo, na xente moza. Quizais aí teñamos que facer tamén un traballo de pedagogía ao que, dende logo, cando deseñemos esa estratexia do comercio polo miúdo estaremos tamén atentos, para explicarlles aos mozos a importancia que ten que haxa comercios polo miúdo abertos no territorio. Eu no que si que acredito é que o descenso do comercio polo miúdo, señor Fernández, se produce en todas partes; non só en España, senón probablemente en toda Europa.

Fixen unha declaración de principios: hai que preocuparse, temos que preocuparnos moito máis dese comercio polo miúdo polo carácter vertebrador que ten —eu diría— non só nas cidades, senón nas vilas, nas cabeceiras de comarca. Vou falar dalgunha cabeceira de comarca; aquí hai moita xente, pero, Señor Ojea, vou citar algunha de Ourense para que vostede non se me queixe: Ribadavia, O Carballiño, Celanova... En calquera delas podemos ver hoxe os seus centros históricos con moita dificultade para ocupar eses locais comerciais e eu creo que hai que facer unha aposta importante nese ámbito. Apelo tamén ás súas aportacións, porque non é un tema sinxelo; non está resolto na maioría doutras partes do territorio e creo, por iso, que ten que ver co que dicía o señor Ojea na súa intervención inicial, que este é un traballo complicado. É certo, ¿non?

Falou tamén de que eu estaba dando declaracións bastante manidas. Tamén lle diría eu —polo que escoitei aquí, e por iso volvo apelar a que sexamos capaces de avanzar— que é bastante manido vir aquí co discurso da falta de execución e da falta de aposta porque



non se poñen os cartos suficientes ou porque non se suban as porcentaxes de execución. Eu son máis amigo, dende logo, de estar na análise da eficiencia do investido e non na de aquilo que non se executou. Se lle parecen poucos cartos os que estamos poñendo enriba da mesa, se eu, por exemplo, lle digo que neste ano levamos xa postos en ordes 205 millóns de euros e que somos a comunidade autónoma que máis avanzou nese tipo de apoio ao emprego, tamén poderíamos entrar aquí a retorcer as cifras.

Falaba tamén o señor Fernández disto de retorcer as cifras. ¡Claro! É que eu dou unhas cifras, vostede pode buscar outras cifras, a voceira do PSOE pode buscar outras ou a do PP outras diferentes. Pero o certo e a verdade —vostedes sábeno perfectamente— é que os datos e as cifras dentro da estatística laboral —que, como saben, é moi prolixa— están reflectindo unha evolución, unha tendencia positiva do mercado laboral de Galicia. Polo tanto, eu creo que imos na boa liña. Fíxense nunha cousa: cando dei os datos do paro e da ocupación do mes de abril eu non fixen ningunha mensaxe triunfalista, simplemente dixen que había unha tendencia positiva e que había que acollelos con prudencia. Do mesmo xeito, cando sexan malos, loxicamente teremos que ver como os podemos mellorar.

Centrándome máis alá da falta de execución orzamentaria e das cifras —como digo— das estatísticas e laborais, eu creo que é importante tamén unha cuestión que mencionou o voceiro do Bloque Nacionalista Galego e que ten que ver co apoio ás oficinas de emprego. Eu supoño que me prestaron atención na miña primeira intervención, pero creo que aí vostede parece que recoñeceu que era positiva a oferta de emprego pública para os orientadores laborais. Eu concordo con vostede, porque o orientador laboral debe ter un posto cunha certa estabilidade. Ademais, imos á liña do que eu trasladei, que é mellorar a formación deses orientadores laborais e, sobre todo, a súa motivación, xa que é un tema complexo, porque normalmente se enfrontan a un perfil de demandantes de emprego con certas dificultades de empregabilidade polo perfil. Eu creo nesa formación, tamén nesa estabilidade e, polo tanto, defendo —e non é unha cuestión miña, porque xa viña de atrás— que aquilo que se poida mellorar hai que melloralo, pero creo que podemos seguir nesa liña. Temos que, canto antes, rematar esa oferta pública de emprego, ter esa estabilidade nos orientadores e aí si que me gustaría incidir en dúas cuestións que tamén trasladou vostede, señor Fernández, e coas que eu estou bastante de acordo.

Primeiro, casar a oferta e a demanda. Quizais aí discrepamos en que nós apoiamos escoitar moito máis a quen oferta os postos de traballo, que son as empresas. Vostedes teñen algún tic relativo ás empresas difícil de conciliar coa crenza que temos dende o Partido Popular de que son as empresas as que crean emprego, pero si que é certo que temos que casar a oferta e a demanda. Pola vía da oferta, temos que mellorar a prospección, señor Fernández. Eu creo que aí, o uso —temos moitos datos— de ferramentas informáticas ligadas á intelixencia artificial non debería ser obxecto de discusión. Sorpréndeme o que dixó a voceira do Partido Popular, pero o certo e a verdade é que eu, neste mes que levo, xa vin funcionar a ferramenta informática e teño que dicir que ten moi boas perspectivas e que a xente, onde a estamos implantando, estaa acollendo con esa boa consideración ao respecto.

Porque volvo repetir que, dende o punto de vista da prospección, non é o mesmo ir empresa a empresa que tirar de datos que son analizados por unha ferramenta destas características.



Polo tanto, se melloramos a prospección e sabemos con máis certeza cales son as necesidades das empresas, a outra pata é o perfilado dos traballadores. Tamén a ferramenta de intelixencia artificial, a ferramenta EMI, facilita o perfilado aos traballadores. E, ¿como facilita ese perfilado —por trasladárllelo a todos vostedes, porque creo que é importante—? A través das entrevistas cos desempregados capta perfectamente cales son as súas habilidades. Aí eu diríalles unha cousa para min importante: os traballadores tamén teñen que asumir a capacidade de reinventarse, non estar sempre pensando en traballar naquilo que era a súa idea inicial. Con isto non quero dicir —e non mo tomen nese sentido— que teñan que asumir traballos de menor calidade, senón que hai que adaptarse ás necesidades do que demandan as empresas. A ferramenta o que fai é, pola vía da potenciación das habilidades dos traballadores, casar esa oferta e esa demanda.

Señor Ojea, dicía vostede que é un traballo complicado, pero eu creo que imos na boa liña pechando todo isto con outro elemento máis, que é a formación. Unha vez que detectamos esas habilidades e llo trasladamos ao traballador, deámoslle unha formación o máis axeitada posible para atender as demandas laborais.

Fíxense, nese ámbito eu tamén mencionei dúas cuestións que a min me parecen novidasas e que, dende logo, xa se están implantando en Europa e nas que nós temos que afondar, que son: menor rixidez e máis flexibilidade na formación. Isto é así, témolo que aceptar. Temos, por suposto, a formación profesional, a formación universitaria, temos os certificados de empregabilidade, pero temos que ser capaces de chegar a esas formacións de curta duración, a esas micro credenciais que nos permitan, na medida do posible, adecuar o máximo tamén as capacidades dos traballadores, as habilidades dos traballadores, ás necesidades das empresas. Polo tanto, eu creo que aí —señor Fernández, pero dígolles a todos os voceiros— temos puntos de encontro, porque vostede trasladou, dentro do seu discurso habitual —o do Bloque— da precariedade e de máis cuestións todas, unha liña na que creo que podemos traballar en conxunto. Agardo ao respecto as súas aportacións.

Dixo tamén que falaba das persoas con discapacidade mencionadas de pasada. Ben, eu puxen aquí unha expresión que non vou ler, pero eu falei suficientemente da economía social. É certo que neste mes que levo foi a terceira pata que toquei en reunións. Teño máis na cabeza algunhas das modificacións que podemos levar a cabo. Eu concordo totalmente tamén con vostede, fíxese, en que o obxectivo ten que ser non que as persoas con discapacidade estean traballando en centros especiais de emprego permanentemente, senón que se vaia cara a súa integración. Este é un obxectivo legal. Pero o certo e verdade é que non está funcionando ben. Non é unha cuestión da Xunta de Galicia, senón que tamén na análise que estamos facendo con eles teñen que pensar como mellorar o seu funcionamento os centros especiais de emprego e o propio Goberno central, que se sabe que ten competencias nesta materia. Por certo, tamén quero dicirlles a todos os que están aquí que nós levamos as políticas activas de emprego, pero levámolas dun xeito bastante dirixido polo Goberno central.

Falou vostede —e isto si que non me gustou moito, señor Fernández— de que non mencionei a sinistralidade e de que non estamos a facer nada. Eu diríalle que temos aquí un instituto —Issga— que ten un moi bo funcionamento recoñecido. Por iso que ao mellor vostede non o valora tanto, que son as propias empresas que están traballando nese ámbito. Eu diríalle



que unha das miñas primeiras intervencións foi precisamente a presentación das guías para previr a sinistralidade no sector forestal de Galicia, un sector que coñezo eu ben e que, dende logo, na miña anterior responsabilidade impulsamos bastante todo ese traballo do Issga. Creo que todo se pode mellorar, pero creo que o Issga está facendo un bo labor e penso que non deberíamos faltar en moito ao respecto aos traballadores e ao propio persoal que conforma ese instituto, porque está facendo, como digo, un bo labor dentro dese ámbito no conxunto de Galicia.

Falou tamén da estrutura da consellería. Home, eu o de dicir que eliminamos a Dirección Xeral de Relacións Laborais, cando o que estamos é colocando relacións laborais na secretaría xeral, que ten maior rango, non acabo de entender moi ben esa cuestión. O que teño que dicir é que, dende logo, na Consellería para atender as relacións laborais está o secretario xeral, que se chama «de emprego e relacións laborais», pero tamén o conselleiro, apoiando, por suposto, todo aquilo que pola vía do diálogo evite esa conflictividade.

Temos cuestións, para min fulcrais, que teñen que ver tamén coa emigración. É a terceira pata desta consellería. Eu téñolle que dicir —creo que o dixó tamén a voceira do Partido Popular— que estou encantado coa repartición de competencias que temos aquí, porque creo que teñen moi bo empaste, están moi ben incardinadas; sobre todo, se me permiten, o comercio co traballo autónomo, porque —como sabemos— máis do noventa por cento deses 24.000 comercios polo miúdo son, precisamente, traballo autónomo. Eu daba antes as cifras: o 43 por cento deles, sen traballadores por conta allea.

Pero hai outra cuestión. Cando dicía o señor Ojea que todos os emprendedores emprenden fóra, aquí tamén hai moito emprendedor. Os datos van un pouco en contradición, quero dicir, porque temos a maior porcentaxe de autónomos de toda España e, ademais, —como lle dixen tamén— somos a quinta comunidade autónoma en comercio polo miúdo. Polo tanto, Galicia é unha terra de emprendemento, pero tamén Galicia é unha terra de oportunidades.

E unha das claves aquí, ademais de reter talento, é atraer talento. E, polo tanto, a nosa aposta é clara, a Estratexia Retorna ten diferentes patas, pero imos centrarnos —e por iso emigración está nesta consellería— no Retorna Cualifica Emprego. O noso obxectivo é que veña xente, se ten a maior cualificación posible moito mellor; que veña xente descendente de emigrantes, que retorne aquí con postos de traballo ou a facer emprendemento. E, para iso, imos afondar —como digo— na estratexia, mellorando aínda máis a selección en orixe, dando a formación que sexa necesaria, buscando o compromiso das empresas que dean eses postos de traballo ou asesorando dende o principio cales son os emprendementos, os negocios que máis interesan en Galicia.

Non sei se de todo o que lle contei non se deu contra tamén de que imos polas comarcas para, a través precisamente desa prospección, fixar tamén cales son os negocios que nos interesa manter e que, por problemas de remuda xeracional, poden ter que pechar.

Nesa liña, eu creo que é importante —e tamén é outra cousa que trasladei— solventar todas as necesidades básicas daqueles que, a través do Retorna, queiran volver a Galicia. Mencionei dúas que xa se están solventando, porque pasa aquí, non só respecto aos retornados, senón



respecto de calquera outra persoa. E quero destacar que ademais é a sanidade e a educación dos seus fillos, pero temos que incidir tamén na vivenda. Temos que darlles a aqueles que van retornar todo o que cubra as súas necesidades básicas, e eu creo que a vivenda é unha parte importante. Por iso, imos tamén tratar —por razóns, se me permiten, de cohesión territorial— de colocar ese retornados no conxunto do territorio; non só nas cidades, senón no conxunto do territorio.

Pero por dar algunha cifra tamén, porque se non quedamos sen estes datos e creo que son importantes. No período de vixencia da Estratexia Galicia Retorna 2020 temos acreditado con datos do Instituto Nacional de Estatística que volveron a Galicia máis de trinta mil persoas. Pero é que no ano 2023, tamén con datos do INE, temos un saldo migratorio positivo: 27.251. Desculpen, son do 2022, os datos de 2022. É a cifra máis alta da serie histórica, 27.251 persoas. *(Aplausos.)*

Señorías, en Galicia hai un problema de envellecemento. tamén entre outras cousas e outras razóns, porque temos unha sanidade extraordinaria que fai que vivamos moito máis que noutros territorios. Se queremos reverter a pirámide demográfica, dende logo temos que traballar coa xente que poida vir de fóra. Polo tanto, eu creo que dar un dato destas características debería alegrarnos a todos os que estamos aquí. Pero, se me permiten tamén, dentro deses 27.000 hai 8.000 que son galegos e galegas do exterior. É dicir, é un dato tamén transcendente. Se atendemos usando o saldo migratorio acumulado, dende o ano 2009 hai un saldo positivo de 86.000 persoas; é dicir, marcharon 374.000 pero, pola contra, volveron ou viñeron 460.000. Tamén nos anos 2009–2021 entran en Galicia —este é outro mantra do Bloque Nacionalista Galego que se desbota cos datos— 20.000 mozos máis dos que saíron. Por certo, non sei se saben que o ano no que máis mozos saíron de Galicia foi precisamente o ano 2007. Polo tanto, eu creo que aquí estamos dando uns datos importantes, uns datos transcendentales. Pero permítame que lle diga que temos que afinar moito máis dentro da Estratexia Retorna ou Retorna Cualifica Emprego e por iso digo e fago tanto fincapé nel.

Remato xa esta quenda dicíndolle o que lle dixen ao principio: eu agardo que dentro deste ámbito de competencias que asumimos nesta etapa, que é emprego, comercio e emigración, sexamos capaces de ter un debate positivo, sobre todo digo —como dixen tamén ao principio da lexislatura— porque estou seguro de que así poderemos avanzar en cuestións que importan aos que nos votaron, aos galegos e ás galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Ojea, por un tempo de cinco minutos.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, ten unha boa fonte de información nesas empresarios que triunfaron no exterior. Aos que teñan intención de asentarse aquí, pódelles preguntar —é unha boa fonte de información de primeira man— que é o que teñen noutros lados do globo terrestre que



non teñen aquí que lles permita progresar, crear emprego e crear riqueza noutro sitio e non poder facelo aquí. Eu penso que se debería aproveitar esa grande información.

Polo resto, mire, no tema da execución dos orzamentos, ogallá quedasen os orzamentos completos sen executar porque non fixesen falta. Ou sexa, que a creación de emprego, que a creación de riqueza, que a que a economía funcionase de tal xeito que non tivese senso ningún destinar un presuposto a esa clase de cousas. Entón, se a falta de execución do presuposto destinado a esta clase de medidas quedase sen executar precisamente porque non fixese falta, e aínda máis, que non fixese falta prevelos nos seguintes orzamentos, pois aínda mellor. Quero dicir que eu tampouco vexo que gastar moitos cartos sexa garantía de solucionar o problema. Moitas veces, por moitos cartos que se gasten o problema non se soluciona. Iso quere dicir que non se están gastando ben ou que non se está dando coa tecla axeitada. Entón, por iso non fixen unha especial mención ao tema dos seus orzamentos. Porque, se os seus cartos se gastan con eficacia, ás veces non fai falta executar o orzamento completo para resolver o problema; e viceversa, se os cartos non se gastan de xeito eficaz, por moito que se gaste o problema queda sen resolver.

No tema da formación vólvolle repetir que eses cursos de formación sexan realmente cursos cando fagan falta. Voulle dicir unha cousa: non é que moitos xoves non saiban buscar emprego, claro que o saben buscar, pero vano buscar fóra, que é onde o hai. Por moi ben que saibas buscar emprego, se non o hai, xa podes saber buscar que, onde non o hai, non o atopas. A proba está en que noutras partes si que o atopan. Entón, non debe ser tampouco por falta de formación á hora de saber buscar emprego, porque se o atopan noutros lados, noutros países ou noutras zonas é porque o problema non é que non saiban buscalo, o problema é que non o hai.

E quería desexarlle unha vez máis moita sorte. Quería recordarlle que a provincia de Ourense está especialmente necesitada de medidas que solventen esa clase de problemas. Falou do incremento de poboación en termos xerais na Comunidade Autónoma, pero vólvolle recordar que no caso de Ourense é ao revés. Entón, se por termo medio a poboación global crece e na provincia de Ourense decrece algunha razón hai. Ese nesgo terá algunha explicación ou algunha razón.

Nada máis. Quería dicirlle tamén ao presidente que coide ese... Bueno, el é médico, non lle vou dicir o que ten que facer.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Teño en conta iso. (*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas, non podo dicir máis hoxe.

Señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente. Señorías.

Ben, antes de comezar coas propostas en positivo e cunha análise en comercio —que antes non me deu tempo— e en sinistralidade laboral, quero dicirlle á señora Pérez, a portavoz do Partido Popular nesta materia, que ante a afirmación que dicía de que a administración non



crea emprego, ¿quen ten competencias nesta materia? ¿Quen forma os parados e paradas para que se incorporen ao mercado laboral? Ata o de agora non se facía unha formación adecuada a esas necesidades, algo terá que ver o Goberno galego. ¿Quen dispón dos fondos para pór en marcha as políticas activas de emprego? Vostedes. Entón, eu creo que responsabilidade de moitas facetas das que eu comentaba na primeira intervención, pois home, o Goberno galego algo, algo si que ten.

Entón, conselleiro, é certo que a sinistralidade laboral é un tema que nos preocupa. Eu tamén estou segura de que a vostede o primeiro, porque o aumento da sinistralidade laboral do 7,12 por cento en Galicia no último ano, con catorce falecidos en moitos accidentes graves, sei que vai ocupar o seu tempo. Pero os socialistas si lle pedimos unha especial incidencia nesta materia de sinistralidade laboral.

En relación ao comercio, sabe vostede perfectamente que a instrución dun prego autónomo na área de comercio é moi preocupante, díxoo vostede mesmo. O vinte por cento das pequenas tendas de téxtil pecharon despois da pandemia, perdéronse 2.200 postos de traballo. Os pequenos negocios de froita e verdura minguaron case un vinte por cento e o sector do comercio precisa dun paquete de medidas que poña en marcha o Executivo de forma inmediata. Vostede anunciaba algunha delas e nós esperamos que esas iniciativas teñan resultado.

(*A señora Rodríguez Dacosta amosa un documento.*) Hoxe mesmo na portada de *La Región*, xa que falamos de Ourense: «A crise do comercio local acaba con cinco tendas á semana.» Isto é o que di hoxe o periódico *La Región*. Pero noutros xornais xa dicía que Galicia perde once pequenos comercio ao día no mes de xaneiro deste ano. Por iso dámos a benvida a esas novas ideas en relación co comercio, e estaremos atentos a que se poñan en marcha.

Queremos, como lle dicía, ser propositivos na primeira comparecencia súa, señor conselleiro, e dar ideas que espero que, cando presentemos iniciativas, tamén nalgún caso sexan apoiadas por vostede. Que dea resposta ás necesidades dos demandantes de emprego en relación coa súa empregabilidade, favorecendo a rápida absorción aos cambios. Ata o de agora non o fixeron. Vostede sabía que había un desfase entre oferta e demanda no mercado laboral; que os galegos e galegas ata o de agora non confiaban no Servizo Público de Emprego de Galicia e tampouco as empresas, porque a intermediación laboral lograda coa que despois se procedía a esa ocupación non chegaba ao un por cento de intermediación. Que facilite a mobilidade profesional nun dos sectores máis castigados pola situación actual e noutros con necesidades de traballadores, que é esa problemática da que falabamos antes. E potenciar aqueles sectores emerxentes que ofrecen unha demanda de traballo.

Que afronte os novos desafíos, señor conselleiro, desas tres transicións —a dixital, a enerxética e climática e a socio-demográfica— e sobre as modificacións das que vostede é coñecedor que se están realizando de forma inmediata no noso mercado laboral, no mercado laboral galego. É unha oportunidade para a creación e emprego esta transición a esa economía descarbonizada. Que potencie a competitividade dos nosos sectores estratéxicos. Que facilite, conselleiro, a incorporación das mulleres a aquelas ocupacións nas que están subrepresentadas. Hai ocupacións nas que, como dicía antes, o sesenta por cento de ocupados son homes e o corenta por cento mulleres; ou máis.



Levamos moito tempo dicíndolles ás anteriores conselleiras que fomenten esta incorporación e que fagan plans para iso, con escaso éxito. Por iso pretendemos, señor conselleiro, que nesta nova andadura —para a que, como lle dicía, lle desexamos sorte— pois aposte tamén por incorporar as mulleres a estes sectores nos que están subrepresentadas.

Tamén para acadar o obxectivo do pleno emprego, nós consideramos precisa a participación de todas as administracións; tamén, conselleiro, da administración local, que ata o de agora está totalmente apartada, porque non se reunían os comités autonómicos e provinciais de emprego. Creo que é necesaria esa participación duns comités que están regulados por decreto e que teñen a obriga de cumprir.

Tamén lle propomos que faga un pacto institucional polo emprego verde e a competitividade. Aposte, conselleiro, por un emprego seguro e con dereitos. Vostede mesmo sabe que na Consellería de Medio Rural nós levabamos moitas iniciativas para esa estabilidade no emprego. Algunhas foron conseguidas, pero outras non.

Propoñemos a apertura dese diálogo social ao que vostede aludía, para propor ese pacto institucional polo emprego e a competitividade. É moi preciso que conte con todos os axentes sociais, cos sindicatos e tamén co sector empresarial. E, sobre todo, ese estudo que dicía as necesidades do mercado laboral. Levamos insistindo un montón: debe realizarse ese estudo con fin de elaborar a planificación. Vostede empezaba a súa intervención dicindo que a planificación era un eixo importante para o seu traballo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato— tanto nas anteriores competencias que levaba como nesta. Eu insisto nesa planificación: un plan de formación para novos perfís, formación —reitero— en competencias clave e un plan de choque de emprego xuvenil para diminuír esa fenda salarial.

Desexámoslle sorte, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Ben, non fixen mención na miña primeira intervención á problemática do emprego feminino. Vouno facer agora cun exemplo práctico, o conflito do convenio da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña. Doce mil persoas, na súa grandísima maioría mulleres, limpadoras que, segundo as táboas salariais do convenio para o ano 2023, non chegaban ao salario mínimo marcado para este ano 2024.

Ese convenio, esas táboas salariais do ano 2023 tiñan que ser actualizadas no mes de xaneiro ao coñecerse a diferenza entre o IPC acumulado durante os anos de vixencia do convenio e



estas táboas salariais, que ascendía nada máis e nada menos que ao 9,8 por cento. E aquí produciuse unha situación que debería ter chamado a atención do Goberno galego. Na mesa dese convenio hai dúas asociacións patronais: unha provincial, de pequenas empresas, e outra estatal, onde están asociadas as máis grandes, as xa coñecidas Eulen, Fomento, Sacyr etcétera. A patronal provincial asumiu a súa obriga e actualizou os salarios. A patronal estatal, esas empresas máis grandes, esas empresas que vostedes coñecen, as amigas do Partido Popular, negáronse. Ademais, ameazan con bloquear a negociación do próximo convenio, que debería estar negociándose xa; de feito, desde xaneiro.

O BNG trouxemos unha PNC á comisión que instaba a Xunta a intervir e a lembrarlles a esas empresas a súa obriga de cumprir os convenios e defender o dereito fundamental á negociación colectiva. O Partido Popular votou en contra, porque hoxe precisamente hai convocada unha paritaria e todos agardamos que, por fin, a patronal estatal asuma a súa obriga.

Hoxe é 28 de maio, por certo a poucos días de que se celebre o xuízo que plantexara a este respecto e que todas as partes sabían que remataría cunha condena. Durante estes meses a Xunta, a autoridade laboral con competencia na Galiza, non fixo nada. Doce mil persoas, moi maioritariamente mulleres que non chegan ao salario mínimo, e a Xunta mirando para outra parte como se non fose con ela. E o PP votando en contra cando tivo ocasión. Ese é o seu auténtico compromiso co emprego feminino, coa fenda salarial e co combate da pobreza laboral e tamén coas pequenas empresas do país, porque a patronal provincial xa lle digo que estaba cumprindo desde o primeiro día. Para atender situacións coma esta, tamén estaría ben contar cunha dirección xeral de relacións laborais.

Pareceulle a vostede mal —e xa remato— que faláramos de sinistralidade laboral. Sen embargo, estou convencido de que cando dixo vostede que ía deixar a pel no desempeño das súas novas funcións, falaba figuradamente, ¿verdade? Se contase vostede coa posibilidade de que puidera ser así, igual non aceptaba o posto. Pois verá, os traballadores e traballadoras galegas teñen case o dobre de posibilidades de sufrir un accidente mortal que na maioría dos territorios do estado español. Un feito que, loxicamente, ten que estar presente nos debates neste Parlamento. *(Aplausos.)*

Hai que reforzar o Issga, señor conselleiro, hai que transferir as competencias de inspección, hai que facer política preventiva de verdade e non reactiva e hai que darlle a nivel institucional a importancia que ten. Ninguén, señor conselleiro, quere deixarse a pel no seu posto de traballo.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día de novo. Grazas, presidente.

Señor Fernández, non sexa demagogo coa iniciativa que debatemos o outro día na Comisión 3ª. Mire, primeiro, que vostedes non viñan pedir nada a este Parlamento que beneficiase as



mulleres afectadas polo convenio colectivo da limpeza da Coruña. Non viñan pedir nada, e vostede sabe perfectamente que nin este Parlamento nin o Goberno galego pode actuar se as partes non piden que actúe. Díxenllo o outro día e repítollo hoxe, ten que empezar a darse conta diso. *(Aplausos.)*

Mire, ¿sabe o que lle molestou, señor Fernández, do outro día? Que cando chegamos á comisión ningún dos dous grupos da oposición se enterara de que para hoxe estaba convocada unha comisión paritaria. Señor Fernández, iso foi o que lle molestou a vostede. Teñen un sindicato ao servizo do partido e nin sequera os informou de que estaba convocada esa comisión paritaria. *(Aplausos.)* Non fagan demagogia coa votación do Partido Popular, porque vostedes non viñan pedir nada para as mulleres afectadas polo convenio da Coruña.

Nesa intervención eu díxenlle que todos os medios estaban á disposición da Xunta de Galicia, pero repítolle: teñen que pedilos as partes. O seu sindicato formaba parte desa negociación. Señor Fernández, non sexa demagogo.

E non sexan demagogos tampouco co emprego feminino. Falamos no anterior pleno do emprego feminino. Díxenlle que empezabamos mal porque retorcían os datos e hoxe volvéronos retorcer de novo. E moléstame, porque queren liderar o apoio ás mulleres e non o lideran. O apoio ás mulleres líderase cando un traballa por elas.

Miren, señorías, voulles dar dous datos. Ao final do Goberno bipartito a fenda na taxa de actividade entre mulleres e homes era do dezaseis por cento; no día de hoxe é dun oito por cento, señorías. Eses son os datos e aí está o traballo. O salario medio, do que tamén falaba o señor Fernández, en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(A señora Pérez López amosa un gráfico e sinala diferentes partes del.)* Miren, aquí estaba a diferenza entre as mulleres e homes, e aquí está hoxe esa diferenza. Nesta gráfica pódeno ver, señora Rodríguez.

Miren, dicía o conselleiro que quedaba moito traballo por facer, e eu díxenlle que cero autocompracencia. Eu sei que non cren os datos que lles damos desde o Partido Popular, pero o certo é que están a reflectir unha tendencia positiva.

E, como non nos cren a nós, vanme permitir unha brincadeira. *(A señora Pérez López amosa un documento.)* Miren por onde, o señor Caballero, socialista de pro, está a recoñecer o traballo do Goberno galego en materia de creación de emprego: «*Caballero reivindica la situación excepcional del empleo en Vigo*». Como o Concello de Vigo non ten competencias en materia de emprego, supoño que unha parte do Partido Socialista está a recoñecer o bo traballo que está a facer a Xunta de Galicia. Eu díxenlles que era unha brincadeira.

Mire, señora Dacosta, falaba vostede dos certificados de profesionalidade. Nós cremos que tiveron unha finalidade moi clara nun momento, pero falabamos hoxe do mercado cambiante, do mercado laboral e da situación tan cambiante que temos día a día. Eu creo que o Goberno galego ten que apostar no día de hoxe por dar unha formación moitísimo máis áxil e nestes momentos é o que está a facer, no que seguirá a traballar e no que seguirá a investir nestes momentos. Hai unha formación moito máis adaptada ás novas tecnoloxías e á transición verde que se está levando a cabo. Niso están a traballar nestes momentos e eu penso



que ese é un paso tamén que se ten quedar desde o Estado español: actualizar esa formación ás necesidades cambiantes do mercado laboral.

Señor Fernández o Issga incrementou o seu orzamento no ano 2024. Non entendo a que veu o de hoxe. Ademais, voulle dicir outra cousa: o Issga incrementou o seu orzamento no ano 2024, e non precisamente grazas a vostedes, que votaron en contra deses orzamentos, tanto uns coma outros.

Remato xa. Quería rematar co Retorna Cualifica. Esta bancada si considera que pode ser un bo programa para volver traer a Galicia ese talento que, nalgún momento, hai moitos anos escapou, volver traer a Galicia ese vinte por cento de galegos que viven fóra e poder dar tamén unha solución ás empresas do noso territorio e loitar contra o reto demográfico.

O conselleiro falou de saldos vexetativos e deu datos do primeiro ano de funcionamento do programa Retorna Cualifica Emprego. Eu quería engadir dous datos máis: a media de idade da xente que retorna é de 39 anos e un cincuenta por cento desa xente está traballando nas contornas rurais. Eu creo que estes datos son moi importantes para Galicia.

Tamén quero facer dous apuntamentos, porque, cando debatemos os orzamentos aquí, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego pretendían borrar e vaciar este programa dos orzamentos da Xunta de Galicia, ningún dos dous grupos quería que ese programa se implantase. Ademais, nesta Cámara, cando trouxemos aquí iniciativas pedindo favorecer a integración persoal e familiar das persoas retornadas e pedimos que se axilizase a homologación de títulos, trámites e permisos de residencia e de traballo —que é un escándalo o que está a pasar hoxe nas oficinas de atención das comisarías do noso territorio—, o Bloque abstívose. Igual que se abstivo no Concello de Ourense, que retiraron unha iniciativa por non votar unha emenda do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...pedíndolle ao Goberno do Estado máis medios para atender a todas estas persoas, e o Partido Socialista votou en contra.

Señorías, eu o que lles pido —e xa remato, presidente—, vendo a súa forma de actuar, é coherencia, coherencia en todos os ámbitos, e que recollan o testemuño e a man que lles tendeu o novo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración. Pídolles coherencia, porque —como dicía o conselleiro— a aposta polo emprego ten que vir da man de todos os grupos representados nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías.

Ben, quizás, señora Rodríguez Dacosta, nesta segunda intervención, dos tres, si que entendín a vontade do seu grupo de colaborar —dixeramos— nestas cousas que estamos poñendo enriba da mesa. Eu apelo tamén un pouco á sensibilidade, xa que levamos un mes —creo— aquí, no que se puxeron xa proxectos que temos que ir levando adiante. Dixo o señor Ojea que nun ano, eu espero que antes dun ano, porque creo que ademais podemos traballar con proxectos piloto en cuestións que nos interesan bastante.

Señor Ojea, de verdade, concordo moito con vostede cando dixo que aquí o que temos que medir é a eficiencia do que gastamos, non tanto o que deixamos de executar. Vostede, que leva aquí pouco tempo, xa verá que iso é un mantra bastante recorrente, sobre todo dalgún partido que debe pensar que a oposición... —non estou falando de vostede, señora Rodríguez Dacosta—, o Bloque Nacionalista Galego debe pensar que a oposición é iso: sacar mantras e estar sempre contando as mesmas cuestións.

Pero, señor Fernández, no ánimo de seguir nun bo ton, ¿non?, eu diríalle que non se poña en dúbida aquí o compromiso de ninguén sobre tratar de atallar a sinistralidade laboral, porque creo que é un pouco excesivo, ademais para unha primeira intervención. Citar que na miña primeira intervención non falei de sinistralidade laboral e agora dicir que eu me comprometín a poñer todo o meu esforzo na consellería, ben, creo que non vén ao caso.

En todo caso, o que si digo e repito —como dixo tamén a voceira do Partido Popular— é que o Issga creo que é un organismo, unha entidade que está traballando ben no sentido proactivo. Temos, evidentemente, unhas cifras de sinistralidade que non nos gustan a ninguén, e eu comprometo, dende logo, todo o esforzo posible para poder atallar esta problemática, que é unha problemática fundamental dentro do ámbito da consellería, para que quede claro.

En canto ao emprego feminino, tamén deu datos máis que suficientes a voceira do Partido Popular. Por poñer tamén algún organismo que non é a Xunta de Galicia, a Axencia Estatal de Administración Tributaria di que no ano 2022 a fenda salarial entre homes e mulleres en Galicia é a segunda menor rexistrada en toda a serie histórica; ben, tamén é un dato que está aí.

Quero dicirlles que eu non quería, hoxe, nesta comparecencia, enunciado todo o que estamos facendo nos diferentes ámbitos de traballo, senón buscar unha postura máis propositiva —dixeramos—, de novidades, pero teño que dicirlles tamén que neste ano 2024 temos convocado un plan para a formación e a contratación de mulleres en sectores masculinizados, que adoitan contar con salarios maiores que os tradicionalmente femininos; son 2,25 millóns de euros para continuar precisamente evitando esa fenda salarial.

Dúas cuestións que se mencionaron. Outra vez o tema do emprendemento. Imos ver, eu creo que temos unha necesidade moi importante no territorio galego —nas cidades, pero tamén fóra das cidades— de promover ese emprendemento; para min —como xa dixeran— está moi ligado tamén á perda de comercio polo miúdo. Temos un problema clarísimo de remuda xeracional, e aí temos que ser capaces de acertar.



Fíxense: temos un elenco de apoio ao emprendemento —cando falamos do orzamento e cando falamos de entidades—. Puxemos en marcha, ao pouco de chegar eu á consellería —foi o primeiro acto que estiven presentando precisamente—, o mapa do emprendemento, que dá que hai 160 entidades apoiando o emprendemento.

Hai aquí xente das universidades que sabe perfectamente do que falo, porque hai emprendemento ligado ás universidades, hai emprendemento ligado ás diferentes administracións públicas, ás deputacións, aos concellos, en maior ou menor medida, á propia Xunta de Galicia, e hai entidades privadas. Eu creo que aquí temos que traballar na especialización dese apoio ao emprendemento e creo que os polos de emprendemento van xogar un papel importante pola vía da coordinación.

Polo tanto, creo que esa ferramenta, xunto coas demais que ten a Xunta, ten que acertar no apoio e no acompañamento aos emprendedores. Se me permiten —e tamén como reflexión no tempo que levo e que estou vendo—, probablemente teñamos que acertar moito máis en apoiar o emprendedor na súa idea diferencial que en todo o que supón de acompañamento para ser empresario. No momento inicial é probablemente onde temos que estar, nesa idea orixinal que lle permite licenciarse e cubrir unha necesidade do mercado.

Na formación para o emprego —eu díxeno na primeira intervención e na segunda quenda e vouno repetir— hai unha falla de flexibilidade que temos que ser capaces de analizar. Eu non vou dicir hoxe aquí que todo é culpa do Goberno central. O certo é que aquí isto está moi regulado incluso a nivel europeo, pero eu creo que temos que flexibilizar, adaptarnos moito máis ás demandas das empresas para ser capaces de adecuar as habilidades dos traballadores unha vez detectadas. E repito que aquí, cando falei de reinventarse os traballadores, non digo que teñan que asumir empregos de menor calidade; antes o contrario, probablemente o que estamos buscando é sempre o obxectivo de que teñan ese traballo.

Remato xa. O comercio, para min —volvo repetir— é un elemento fundamental desta consellería, e volvo insistir ao respecto. Imos asumir a elaboración inmediata da estratexia que ten que ver co comercio, pero vexo diferentes dificultades, e estou seguro de que moitos dos que viven no territorio coincidirán no que podemos facer nas vilas e nas cabeceiras de comarca e o que podemos facer nas cidades.

Xa mencionei como puntos que van ser de aplicación inmediata a reformulación dos centros comerciais abertos. Hai que darlles un carácter máis integrador e non só estar pensando no ámbito comercial —aí vamos necesitar o apoio dos concellos— e, por suposto, dinamizar tamén as prazas de abastos como un elemento que pode coincidir con esa procura dunha proposta máis integral.

O Plan de remuda xeracional, que vai ter un carácter integral, vaise centrar, sen dúbida e de xeito moi importante, no comercio.

Polo tanto, con todos os datos que dei, consciente tamén da situación de Galicia, e unha vez analizadas as nosas necesidades e as nosas fortalezas, eu creo que temos capacidade, seño-



rías, para continuar a traballar e, por suposto, para activar novas iniciativas de cara ao futuro.

Imos seguir, por suposto, confiando no diálogo social como base para configurar unha boa dinámica en canto ás relacións laborais en Galicia, baixo a premisa da economía social, motivando o emprendemento e a creación de emprego. Tamén, por suposto, o traballo autónomo, impulsando a formación para o emprego, que debe de ser, sen ningunha dúbida, a base sobre a cal se constrúa o noso futuro económico.

E o que resta é traballar, como sempre facemos, señorías, con cabeza, criterio e corazón; tendo sempre presente o que significa un gran, que, sementado coa determinación suficiente, agocha nel un millar de oportunidades, todas elas ventás ao noso futuro máis próspero, porque contar con máis dunha oportunidade significa ter máis dunha posibilidade de éxito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto 2, as mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi bo día, señorías.

Que existe un aumento desproporcionado do prezo da vivenda é un feito, porque os salarios non medran nin de lonxe ao ritmo que o fan os alugueiros ou as hipotecas, e que alcanzamos xa uns prezos insostibles e incompatibles coa capacidade económica dos fogares tamén é un feito. Nunha cidade como A Coruña o prezo medio está xa nos 655 euros mensuais; iso significa que hai que ingresar aproximadamente uns 2.200 euros ao mes para que ese alugueiro non se eleve máis do trinta por cento dos ingresos, tal e como recomendan diferentes organismos. Pero nas cidades galegas o corenta por cento fogares non chegan aos 2.000 euros mensuais.

¿Onde está o dereito de todas esas persoas a acceder a unha vivenda?, ¿onde está o dereito de todas esas persoas, que cada día son máis? Porque cada euro que aumentan os alugueiros aumenta o número de familias que escollen entre comer ben ou pagar a vivenda.

O aumento dos prezos da vivenda e do alugueiro é un drama social, en primeira instancia, para quen menos ten, pero tamén é un problema xeral e de modelo económico. Cada euro que sobe o gasto en vivenda baixa o gasto no comercio, no lecer, en cultura. Hai unha maioría social que perde fronte a unha minoría rentista que gaña.



E esas son as dúas caras da mesma moeda. Unha mesma realidade comporta beneficios económicos para unha parte e, para outra, compromete dereitos fundamentais e reduce a súa capacidade de gasto e de aforro. E esas dúas dimensións son indisociables. O aumento de prezos ten consecuencias que hai quen prefere non ver. Concibir a vivenda exclusivamente como un ben de mercado é unha forma, unha estratexia, de invisibilizar esa outra dimensión, a da función social. Medir os éxitos da economía en relación coa suba de prezos da vivenda é miopía social calculada. Nunca escoitaredes falar a unha conselleira de Vivenda do Partido Popular de posibles efectos negativos do aumento descontrolado dos prezos da vivenda.

Tal é así que, na interpelación previa a esta moción, plantexamos apenas unha pregunta á conselleira: ¿considera que os actuais prezos supoñen un problema? Unha pregunta que pretendía establecer un consenso mínimo sobre a realidade que debemos abordar, un recoñecemento do impacto social que está tendo a escalada de prezos, porque despois podemos discutir sobre cales deben ser as medidas para lograr frear os prezos, pero primeiro, antes de nada, hai que ter a vontade de facelo.

Foi unha pregunta simple que foi incapaz de responder. Temos unha conselleira que non se atreve a facer fronte á principal preocupación para milleiros de fogares. Non houbo resposta. Na súa réplica apenas conseguiu trasladar un par de frases vagas do tipo: «a vivenda é moi importante para este Goberno», «son moitas as casuísticas que hai neste ámbito», sen realmente abordar ningunha. E, a continuación, deu un remexido de datos para tratar incluso de negar a existencia da burbulla de prezos, chegando incluso a asegurar que o prezo da vivenda baixou.

E para defender este delirio, esta realidade paralela e contraria ao que sinalan todos os indicadores e ao que a sociedade percibe con total claridade, fixo unha selección calculada de datos. Por exemplo, comparando os prezos da compravenda actuais cos do pico da burbulla do ano 2008, obviando que a burbulla actual está sobre o alugueiro e non tanto sobre a compravenda; é dicir, a burbulla da compravenda mudou en burbulla do alugueiro.

Tamén tratou de minimizar a presenza, cada vez maior, de grandes fondos utilizando como dato que só o tres por cento dos propietarios son persoas físicas no noso país, pero ocultando que ese tres por cento son propietarios xa do once por cento das vivendas que se alugan no noso país.

E incluso tratou de negar que existan zonas tensionadas no noso país, cando un informe do propio IGVS, baseado nos datos de fianzas deste organismo, asegura que ata 110 concellos do noso país poderían ser considerados como mercados tensionados e que todas as cidades galegas teñen zonas que cumpren cos requisitos para ser declaradas como tal.

Para a Xunta non hai ningún dato alarmante, non hai problema; ao contrario, todo vai ben grazas ás fantásticas políticas da Xunta. Esta foi a terceira pata do seu discurso: insistir na propaganda sobre o incremento do orzamento da Xunta en materia de vivenda, cando en realidade a aportación de fondos europeos sobe, pero o investimento propio da Xunta está en caída.

A estratexia da Xunta en materia de vivenda para os próximos anos consiste en agarrar ese flotador de investimento que vén condicionado por Europa en materia de vivenda pública,



que serve para fabricar algúns titulares con cifras que seguen sendo anecdóticas, pero mentres tanto, de fondo, continúan negándose a actuar fronte ao incremento de prezos e aos factores que o desencadean. Seguen negándose a actuar sobre a cuestión fundamental que delimita o umbral da accesibilidade.

A pregunta, en definitiva, era moi simple, sobre se considera a Xunta que o incremento de prezos é un problema. A resposta foi de frases baleiras, negación e gabanzas ás políticas dos últimos anos.

En definitiva, non, a Xunta non considera que exista un problema en relación co prezo da vivenda, porque gobernan apenas dende a perspectiva de quen tira beneficio deste incremento, apenas ven máis rendibilidade, máis plusvalías. Por iso non agardamos nada hoxe do Partido Popular, pero mentres vostedes están instalados no «non», «non hai problema», «non hai nada que facer», mentres, a xente merece que alguén traia a esta cámara a súa voz, que alguén recoñeza os seus problemas e os seus sufrimentos, e sobre todo que alguén se sitúe na procura de solucións.

Do Partido Popular hoxe non esperamos nada, pero sabemos que somos a esperanza de moita xente. Por iso, hoxe traemos a proposta dun gran pacto de país en materia de vivenda. Unha proposta ampla, traballada e detallada sobre como abordar de forma estrutural o acceso á vivenda, porque é posible equilibrar os prezos en favor de garantir o acceso á vivenda. Aquí que ninguén se confunda; ninguén dubida que os propietarios das vivendas van seguir obtendo rendibilidade, pero a cuestión é que non pode ser á custa de bloquear os umbrais de accesibilidade.

Neste gran pacto pola vivenda propomos algunhas medidas de choque como a limitación de prezos en zonas tensionadas. A lei estatal e o marco competencial, neste sentido, son moi claros: corresponde á Xunta de Galiza a declaración de mercados tensionados. Así que, deixen de esconderse, deixen de confundir a xente e saquen adiante, dunha vez por todas, esa primeira declaración de mercados tensionados de Galiza, como xa fixo a Generalitat de Cataluña, porque está nas súas mans. *(Aplausos.)*

Sabemos que esta medida ten un carácter conxuntural e que debe ir acompañada de medidas estruturais que actúen fundamentalmente en tres eixos:

O primeiro, con medidas estruturais sobre a propiedade da vivenda. Non existe ningún país do noso contorno que teña menor porcentaxe de vivenda en mans públicas; necesitamos incrementar o parque público de vivenda. Isto non se fai só mediante a construción de nova vivenda pública, senón tamén facendo que parte do parque construído pase a ser público. Por iso defendemos unha política de adquisición de vivenda construída que nos permitiría incrementalala de forma áxil e, ademais, permitiríanos avanzar para evitar a segregación espacial.

En segundo lugar, hai que cambiar a distribución dos usos das vivendas. Cada vez máis, os usos turísticos están colonizando máis porcentaxe do parque residencial. Por iso é vital pór límites e ordenar. A semana pasada, a Xunta emitía unha nota a raíz da reunión que mantivo



co ministerio na que se abordou precisamente este tema, onde aseguraba que Galiza era pioneira na regulación de vivendas de uso turístico. Pero ¿como poden dicir vostedes isto cando permitiron que se inscribisen vivendas de uso turístico que incumpren as normas urbanísticas, que son ilegais, e das que vostedes permitían a súa inscrición? Cando os concellos estaban tratando de pór normas e de ordenalas, vostedes non lles deixaban porque seguían dándoas de alta, e tiña que ser o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza quen lle recordase á Xunta de Galiza que eran actividades económicas contrarias aos usos permitidos. ¡Como poden dicir vostedes que son pioneiros! *(Aplausos.)*

Por iso, neste pacto pola vivenda propomos que acaben con esa política de barra libre e que inicien, dunha vez por todas, un proceso de control e de limitación dos pisos turísticos.

En terceiro lugar, o terceiro eixo da nosa proposta pivota sobre a actuación no parque de vivenda baleira. Temos un exceso de parque construído, pero está mal ordenado; necesitamos políticas eficaces para a mobilización da vivenda baleira. Non podemos esquecer, por último, que estas son medidas a longo prazo e que necesitamos implementar unha rede de protección a curto prazo.

Todos os colectivos que traballan atendendo situacións de exclusión residencial sinalan que existe unha falta evidente de mecanismos por parte da Xunta para abordar esta situación; por tanto, tamén necesitamos deseñar esa rede de protección.

Remato xa. Despois da interpelación temos aínda máis claro que non podemos contar co Partido Popular para un gran pacto de vivenda, pero a xente deste país sabe que pode contar co BNG para atopar solucións a esta crise da vivenda.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Ojea.

Déanlle voz ao escano do señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Non usarei a quenda, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Evidentemente que si se necesita en Galicia un pacto de país pola vivenda; é algo que o presidente Rueda manifestou no seu discurso de investidura, poñéndoo como prioridade



do seu novo Goberno. Na nosa opinión isto é a constatación do fracaso de quince anos do Goberno do Partido Popular, porque sería bo facer un balance previo do realizado neses quince anos.

As respostas da conselleira en contestación á súa interpelación no pleno anterior foron absolutamente decepcionantes. As cifras non corresponden coa realidade e non deron resposta ás galegas e aos galegos ao longo deses anos. Aínda peor: a conselleira non era consciente —na miña opinión— de que estaba a facer o balance dos quince anos e era tan exiguo que resultaba grotesco contemplar o seu triunfalismo.

A conselleira nesa interpelación utilizaba a estratexia favorita do PP: cargar contra as outras administracións. Cando o PP se orienta por esta vía, unha das súas preferidas son os concellos. Debe ser que, como só gobernan nunha das sete grandes cidades de Galicia, satisfailles dicirlle aos demais o que teñen que facer, sen responsabilizarse do que lle corresponde ao Goberno galego. Para presentar recurso contra a Lei da vivenda, o PP considérase depositario exclusivo da competencia de vivenda en Galicia, pero cando o seu balance é negativo, a culpa téñena os concellos da Coruña, de Vigo, de Pontevedra etcétera.

Estou seguro de que se gobernasen neses concellos, a conselleira non os mencionaría. O problema é que detrás de todo isto se atopa a incapacidade e a manifesta vontade dos gobernos de Feijóo e de Rueda para non colaboraren de forma leal con aqueles concellos onde non goberna o PP, sexan grandes ou sexan pequenos, porque en todos actúan igual.

Na Comisión 2ª desta cámara, celebrada o pasado 3 de maio, debatíase sobre as obrigacións legais nas instalacións de amianto. Alí, unha deputada do PP queixábase amargamente de que o Goberno de Pedro Sánchez lexislaba, pero non dotada economicamente os concellos para o desenvolvemento da norma. Iso é o que leva facendo o Partido Popular aquí durante quince anos. Que lle pregunten precisamente aos concellos, que son vítimas propiciatorias deste Goberno con esa forma de actuar; en xeral e en especial, co Fondo de cooperación local, conxelado na cantidade que deixou o Goberno de Touriño no ano 2009. Iso si, incrementando ano tras ano un fondo adicional que, por curiosidades da vida, sempre acaba en concellos gobernados polo PP.

O PP escudouuse na crise para non realizar vivenda pública en Galicia e non adoptar medidas tendentes a solucionar o problema do alugueiro. A conselleira seguiu coa táctica habitual do PP: a de non asumir que as competencias, neste caso, son exclusivas do Goberno galego. Tamén continuou ignorando a colaboración do Goberno de España; é moi curioso que cando os fondos os achega o Estado e cando non goberna alí o PP, ignórase de forma deliberada a procedencia destes e, sobre todo, a súa contía.

Podería facer aquí unha relación exhaustiva dos programas do Goberno do Estado, pero todo se resumiría nos 426 millóns de euros que o Goberno do Estado destina a Galicia entre os anos 2018 e 2025. Na contestación da conselleira non hai nin unha mención ao Goberno de España nin diferenza cando se trata doutras cuestións. Convén poñer en valor aquí os programas e as achegas do Goberno de España, porque hai que poñelos en contraste co orzado pola Xunta e a súa falta no grao de execución.



Por todo isto, fai falta un pacto de país, que os socialistas desexamos, porque consideramos que é o momento pola necesidade e pola dispoñibilidade dos fondos europeos. É o momento, pero, señora Fernández, correspóndelle ao Goberno galego dicirnos na práctica que pretende facer este Goberno e cales serán as súas actuacións concretas.

Coincido con vostedes nesta formulación inicial e cremos que os puntos esquemáticos que expoñen son pertinentes, pero seguro que serían algúns máis. Onde cremos que a súa iniciativa xa non se axusta ao que debería exporse, sobre todo, seguindo a continuación da exposición da nova conselleira, é nos epígrafes e puntos que hai que abordar en concreto. Sobre as cuestións específicas, algunhas son utópicas —por dicilo suave—, e entendemos que estes brindes ao sol non son nada bos, entre outras cousas, porque os toma como seus o PP, e iso debería facernos sospeitar a todos.

Miren: en política o realismo e ter os pés no chan; isto é moi importante. Pedir imposibles está moi ben para a galería, pero a realidade é outra, para todos o é, en todos os ámbitos políticos e en todos os gobernos. Son cuestións que a outros lles parecen fáciles, pero non son nada fáciles para os gobernos municipais. Maniféstoo así porque compartín tarefas de goberno na Deputación de Pontevedra con vostedes durante oito anos. Era parte do noso que facer diario superar dificultades para satisfacer a aqueles que vían todo moi sinxelo e con poderosos argumentos. Digo isto ao fío da petición concreta que fixeron vostedes a da cesión gratuíta da Sareb á Xunta. Unha idea xenial, marabillosa de poder conseguila, pero irreal.

Escoitei, señora Fernández, o seu discurso sobre a burbulla inmobiliaria, sobre o que nos custou aos españois, para ligalo a esa petición. Eu dígoille que oxalá non tivera que existir a Sareb, porque así non se darían circunstancias tan dramáticas para moitos españois. Expor esta cuestión é unha irrealidade equivalente a unha carta aos Reis Magos.

O Goberno do PP da Xunta de Galicia leva anos na confrontación política co Goberno de España, desatendendo gran parte das súas actuacións á colaboración institucional. Por iso tamén lle vale ao PP a cesión gratuíta da Sareb, pero o que lle temos que reclamar ao Goberno de Galicia é que desenvolva todas as súas capacidades de colaboración institucional.

Cremos, falando de vivenda baleira, que non pode tomarse este tema con carácter xeral, porque son moitas as circunstancias que se producen arredor dese fenómeno, e débese abordar dende unha perspectiva máis de atracción que simplemente de imposición.

Tamén abordan o relativo ás zonas tensionadas. Isto dá para un debate extenso e complexo, porque aquí a Xunta de Galicia, na súa modalidade de despexar o balón e asignarlles a outros as súas responsabilidades, volve facer abandono do que lle corresponde.

A Xunta de Galicia é a que dispón dos datos reais do mercado do alugueiro en Galicia a través das fianzas depositadas no IGVS e é quen debe ser proactiva á hora de analizar en que concellos se produce esta situación, pero, coma sempre, inverteuno. Sabe, señora Fernández, que nos responden unha e outra vez que ningún concello o solicitou. O exemplo de Cataluña é conceptualmente o exemplo do que non fai aquí o PP ao non asumir as súas competencias...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ FONT: ...e responsabilidades.

Conclúo como iniciiei: claro que é necesario un pacto de país pola vivenda e coincidirán comigo en que estamos á espera de que se pronuncie este Goberno, que, dado que non necesita cen días de cortesía, bo será que arranque con propostas concretas; para iso foron elixidos. Pero non queremos caer en apoiar enunciados que parecen moi sinxelos pero que non o son, porque crean un espellismo e falsas expectativas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Por iso reclamamos con urxencia propostas —conclúo— do Goberno de Galicia.

E a vostedes, coincidindo no básico, adiantarlles que o noso voto será a abstención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Popular, señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señorías, o primeiro que me gustaría destacar é que o Goberno galego, a través dunha política propia de vivenda, está a despreparar a Estratexia de vivenda pública e protexida aprobada o ano pasado cun orzamento de 250 millóns de euros. E aproveito tamén a ocasión para lembrarlles un par de datos: o orzamento do IGVS increméntase este ano nun 26,4 por cento, cerca dos cento setenta e oito millóns de euros; practicamente o corenta e cinco por cento dos seus investimentos resérvase a incentivar medidas de acceso á vivenda. Ademais, triplícanse os fondos, ata os 32 millóns, para construír setecentas trinta e sete vivendas públicas nas sete grandes cidades. (*Aplausos.*)

Señora Fernández, fala vostede de priorizar os investimentos para o desenvolvemento de solo público, así como a porcentaxe de vivenda pública. Eu aproveito para lembrarlle o Pacto social da vivenda de Galicia 2021-2025, a través do cal se está a xestionar solo residencial para vinte mil vivendas protexidas, e duplicarase o parque de vivenda, ata chegar aos oito mil inmobles ao final desta lexislatura.

Ademais, a estas debemos sumarllles preto doutras mil, procedentes de rehabilitacións a través do plan Rexurbe, axudas anuais aos concellos para a rehabilitación de vivendas, axudas a promotores privados para a construción de vivendas, que logo reverterán no patrimonio da administración pública, e as vivendas adquiridas polo IGVS á banca e á Sareb, por certo, que non foron gratuítas. Neste senso, alégreme comprobar que volven incluír a demanda á Sareb para que ceda os inmobles que ten en Galicia. Isto é algo que a Xunta leva facendo



anos e que os seus socios de goberno néganse a facer. O que sería moi de agradecer é que fixera esa reclamación en Madrid, non só aquí en Galicia.

Pero é que, ademais, o Plan de vivenda contempla unha serie de axudas para a promoción de aloxamentos de nova construción, orientados a novas modalidades residenciais, que se vaian destinar a alugueiro durante un prazo mínimo de vinte anos. A este programa a Xunta destina 14 millóns de euros do Plan de vivenda ata o 2025.

Finalmente, en canto ao que din vostedes de incrementar o parque de vivenda ata o cinco por cento das vivendas existentes na comunidade no 2040, este incremento suporía a dotación dun total de cincuenta e tres mil vivendas, cun custo aproximado de dez mil millóns de euros, case o orzamento anual da Xunta. O que suporía 700 millóns de euros ao ano, unha cifra fóra da realidade. En calquera caso, a Xunta traballa para acadar o maior número de inmobles, co obxectivo de incrementar o parque de vivendas ata acadar a maior porcentaxe viable no marco dun orzamento realista e planificado.

Di vostede tamén que se debe planificar a correlación entre usos residenciais e turístico, nos cales estamos de acordo. Galicia, si señora Fernández, é pioneira na regulación das vivendas de uso turístico, e puxo en vigor o regulamento no ano 2017. Pero os concellos —e nos concellos nos que vostedes gobernan— tamén poden limitar a implantación das vivendas de uso turístico. Non coñezo ningún concello nestes momentos que tomase semellante medida.

Galicia non é unha das comunidades autónomas con máis VUT, sen embargo foi das primeiras en abordar este tema. A Xunta de Galicia sempre estivo en diálogo e en colaboración coas administracións locais e co sector turístico, polo que está á disposición de facer as revisións necesarias respecto da regulación das vivendas de uso turístico, para que tanto as persoas que ofrecen estes servizos como as que contratan poidan facelo con garantías e con seguridade. Neste senso, a Comisión Normativa de Turismo de Galicia mantivo diversas reunións para avanzar nunha posible actualización do decreto para adaptalo á evolución das VUT en Galicia. Ademais, actualmente, o Observatorio da Vivenda de Galicia está traballando nun estudo sobre a influencia das vivendas turísticas no acceso á residencia.

Con respecto a fomentar a mobilización de vivenda baleira, que tamén comentaba, como ben saben vostedes os datos de vivendas baleiras publicados por determinados organismos non reflicten a realidade, pois moitas están abandonadas ou non reúnen as condicións de habitabilidade para seren ocupadas de forma inmediata, ademais de moitas outras que se atopan en municipios nos que non existe demanda.

Polo que respecta ás vivendas baleiras que poderían estar en alugueiro, os propietarios recean de sacalas ao mercado pola inseguridade xurídica provocada pola política levada a cabo polo Goberno de España nos últimos anos. Onte mesmo coñeciamos a noticia de que un ano despois da aprobación da Lei de vivenda hai case cincuenta mil pisos en alugueiro en España que desapareceron do mercado. Por este motivo, a Xunta aposta por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios de vivendas baleiras que se acollan ao Programa de mobilización de vivendas baleiras, con seguros de impago e multirrisco do fogar financiados ao cen por cento



polo IGVS, sen custo ningún para os propietarios, con asistencia xurídica gratuíta e con axudas para a rehabilitación ou mellora das vivendas, como as do programa Rehaluga.

Se precisamos unha maior oferta de vivenda no mercado, o que temos que facer é ofrecerlles aos propietarios incentivos e garantías, como está a facer a Xunta, e non impoñerlles limitacións e obrigas que os abocan a retirar esas vivendas do mercado, vendelas ou destinalas a outros usos. (*Aplausos.*)

En canto a impulsar a declaración de áreas tensionadas, a Xunta deixou claro desde o principio que non vai declarar de oficio zonas de mercado residencial tensionadas en Galicia, porque fixan obrigas que contribúen a desincentivar os propietarios e mesmo a reducir a oferta, e porque xa se demostrou noutros países que fracasou rotundamente. Pola contra, a Xunta considera que a mellor opción é incrementar a oferta de vivendas nesas zonas e, polo tanto, as medidas deben orientarse a estímulos, incentivos e seguridade xurídica.

O pasado mes de febreiro o Executivo central publicou o Índice estatal de referencia do prezo do alugueiro de vivenda, que poderá servir, se é o caso, para a declaración de zonas tensionadas e para fixar o prezo. Pero a limitación de prezos non se aplicará a todos os alugueiros existentes nesas posibles zonas, soamente a grandes tedores e a vivendas que levan máis de cinco anos sen alugar. Neste senso, cómpre indicar que en Galicia menos do catro por cento dos propietarios teñen cinco ou máis vivendas, e máis do trinta cinco por cento do total dos propietarios son pensionistas cuxos ingresos dependen, en parte, deses alugueiros.

Finalmente, e con respecto a establecer unha rede de garantía de acceso á vivenda, debo recordar que unha parte importante dos inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia son persoas que xa reciben axudas públicas; é o caso dos perceptores das axudas do alugueiro ou do bono social, que non causan baixa no rexistro.

En todo caso, a vivenda é unha das principais inquiredanzas dos galegos, e por iso a Xunta fai un grande esforzo por promover ou rehabilitar vivendas. De feito, a Xunta é a única administración que constrúe vivenda de promoción pública en Galicia, a pesar de que os concellos tamén teñen competencias neste eido.

E, señor Font, vou poñer un exemplo, aínda que sei que lle molesta polo que acaba de dicir: o Concello de Pontevedra agardou ata hai un par de semanas para pór á disposición do IGVS solo para a construción de vivendas protexidas, do cal nos alegramos, claro. Nunca é tarde se a dita é boa. Pero é unha pena que dispoñendo dunha parcela cedida de xeito gratuíta pola Xunta, na vez de construír vivendas, dedicouna a aparcamento. E agora o Concello renuncia ás súas competencias para construír as vivendas nesa parcela e prefire cederllas á Xunta de Galicia. É mellor non falar do Concello de Santiago.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Fernández.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Dende o Grupo Popular son incapaces de facer ningún tipo de lectura estrutural sobre o que está pasando. Ata agora foron os defensores de que todo isto se ía resolver grazas ao mercado, que por unha lei da oferta e demanda os prezos se regularían, e a realidade que temos é máis stock e nunca como agora houbo máis problemas de accesibilidade. E ninguén no Partido Popular se atreve a razoar minimamente como abordamos esta situación; insisten sistematicamente en negar o problema e repetir o decálogo de anuncios da Xunta.

Xa sabemos cales son as notas de prensa da Xunta de Galicia, o que lle estamos preguntando ao Partido Popular é se hai que facer algo con este incremento de prezos. ¿Algo do que dixo a portavoz do Partido Popular vai servir para baixar prezos? Non. Xa non hai máis preguntas, señoría. (Aplausos.) É que vostedes non teñen nin unha soa proposta nin unha soa medida para abordar o incremento de prezos.

Vostedes son os responsables de permitir que as vivendas de uso turístico se estean rexistrando de forma ilegal, son vostedes. E o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza estalles afeando isto. Das vivendas baleiras, vostedes din: non hai nada que facer porque as vivendas baleiras hai moitas que están en mal estado, nada; un programa inútil, que é o único que teñen, que non funciona, e é o que manteñen.

E en canto a modelo de vivenda do uso turístico nos concellos, sabemos cal é o modelo do PP: o modelo Sanxenxo, que é miles de pisos turísticos onde a xente non consegue un alugueiro para todo o ano. Iso está pasando en Sanxenxo e en moitos outros concellos do litoral. É un modelo fracasado que está levando á insustibilidade do propio sector turístico. (Aplausos.)

E en canto á declaración de mercados tensionados, son vostedes a incoherencia pura. Dun lado din: se declaramos mercados tensionados, non van servir para nada, porque que saiban vostedes que iso é aplicable aos grandes tedores, e ao mesmo tempo din: van vostedes levar á quebra a todos os pensionistas porque vai ser un terror. A ver: ¿aplícase só aos grandes tedores ou vaise aplicar a todos os propietarios? Non enganen a xente. Vostedes saben que a limitación de prezos só se aplica a grandes tedores.

Nós cremos que temos que abordar esta situación con mirada longa, temos que falar en clave xeracional. Creo que é importante este titular de *El Mundo*: «*Los jóvenes españoles son un 25 % máis pobres que en 2020. El ciclo inmobiliario ha ahondado en la brecha intergeneracional. Según el Banco de España, mientras la riqueza de los menores de 35 se hunde, la de los mayores de 75 años escala un 20 % gracias a la revalorización de sus casas*». A realidade estrutural da propiedade de Galicia dinos que os propietarios de media en Galicia teñen sesenta e dous anos, mentres a xente moza cada día tarda máis en emanciparse porque non conseguen acceder á vivenda, nin pola vía da compra nin pola vía do alugueiro.

As medidas do Partido Popular en materia de emancipación son absolutamente estériles, están todas orientadas á adquisición da vivenda, e aí os resultados. O ano pasado destinaron dous millóns de euros para dar avais da adquisición que non chegaron nin a cen mozos, mentres vostedes non quixeron incrementar nin un só euro para as axudas aos alugueiros



cando estaban denegando por miles as solicitudes desas axudas. (*Aplausos.*) Están privándolle á xeración moza de ter unha vida autónoma e independente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Remato xa, só a resposta ao PSdeG. Dous comentarios:

A primeira, que é unha mágoa que este novo PSdeG vaia absterse cando na pasada lexislatura aprobaba a maioría destas propostas. Sorprende escoitar o PSdeG xustificar a creación da Sareb por parte do Partido Popular. Que lle pareza utópico a cesión de vivendas da Sareb, cando foi un anuncio estrela do señor Sánchez, agora parece que é un espellismo de falsas expectativas. (*Aplausos.*)

E, en segundo, o programa Bono de emancipación da mocidade supón para o Goberno central un investimento de 200 millóns de euros para todo o Estado. Agora imaxinen o que se podería facer con 1.100.028 euros, pois darlle un futuro mellor á xente moza, e quizais de paso darlles un futuro en paz.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: E se isto é o que chaman utopía agora, estamos moi orgullosos de habitar nela. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois da parte resolutiva da moción, un novo punto 4:

<<4. Trasladar ao Estado español o seu posicionamento a favor da abolición da prostitución e, polo tanto, da necesidade dunha regulación específica dirixida a eliminar todas as formas de proxenetismo.>>).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno central que cumpra cos seus compromisos en materia de violencia de xénero coa nosa comunidade, e que pasan por:

1º.- Un maior financiamento para os cinco novos centros de crise 24 horas que se van crear en Galicia.

2º.- Dar resposta á demanda do Goberno galego de indemnizar ás vítimas de violencia de xénero que se viron outra vez agredidas como consecuencia da redución de penas pola “Lei de só si é si”.

3º.- A creación de cinco novos xulgados de violencia de xénero nas cidades de Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ferrol.

4º.- Reforzar os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado na protección e seguimento das vítimas de violencia de xénero, xa que están sobreesaturadas na súa actuación desde hai varios anos.>>).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como dicíamos hai quince días, a violencia machista é o problema máis importante que temos as mulleres nas nosas vidas, suframos ou non de forma directa ou indirecta esa violencia machista, porque, ao fin e ao cabo, o patriarcado é algo estrutural e transversal que condiciona absolutamente todos os aspectos da nosa vida.

Polo tanto, o lóxico sería pensar que iso, a violencia machista, debe ser unha prioridade para calquera goberno, tamén para o galego, e sobre o papel na teoría éo tamén para o Goberno galego. O que pasa é que no tránsito da teoría á práctica estamos a ver como cada vez, a nada que se rasque, é evidente que o Goberno galego, o Goberno do Partido Popular, está cada vez máis afastado dos consensos galegos que existían en materia de igualdade e de violencia machista. Un Goberno do Partido Popular cada vez máis atrapado nas súas propias contradicións, na súa etapa de radicalización cara á extrema dereita máis negacionista. Un Partido Popular que, como dicíamos hai quince días, neste mandato vai amosando a patina. Vimos como no discurso de investidura apenas ocupaba esta cuestión quince segundos do presidente da Xunta; vimos como se atreveron a aprobar un Consello da Xunta que incumpre a súa propia Lei de igualdade e que ten sentadas nas súas cadeiras menos dun corenta por cento de mulleres, e vimos tamén un Partido Popular banalizando a violencia machista, que cualificaba nunha nota de prensa oficial como erro unha agresión condenada por un tribunal.

Por riba, coñecida a nova estrutura do Goberno, vimos como estaban decididos a dar un paso atrás sen precedentes, despois de case vinte anos eliminaban o que foi o maior rango institucional das políticas de igualdade e suprimían a Secretaría Xeral de Igualdade. Degr-



daron esa área de goberno restándolle peso, restándolle importancia. Algo que, por suposto, non se atreveron a defender no debate de investidura nin a incorporar no seu programa electoral, e moitísimo menos a sometelo á deliberación ou consulta dalgún dos organismos de participación que teñen por lei, nin o Consello Galego das Mulleres nin tampouco sequera o Observatorio Galego de Violencia Machista.

Eliminar isto —insistimos— ten unha enorme capital simbólico, primeiro, porque se rebaixa a igualdade a dúas direccións xerais como se fosen compartimentos estancos, sen ter unha dirección común, que era o que había coa secretaría xeral, e por riba iso ten e vai ter consecuencias directas nas políticas, porque se rompe cun principio clave fundamental, que está ademais recollido na nosa lexislación na materia, que é a transversalidade ou o *mainstreaming* de xénero.

E sobre isto interpelamos hai quince días a área máis robótica do Goberno galego, e como era previsible vimos unha fuxida cara a adiante. Por iso está cada vez máis claro, pois encaixaron agora a Igualdade con Política Social, porque teñen previsto vostedes aplicar o mesmo piloto automático que con áreas tan sensibles como vimos na pandemia todo o que tiña que ver coas residencias ou máis recentemente con todas esas denuncias de inspectores de Política Social. Basicamente parece que están decididos a aplicar a mesma empatía e a mesma capacidade de escoita activa, que é absolutamente ningunha. (*Aplausos.*)

A conselleira non explicou por que o seu Goberno incumpre a Lei de igualdade, non explicou por que se rebaixa o rango institucional, non só iso senón que non ofreceu tampouco nada novo respecto da área de violencia machista que non sexa desenvolver pola mínima a lei e cumprir pola mínima o Pacto do Estado. ¡Só faltaba! É máis: lonxe de rectificar, a señora conselleira adoptou a habitual estratexia compunxida do Partido Popular de acusar de partidismo. Porque, claro, cando fala o Partido Popular é sempre ciencia e obxectividade, cando as forzas da oposición ou os colectivos sociais traen argumentos a este Parlamento que non se poden rebater, entón si é sempre partidismo.

Vimos aquí tamén un Partido Popular cunha realidade paralela, un auténtico exercicio de luz de gas. A conselleira díxonos que había que escoitar o tecido asociativo. Ben, insistimos en que o tecido asociativo deste país, máis de corenta colectivos feministas, o que pide é unha rectificación e que se recupere a secretaría xeral. Sobre a teoría estamos moi de acordo coa conselleira: hai que escoitar o tecido asociativo. Pois escóiteno e rectifiquen, pero non.

Na realidade paralela do Partido Popular suprimiron a secretaría xeral, e crear dúas direccións xerais é todo un avance. Veunos vender a moto de que estaban creando algo novidoso, ampliando o foco, cando é absolutamente mentira, porque o único que fan é suprimir unha secretaría para ter dúas direccións xerais, cando xa había dúas subdireccións xerais que se manteñen ademais no organigrama aparecido no *Diario Oficial de Galiza* de onte. É dicir, antes había un rango maior baixo o cal estas dúas direccións operaban, e agora xa non vai haber ese rango maior. É dicir, restaron peso, restaron importancia e por riba pretenden facernos crer que están facendo o contrario. Pero, desde logo, nós insistimos: non nos cremos esa demagogia, non nos tomen o pelo.



Basicamente, ese foi o balance da resposta da conselleira, todo un exercicio de medias verdades e de manipulación que non quedou aí, porque, evidentemente, a conselleira de Igualdade tiña que facer tamén o que fai cada minuto da súa asistencia o Partido Popular de Galiza, que é queixarse de algo que teña que ver co Estado, a ver se así centran as culpas noutros axentes: no Estado e no Bloque Nacionalista Galego, que tamén é xunto co Bipartito o maior culpable de todas as desgrazas do planeta.

Entón, tivemos que ver unha vez máis como viña aquí o Goberno galego finxir que fan o seu traballo e volveu manipular a realidade respecto dos xulgados de Violencia Machista. Por iso incorporamos na nosa moción un punto específico sobre esta cuestión, porque volvemos insistir en que o Bloque Nacionalista Galego estará sempre demandando —como sempre estivo neste Parlamento— estes xulgados exclusivos e excluíntes de Violencia Machista para o noso país.

Nós parabenizámonos de que, a diferenza do que aconteceu en numerosos episodios, por fin, o Partido Popular se sume a esta demanda. Pero insistimos en que fagan o traballo que ten que facer o Goberno galego no lugar de mentir e de manipular. (*Aplausos.*) Porque aquí afirmou a conselleira e escribiron na súa nota de prensa oficial que pediran estes xulgados, cando saben que é mentira. A Xunta non pediu na Comisión Mixta o Xulgado de Violencia para Ourense, a Xunta non pediu na Comisión Mixta o Xulgado de Violencia para Lugo, non pediu o Xulgado de Violencia para Ferrol e non pediu tampouco o Xulgado de Violencia para Pontevedra. Sábeno perfectamente, e deixen de mentir tan descaradamente.

Hoxe dámoslle ao Partido Popular a oportunidade de que, en primeiro lugar, rectifique e escoite as demandas da oposición e do feminismo galego, e recupere esa figura da Secretaría Xeral de Igualdade. Sería, desde logo, un xesto de boa vontade de que están dispostos e dispostas a chegar a acordos nesta materia. Pedimos en segundo lugar contundencia e que se reprobren as banalizacións da violencia machista que cualifican como «erro» casos demostrados e condenados de violencia machista. E en terceiro lugar pedimos que abandonen a súa deixadez de funcións, que fagan o que lles corresponde como Goberno galego e que soliciten de forma inmediata e formal ao Goberno do Estado a creación fóra da planificación ordinaria dos xulgados de Violencia sobre a Muller con competencias exclusivas e excluíntes nos partidos xudiciais de Ourense, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela.

En resumidas contas, cando queiran, señorías do Partido Popular, pasar das palabras aos feitos, como sempre pasou na historia deste país, o Bloque Nacionalista Galego estará do lado de calquera avance na loita contra a violencia machista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.



Bo día a todos e a todas.

Comezo a miña intervención mostrando o noso apoio a esta moción, por entender que contribúe a mellorar a situación de crise na que se atopa o Goberno galego en materia de igualdade nesta nova lexislatura.

E como nesta moción do BNG aparecían tres puntos ben diferenciados, pois vou intentar referirme a eles de forma ordenada e individualizada.

Así, comezando polo petitionado no primeiro lugar, xa manifestamos publicamente dende o Grupo Socialista no último pleno pasado que entendemos que a supresión da Secretaría Xeral de Igualdade é un erro gravísimo. Mellor dito: non é un erro, porque entendemos que foi unha decisión plenamente consciente e que se corresponde tamén coa falla de igualdade na nova representación do Goberno galego, pero si é gravísimo. É gravísimo porque supón un gran retroceso nas políticas de igualdade que se viñan aplicando neste país. E a verdade non é que Galicia fose un paradigma da loita pola igualdade, pero eran máis aceptables e estase a retroceder. E rebaixar á categoría de dirección xeral a loita pola igualdade supón non entender nada, pero nada de nada, porque sitúan as políticas da loita pola igualdade como algo illado, e non como o eixo sobre o que deben xirar todas as actuacións dun Goberno; algo que ten que estar presente en todas as áreas de toma de decisións, de planificación e de execución.

Que a igualdade teña unha entidade prioritaria no organigrama dun Goberno para nós é esencial; esencial para eliminar esas disparidades existentes entrambos os sexos e promover unha sociedade máis equitativa e, polo tanto, máis democrática. Porque, señorías do Partido Popular, non esquezan que mentres non exista esa igualdade real no eido salarial, no eido dos dereitos, da liberdade, e mentres as mulleres non esteamos representadas como corresponde, non poderemos afirmar que estamos nunha democracia plena.

E para acadar isto é necesario que a igualdade xogue un papel crucial nas políticas e accións dun Goberno, non que se atope illada cun enfoque de muller como colectivo vulnerable ao que hai que protexer, porque non somos ningún colectivo, senón máis da metade da poboación, nin temos por que ser mulleres vulnerables ou máis vulnerables que os homes, salvo esa vulnerabilidade que o patriarcado nos pretende impoñer.

É gravísimo tamén desvincular as políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, porque a principal e única causa da violencia de xénero é o machismo. Transmitir esa mensaxe, como dixo o director xeral da Violencia de Xénero, de que é un problema de saúde pública, non, señorías, non, os asasinatos machistas, os violadores, os que agriden as súas parellas ou exparellas non son homes que teñan patoloxías, son homes machistas. E o machismo non é unha doenza, senón unha forma de actuar que forma parte da idiosincrasia de moitos individuos, homes principalmente, debido ás desigualdades sistémicas que as mulleres vimos padecendo ao longo da historia.

E falando de violencia machista, reengancho con este segundo punto da moción, que aínda que non o digan expresamente na moción sabemos a que se refiren, á reintegración dese



edil, Matías González Cañón, no Grupo Municipal do Partido Popular da Illa de Arousa. Coñecemos hai un ano en plenas eleccións municipais e facíase pública a noticia de que esta persoa, que era candidato do Partido Popular pola Illa de Arousa, fora condenado por violencia machista por agredir a súa moza na rúa causándolle diversas lesións. Feitos ademais que foron probados e, polo tanto, obxecto dunha sentenza penal condenatoria. O PP da provincia de Pontevedra, ao coñecer a noticia, publicamente manifestou que descoñecía isto, e Rueda chegou a afirmar publicamente: «Celebradas as eleccións, sexa o resultado que sexa, non se integrará ao Grupo Municipal do Partido Popular». Pois ben, posteriormente resultou elixido e, polo tanto, tívose que constituír no Grupo Mixto nun asento como independente no concello.

Pero hai uns días a situación cambiou e coñecemos que o novo PPdeG volvía asumir que no Grupo Municipal Popular da Illa de Arousa puidera reintegrarse esta persoa. E dicía o comunicado que enviou a Agrupación Popular local e que asumiu o PPdeG: «Matías cometeu un erro e pagou por el. É unha persoa intachable, cun enorme caudal político, humano e social, e cunha implicación absoluta na loita pola igualdade e na erradicación da execrable violencia contra as mulleres». E engadían: «A súa vida caracterízase pola exemplaridade, a súa grande implicación social e o seu compromiso inquebrantable e irrenunciable contra a violencia machista».

Un «erro» e «exemplaridade» son manifestacións gravísimas e que non podemos tolerar, e supón un branqueamento da violencia de xénero inadmisíbel, que tira pola borda anos e anos de traballo. Unha persoa pública ten que ter un plus de exemplaridade, e a conduta deste agresor dista moito dese plus de exemplaridade. E creo que non é discutíbel a estas alturas que un home que agride fisicamente a súa moza causándolle a perda dun dente e diversas contusións, o último que é é exemplar.

E, señorías do Partido Popular, eu preguntome: ¿moito poder debe ter esa familia para que o señor Rueda e o PPdeG cedesen ás presións, readmitan esa persoa e asuman o dano que isto fai á imaxe do seu partido». ¡Moito poder ten que ter esta familia!

E, por outra banda, en relación co terceiro punto, o desleixo nas ferramentas de protección contra a violencia de xénero. A verdade é que cando coñecemos a noticia de que o novo director xeral era unha persoa da xudicatura, alegrámonos porque levamos unha lexislatura solicitando medidas en relación cos xulgados de Violencia de Xénero. Esta persoa que coñece de primeira man o funcionamento deles esperemos que atenda as nosas reivindicacións. E as nosas reivindicacións son esa análise e balance da situación dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero, non só os que coñecen de forma exclusiva. E posteriormente deste balance facer un plan para levar a cabo actuacións e adecuacións conforme os requisitos que establece o Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Porque de nada vale crear xulgados de Violencia, señorías, se despois van xerar eivas que teñen os xulgados actuais da Coruña e Vigo, por falta de medios persoais e de medios materiais. Porque poñemos un exemplo: se unha vítima de Ribeira leva a cabo a tramitación do seu procedemento por violencia nunha instrución de Ribeira dunha forma áxil e preto da súa casa, a vítima estará moito máis beneficiada que se ten que trasladarse ao Xulgado Cen-



tral de Violencia de Santiago, polo incremento económico que supón o custo de traslado e ademais das malas conexións existentes, e aínda por riba cun maior atraso por falla de persoal, como existe actualmente nos xulgados de violencia.

Por último, non quero deixar sen mencionar a nosa proposta de emenda, que é unha emenda de engádega, porque estamos moi enfadados, indignados e decepcionados co que aconteceu nas últimas semanas, é dicir, coa non tramitación do proxecto de lei no Congreso, que se plantexaba para acabar coas formas de proxenetismo. Nós entendemos que isto supón un abandono total do Goberno galego a estas mulleres, que están a ser escravas sexuais e instrumentos para o enriquecemento duns poucos — ¡duns poucos! —, pero, polo que se, ve con moito poder económico —con moito poder económico—; e, ¡bueno!, non vou dicir outra cousa.

En Galicia temos que dar exemplo e xa o fixemos...

¡Si!, podería mencionar a hipocrisía dalgúns partidos, que se cren progresistas e votan en contra, ou a hipocrisía do Partido Popular, que tamén tiña unha posición e agora mudou; ao mellor detrás desa hipocrisía hai moito [putero] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) tamén. Non só é a presenza dos *lobbies* —non o quería dicir, pero se a señora Prado ri, pois xa o digo—. (*Murmurios.*)

Por último, hai que dicir que en Galicia temos que dar exemplo. Xa o fixemos coa aprobación do primeiro Plan galego contra a trata; xa o fixemos no mes de outubro do ano 2022 aprobando por unanimidade unha PNL, na cal pediamos que se apoiase a tramitación da Proposición de lei para reformar o Código penal e para prohibir as formas de proxenetismo.

Pois ben, dado que o Congreso deu as costas a esta proposición de lei, espero que nós, os galegos, volvamos dar exemplo e apoiemos esta emenda que acabo de presentar, porque, señorías, mentres eu estou a falar aquí, centos de mulleres están a ser escravas sexuais no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? ¿Non me solicitou xa que ía pedir a palabra? (*Unha señora deputada: Cando remate o debate, por favor.*)

¿Como? (*Unha señora deputada: Que cando remate o debate.*)

¡Bueno!, pero pódolla dar agora tamén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Bueno!, eu se ma vai pedir... — ¡vamos ver!, hoxe tampouco podo eu explicarme moito—; se ma vai pedir, ¡pídama xa! (*Murmurios.*) ¡Adiante! (*Murmurios.*)



Non, pero estou... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, imos ver, ¿vostede solicitouna?

(Unha señora deputada: «¡No, no, no la solicité!».) Home, eu vinlle o xesto... *(Unha señora deputada: ¡Si!, díxenlle «voulle solicitar a palabra», pero como sempre a dá despois do debate, espero a que acabe o debate, señor presidente.)*

Bueno, imos esperar logo; non sei a que vén iso, ¡pero bueno! *(Un señor deputado: ¡Home!)* *(Murmurios.) ¡Home!, ¡¿como que home?! ¡Pero, por favor...!*

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, todos os membros desta Cámara coincidimos en que a violencia de xénero é o principal problema que temos como sociedade, e a loita contra a mesma só será eficaz se o facemos xuntas e xuntos. *(Aplausos.)*

A sociedade no seu conxunto, cos representantes públicos á cabeza, temos que traballar da man para conseguir o obxectivo de vítimas cero. Galicia é a segunda comunidade coa taxa de violencia máis baixa de España, é dicir, trinta puntos por debaixo da media, pero non se pode banalizar coas cifras. Mentres exista unha soa muller vítima de violencia de xénero, calquera cifra será un drama. A sociedade galega ten que saber, as mulleres galegas teñen que saber que non están soas nesta loita.

A comunidade galega é unha referencia a nivel estatal no ámbito lexislativo, na dotación de recursos ás vítimas e tamén na prevención. Temos unha Lei de violencia de xénero das máis avanzadas do Estado que, despois das reformas dos anos 2016, 2021 e 2022, recolle como violencia de xénero, entre outras moitas cousas, aquela sufrida por unha muller cando é sometida á trata ou que sufrise unha agresión sexual. Considérase, en todos estes casos, vítima de violencia de xénero e pode acollerse a todas as medidas que contempla a Comunidade Autónoma; algo que non fai a lei estatal, que só considera violencia de xénero a que se produce nunha relación conxugal ou fóra dela. Señora Castro, é competencia estatal que esta consideración que ten xa a norma galega mude no Código penal.

Galicia foi a primeira comunidade en poñer en marcha o Servizo de quenda de garda para as mulleres vítimas e os fillos menores; a primeira comunidade en ofrecer asistencia integral dos nenos orfos por violencia machista; a única comunidade que dá unha axuda mensual ás vítimas; a primeira en ofrecer vivendas tuteladas para mulleres vítimas que, ademais, teñan enfermidades mentais; e fomos unha das primeiras en recoñecer a violencia dixital e tamén a violencia vicaria. Ás veces foron iniciativas por proposta nosa; ás veces foron iniciativas por proposta dos outros grupos, pero traballamos todos xuntos para conseguir a unanimidade en beneficio das mulleres vítimas. *(Aplausos.)*

Miren, foron vostedes, os do Bloque e os do PSOE, os que racharon esta unanimidade, non votando a favor, a finais do pasado ano, da Lei de igualdade de Galicia; unha lei que avanza



nos dereitos na loita contra a violencia machista. En Galicia vostedes elixiron ir contra o PP, elixiron a confrontación contra o PP, antes que defender as vítimas; igual que en Madrid preferiron someterse a Sánchez votando a Lei do só si é si e conseguindo que fose a maior aldraxe ás mulleres. *(A señora Arias Rodríguez mostra un documento.)* Unha lei que conseguiu que máis de mil douscentos violadores e agresores sexuais visen reducidas as súas penas ou saísen xa á calle. *(Aplausos.)* Eses foron vostedes, non fomos nós. *(Aplausos.)*

Desgraciadamente, os Socialistas e o Bloque non están lexitimados para falar de defensa das mulleres e da loita contra a violencia de xénero. E digo «desgraciadamente» porque —xa o dixen no primeiro momento— esta loita só será eficaz se a facemos xuntas e xuntos. Miren, aínda teñen hoxe a oportunidade de rectificar aproveitando a nosa emenda que, entre outras cousas, recolle que o Goberno dea unha indemnización ás mulleres vítimas que foron revictimizadas pola Lei do só si é si. O Goberno galego, co presidente Rueda á cabeza, non vai parar nin un segundo, pero queremos facelo dende a unanimidade, na defensa da igualdade e na loita contra a violencia de xénero.

Unhas medidas para as cales este Goberno, neste ano 2024, multiplicou por catro os orzamentos respecto dos que tiñamos no Bipartito. Un Goberno —si, señora Presas— que avanza; un Goberno —¡si!— que reforza a estrutura en materia de igualdade, cunha Dirección Xeral de Promoción de Igualdade para unha Galicia máis diversa, máis igualitaria e máis plural, e outra específica contra a violencia de xénero, coa que, unha vez máis, somos pioneiros en España.

Seguiremos reclamando os xulgados de violencia de xénero para as principais cidades galegas; uns xulgados aos cales o Goberno de Sánchez nos dixo que non; *(Murmurios.)* uns xulgados que nós seguiremos pedindo porque é o Estado os que os ten que conceder, e inmediatamente a Xunta os poñerá en marcha. Miren, o que é unha pena é que hoxe o que tiñamos que estar facendo aquí era estar celebrando que eses xulgados xa estaban en marcha ou que se ían poñer en marcha nuns meses. O Bloque asinou no seu punto número 4, é dicir, no acordo para dar o Goberno a Sánchez, que eses xulgados se ían poñer en marcha e a maioría xa neste ano 2024. Vostedes son responsables de que eses xulgados aínda non estean en marcha. Unha vez máis, vostedes déronlle o apoio a Sánchez a cambio de nada para os galegos; vostedes sométense junha e outra e outra vez! a Sánchez. *(Aplausos.)*

Mire, ademais voulle dicir unha cousa, señora Presas: ¡non minta, non minta! Aquí voume referir só ao último ano: no ano 2023 a Xunta reclamou ao Ministerio de Xustiza o Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela. Negóuselle, e, como consecuencia desa negativa, aproveitando a toma de posesión do novo ministro de Xustiza, o conselleiro de Xustiza remitiulle a carta outra vez, pedíndolle eses xulgados e volveulle dicir que non; díxolle que non porque o Ministerio aludía que o número de entrada de asuntos de violencia sobre a muller, nas cinco cidades que non teñen xulgado, non era suficiente para crear estes xulgados. Isto foi o que nos dixo o Estado, pero non paramos.

Na última Comisión Mixta de Xustiza do pasado 3 de maio volvémoslo pedir e seguiremoslo pedindo porque para nós é un tema fundamental. Pero non enganen, ¡vostedes teñen que reclamalo en Madrid! tamén porque o asinaron nese acordo. *(Murmurios.)* Nós reclamámolo;



xúntense con nós e reclamémolo xuntos porque, unha vez que nolo concedan, Galicia por suposto que o poñerá en marcha.

Dende Galicia seguiremos traballando, traballando dende a transversalidade, traballando con todos os departamentos da Xunta, coas administracións, coas universidades, coas entidades do terceiro sector e de acción social e co conxunto da sociedade. En definitiva, seguiremos traballando con todos para conseguir a prevención e a erradicación de condutas machistas.

Señora Castro, cando vostede falaba aquí de que é indignante —e non sei que cousas—; indignante e pouco serio é que vostedes veñan aquí, unha vez máis, presentar unha emenda para abolir o proxenetismo sen previamente facer un mínimo itinerario formativo nin de inserción laboral para todo este colectivo. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Primeiro, póñanse vostedes mesmos de acordo co seu Goberno en Madrid, que non foi capaz de sacalo adiante, porque non se entenden nin entre vostedes nin entre os socios do Goberno. Iso é o que está pasando.

Nós aquí queremos seguir traballando a favor das mulleres, contra a violencia machista e farémolo ata a extenuación, buscando a unanimidade de todos os grupos políticos porque só así sairemos adiante e só así, de verdade, o conseguiremos. Debémollo a Galicia. Xulguemos e votemos pola unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Non pensara en intervir, pensara en limitarme a votar, pero gustárame facer un apuntamento despois de todo o que levo oído e que, ¡bueno!, máis ou menos é o mesmo de sempre.

Dicía agora, no último momento, a portavoz do Grupo Popular que seguirá traballando en colaboración coas universidades, en colaboración cos sectores sociais e en colaboración con isto e co outro, e co de máis alá..., no Parlamento, no Congreso, nos concellos, nas deputacións... Voulle dicir unha cousa, existe unha publicidade permanente, explícita e descarada dos valores machistas todos os días do ano; unha publicidade descarada con luces e con alta visibilidade, que son iso que chaman habitualmente... —non quería dicir a palabra aquí, pero ¡bueno!— ...determinados establecementos que se ven ao bordo das carreteras, cunhas luciñas moi bonitas todas as noites que se ven desde lonxe.

Dentro duns anos, a verdade é que pensaremos: ¿como podemos pasar por diante deses sitios sabendo o que está pasando aí? ¡Bueno!, e xa non falo das páxinas de contactos dos periódicos: nas primeiras páxinas, «loita contra a desigualdade e a violencia machista», e, despois, tres ou catro páxinas de contactos no final do periódico, onde les os anuncios e alucinas. ¡É unha hipocrisía tan grande!, que a min, ás veces, realmente... Existe unha publicidade que, mentres



se vexa desde quilómetros e cada poucos quilómetros o que poñen eses establecementos de luceciñas de neón, alaranxadas e de distintas cores, esa é a publicidade máis forte dos valores machistas, a publicidade permanente máis grande que calquera pancarta. Mentres exista iso e non se tome unha medida contra iso, todo o demais é hipocrisía, papel mollado.

Eu que sei, agora cando falamos de cando saían os trens de Alemaña para Polonia e todo o mundo sabía o que levaban aqueles trens, pero ninguén se daba por aludido. Pois eu, variando un pouco a cuestión, pero todo o mundo sabe o que está pasando aí e considerámolo como algo normal. Ou polo menos vivimos nunha especie de disonancia cognitiva, ¿non? Ben, iso... Era a reflexión que quería... Non tiña pensado intervir, pero para que reflexionemos un pouco, porque é unha reflexión persoal que fago moitas veces.

McLuhan algo tería que dicir sobre iso, sobre esa publicidade subliminar, sobre esa meta-mensaxe que transmiten os rotuliños eses. Eu vou votar a favor da moción e tamén me parece ben a emenda do Partido Socialista. E xa digo, non tiña pensado intervir. Pero ben, espero que valla de algo esta aportación. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Antes de máis avanzo que non imos aceptar as emendas presentadas polos grupos pois, como quedou claro, ao que contribuíron foi a desvirtuar o asunto central da nosa proposición.

E, falando de hipocrisías, comezarei por vostede, señor Ojea. Está moi ben a preocupación polas mulleres en situación de prostitución e polas mulleres en situación de violencia machista, pero estaba ben que, ademais desa presunta solidariedade que vostede manifestouse aquí, fagan algo desde o seu Goberno municipal. Porque hoxe ten que saber este Parlamento que se desaloxa as traballadoras do Centro de Información Municipal á Muller dun lugar que garantía a privacidade e confidencialidade, que é o que recomenda o tratamento da violencia machista... (*Aplausos.*) Si, si, hoxe mesmo, a un edificio compartido con outros servizos municipais. E teñen vostedes unanimidade nos tres grupos da oposición a nivel local, e tamén verbalmente formulada por parte da Xunta, de que iso é un erro. Rectifiquen, porque moitas mulleres en situación de prostitución en Ourense seguramente poderían ir alí informarse, asesorarse para saír desa situación. E agora mesmo van ver vulnerada a súa seguridade e a súa privacidade. (*Aplausos.*)

Señoría do Partido Socialista, eu supoño que o seu enfado será fundamentalmente co seu partido. Porque vostedes non teñen maioría absoluta no Estado español; é algo que se lles esquece con demasiada frecuencia. Levan vostedes gobernando desde 2018 repetindo unha e outra vez que van acabar coa prostitución. Como se fose algo tan simple e tan fácil e non algo tan profundamente complexo.

E mire, se esa lei non se admitiu a trámite foi porque vostedes non dialogaron coas demais forzas políticas. Nós demos un si crítico a esa tramitación, pese que hai moitísimas cuestións



que xa advertimos que habería que modificar, porque o que fan é finalmente poñer en risco as mulleres en situación de prostitución. Pero se non se puido nin sequera debater é porque vostedes non fixeron o seu traballo, como non están facendo o seu traballo —e xa se pronunciou este Parlamento— coa cuestión da Lei da trata. Entón, cando queiran, falamos desta cuestión en serio aquí ou no Estado español. *(Aplausos.)* Pero, desde logo, non é forma de desvirtuar o debate.

E finalmente, señorías do Partido Popular, é que menten máis que falan. Menten máis que falan. Si, si, porque mandar notas de prensa está moi ben, pero sabe vostede que o marco no que se regula a competencia en materia de xustiza, que está transferida, é a Comisión Mixta. E sabe vostede que ten que haber unha solicitude da Comisión Mixta. Non houbo esas solicitudes. Non houbo esas solicitudes porque vostedes o que queren é usar os xulgados de violencia machista como outro ariete electoralista máis. Por iso antes votaban en contra —a última vez aínda no 2022 neste Parlamento— e agora rectificaron e están nominalmente a favor. ¡Pero fagan o seu traballo! Fagan o seu traballo, porque están gobernando de momento vostedes e son os que teñen que solicitar nesa comisión a creación deses xulgados. Non pode facer todo o Bloque Nacionalista Galego, señores do Partido Popular. Nós seguiremos insistindo en que haxa dotación no ámbito do Estado, pero vostedes tamén teñen que asumir unha parte dos orzamentos na Xunta de Galiza, ¿non? ¿Cantas veces foi iso nos orzamentos da Xunta de Galiza? ¡Ningunha, señora Arias! Ningunha, señora Arias, como as veces que solicitaron iso na Comisión Mixta. Polo tanto, deixen de manipular a realidade porque é que non os cree ninguén xa. Fagan o seu traballo e terannos de lado desa cuestión. *(Aplausos.)*

Polo tanto, imos manter a nosa iniciativa. Se queren consenso e unanimidade, rectifiquen esa decisión. É un erro suprimir a secretaría xeral como era un erro que se opuxesen aos xulgados exclusivos e excluíntes de violencia machista. Acertaron cando rectificaron iso, quedalles andar o camiño de facer o seu traballo de Goberno. Pero, desde logo, nesta cuestión tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...están errando e mantemos, polo tanto, o noso texto tal cal.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Prado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Con base no artigo 76, por dúas cuestións: por alusións e por faltarlle ao decoro a este grupo.

A señora Castro veu dicir que esta semana no Congreso dos Deputados non se apoiou a proposición de lei da abolición da prostitución porque parece que nos grupos que votamos en



contra había algún [putero] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*). Eu quero lembrar que esa proposición de lei non se apoiou por 184 votos no Congreso, entre os que estaban os socios habituais do Goberno que fixeron presidente a Pedro Sánchez: Esquerra Republicana de Cataluña, Junts, PNV, entre outros.

Señora Castro, neste grupo non hai [puteros]. Eu non sei se no Partido Socialista poden dicir o mesmo, xa que o 8 de marzo a proposta do Partido Socialista era botar do partido todos aqueles que contratasen prostitutas. E non me estraña, porque é moi longa a historia da relación de prostitución dos cargos socialistas, dende Roldán ata o Tito Berni, pasando polos ERE de Andalucía, onde chegaron a gastar ata 14.000 euros nunha noite. Pero, na do Tito Berni, 132 prostitutas contratadas no caso Mediador.

Eu entendo, señora Paloma Castro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que vostedes teñan un problema coa prostitución...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...pero en ningún caso vou consentir que se diga que o Partido Popular non apoiou esa proposición de lei porque hai [puteros] no Partido Popular. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos xestionar isto con raciocinio. Imos alá. Espere un momento. (*A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, voulle pedir que a retire. (*Murmurios.*) ¡Home, será o mínimo! ¿Ou vostede non quere que o retire? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Quero que o retire e querémolo toda a Cámara, porque creo que non é bo... (*Murmurios.*) Ben, toda a Cámara non... Ben, eu dígoo como presidente. Gustaríame que se retirase esa expresión de [putero]. Pídlle que a retire.

A señora CASTRO REY: Eu dixen exactamente que esa proposición, esa tramitación desa proposición de lei non se levou a cabo polo voto en contra de moitos grupos, uns que se crían progresistas de forma hipócrita e tamén polo cambio de postura do Partido Popular. E que entendía que os motivos poderían ser a presión que exerce o lobby proxeneta ou que hai moitos [puteros] entre... E non dixen entre as filas do... (*Murmurios.*) Si... E dixen que entre os que votaron en contra hai moito [putero]; díxeno e non o vou retirar. Dixen... ¿Volvo dicir o que dixen? Repito o que dixen. Dixen que o voto non saíu adiante porque hai moita hipocrisía, moitos partidos que se cren progresistas e tamén polo cambio de criterio do Partido Popular. E que iso se pode deber á presión que exerce o lobby da prostitución ou a que hai moitos [puteros]. Repíto e non o vou retirar. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Pero... Silencio.

A señora CASTRO REY: E agora a señora Prado di que retire o de [puteros] porque...



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CASTRO REY: ...os [puteros] somos os socialistas.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non.

A señora CASTRO REY: ¿Ese é o seu razoamento? ¡É surrealista! É surrealista, señora Prado. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. (O señor presidente pide silencio.) Imos con orde. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Silencio!

Imos retirar a palabra [putero] porque a palabra [putero] non debería de aparecer neste debate. (Murmurios.) (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Por favor, vos-
tede é membro da Mesa. (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Silencio.

Retiramos a palabra [putero]. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Como que non? Non me diga o que teño que facer, por favor. Retiramos a palabra [putero]. ¿Está de acordo? (Murmurios.) Ben, pois retíroa eu. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Depende.

Desgraciadamente, o debate non debeu ir por aí. E lamento estar mal da gorxa, porque se non diría outras cousas, pero voume quedar aí. Voume quedar aí... Non, en xeral, jeh! Dígoo en xeral. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, por iso, pero... Non sei a que veu isto ao final nun tema tan importante.

Última moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a xestión das políticas de axuda á xente moza no seu acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do BNG.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Alexandra Fernández Gómez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva catro novos puntos co seguinte texto:

«7. Realizar de forma inmediata e resolver en prazo a convocatoria para o ano 2024 do bono alu-
gueiro mocidade.

8. Establecer un procedemento de concorrência pública competitiva para a adxudicación destas axu-
das, mediante a definición e baremación de criterios sociais que permitan establecer unha orde de adxudicación.



9. Adecuar o Programa de bono alugueiro mocidade á realidade dos pisos compartidos, pasando a considerar que no suposto de contratos de arrendamento de vivendas con varias persoas arrendatarias e convivintes sen relación de parentesco, o límite máximo de importe de prezo do alugueiro sexa proporcional a dito número de persoas.

10. Solicitar ao Goberno central un incremento da aportación realizada e aumentar con fondos propios a partida destinada ao bono alugueiro mocidade, de forma que permita ampliar o número de potenciais beneficiarios.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Antes de comezar, señora Prado, o Partido Socialista non ten problemas coa prostitución...

O señor PRESIDENTE: Non se dirixa... Perdoe un momento, se vostede se dirixe outra vez á señora Prado vai provocar outra alusión. (*Murmurios.*)

A señora LONGUEIRA CASTRO: Non, non.

O señor PRESIDENTE: Fale vostede... Si, só con que mencione o nome...

A señora LONGUEIRA CASTRO: Moi ben. Grupo Popular...,

O señor PRESIDENTE: Mire, coñezo este Parlamento como ninguén. Con que mencione só o nome xa provoca unha alusión.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Fale de deputadas e deputados en xeral; non diga o nome.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Señores do Partido Popular, o Partido Socialista non ten un problema coa prostitución; o problema coa prostitución teno a sociedade. Non é o Partido Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pero dígollelo para a súa información. (*Murmurios.*) ¿Vale?

Dito isto, é curioso como... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non teño plátanos para todos, ¡eh!

O señor PRESIDENTE: Ben, pois é unha... (*Murmurios.*) ¡Silencio!

A señora LONGUEIRA CASTRO: Vale, vale.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!



A señora LONGUEIRA CASTRO: Non, porque lles gusta moito a froita. Non teño plátanos para todos. *(Murmurios.)* Vou empezar.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Imos ver, é curioso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É curioso como neste... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, señor Rubén, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero imos ver, eu non me enterei ben do que dixo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora LONGUEIRA CASTRO: Dixen que lles gusta a froita. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Un momento, por favor. Perdoe un momento, que xa lle parei o tempo. É unha pena que estea así.

Pero mire, imos ver. Eu escoitei unha reflexión coa que estou de acordo. Este é un tema da sociedade, ninguén o discute. Non entendín o que veu despois. ¿Que veu despois? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non mo diga vostede, que o diga ela.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Que non teño plátanos para todos.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ah, que non ten plátanos para... ¿E con iso que quere dicir? *(Murmurios.)*

A señora LONGUEIRA CASTRO: ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: ¿Que quere dicir con iso?

A señora LONGUEIRA CASTRO: É un partido que lle gusta moito a froita simplemente. Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Ben, iso é unha... Non sei a que veu iso. *(Murmurios.)*

A señora LONGUEIRA CASTRO: Moi ben.

Vou empezar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, adiante.

A señora LONGUEIRA CASTRO: É curioso como neste hemiciclo vostedes converten Galicia —o Partido Popular— nun territorio idílico algunhas veces e outras nun inferno. Iso depende de onde veña o vento.



Se o vento vén do sur, é dicir, se vén do Goberno de Pedro Sánchez, atopámonos en Mordor. O Goberno de Pedro Sánchez destina 23 millóns de axudas para o bono Alugueiro dentro do Plan estatal de vivenda 2022-2025, beneficiando máis de cinco mil xoves galegos. A través deste plan o Goberno de España transfere ás comunidades autónomas os fondos para realizar as achegas do alugueiro con 250 euros mensuais. Como dicía, 23 millóns de euros que viñeron do Goberno central e que, segundo recoñeceu no pleno pasado a conselleira de Vivenda, foi unha achega que resultou complexa, que tiveron que aclarar, que tiveron que preguntar moito a Madrid; que ademais non tiña unha facilidade para saber como facelo. Isto é, desde o Goberno central destínanse 23 millóns de axudas, pero parece ser que non foi algo que se puidese xestionar. Aquilo que vai solucionar un problema converteuse —parece ser— nunha non-solución. Ademais disto, de todas estas cuestións que xurdiron, onde quedou moita xente fóra, onde houbo unha desinformación, onde houbo unha mala xestión... A pesar diso, quero dicir, beneficiáronse máis de cinco mil xoves galegos.

Pero, cando o vento sopra do norte, cando son as ideas do Partido Popular e hai unha idea como a das axudas á xuventude respecto á adquisición de vivenda, cun programa de avais para a xuventude, isto é o reino de Narnia. É dicir, convócanse —xa se convocaron o ano pasado e volvéronse convocar agora— unhas axudas respecto á adquisición de vivenda que se chaman Programa de avais para xuventude. Oito millóns e medio de euros en dúas liñas de financiamento. A primeira, para adquirir vivenda habitual en Galicia con tres modalidades: compra de vivenda de protección autonómica, adquisición de inmobles ubicados en casco histórico e compra de vivenda por persoas menores de 36 anos en municipios de 10.000 ou menos habitantes. A segunda, facilítase unha concesión dunha hipoteca a un equivalente dun vinte por cento do prezo de compra.

É dicir, tiran vostedes —sen deixar de dicir que é unha boa ou unha mala xestión— pola rúa do medio, sabedores de que en Galicia só un dez por cento dos menores de 36 anos poden chegar á adquisición dunha vivenda. Soamente o dez por cento. E que dentro dese dez por cento de axudas que vostedes plantexan, teñen unha serie de requisitos que supoñen unha barreira de entrada de difícil cumprimento. Ademais, existe un solapamento destas axudas coas mesmas axudas que desde o Goberno de Pedro Sánchez se estipulan a través do Instituto de Crédito Oficial. En conclusión, unha centena de xoves —só cen— foron beneficiarios dun programa que iniciou o ano pasado e que agora inicia outra vez e máis de cinco mil xoves foron beneficiados polo bono Alugueiro.

Gobernan para unha pequena minoría. Crean expectativas de difícil cumprimento e deixan ao albor o noventa por cento da poboación de xoves galegos que espera nalgún momento da súa vida ter unha independencia e poder asomarse a alugar ou adquirir unha vivenda. Gobernan para un país onde hai máis de catrocentos cincuenta mil xoves, dos que 42.500 están parados e 184.000 están en activo. Ademais, Galicia é a cuarta comunidade autónoma coa taxa de actividade máis baixa, a pesar de ter a menor franxa de idade entre os 16 e os 36 anos. Unha taxa de actividade baixa, un alto índice de desemprego e salarios precarios.

Dende o PSdeG temos que insistirle sobre este tema, porque nos ten desconcertados cal vai ser o proceder ao respecto deste particular, sobre todo porque aínda que vostedes desprezaron —como se veu aquí o outro día— todas as achegas que se fixeron do Plan de vivenda 2022-2025



—un bono tan difícil de xestionar— decidiron non incluír no logo da propaganda o logo do Goberno no mesmo Plan de vivenda. Os cartos non os puxo a Xunta, pero fixeron como se fose así. Decidiron que non se soubese que esas achegas foron froito dunha xestión dun Goberno socialista.

E dicía que nos deixa un pouco á expectativa e coa boca aberta, porque tamén escoitamos unhas declaracións do señor Rueda onde dicía que non tiña problema en distribuír as axudas. ¡Faltaría máis! ¡É que se repartiron todas, os fondos están esgotados! «Se hai unha decisión de prorrogar, a Xunta non ten problema en distribuílas», afirmou apostilando que ten a súa propia política. E aí é onde nós queriamos chegar. Preguntámonos cal é a propia política; se é ese labirinto de axudas de compra de vivenda que apenas vai dar entrada a un dez por cento dos xoves menores de 36 anos ou se imos ir a unha política onde abramos a man e poidamos dar esa independencia ou esa forma de facerse adultos a ese xoves que seguen esperando, ese noventa por cento de xoves que segue esperando as axudas que están, nalgún momento, abocados a conseguir e vostedes a ofrecer desde o Goberno da Xunta.

E tamén nos preguntamos se estas axudas que sacan agora, destes plans de avais para a compra de vivenda, van estar en choque coas axudas que saca o ICO, porque isto está producindo unha confusión. Confusión que fan notar tanto a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias como a Asociación Galega de Inmobiliarias, que aplauden o modo en que se pode chegar a máis xente e avogan por esa maior coordinación entre administracións para evitar, precisamente, ese solapamento e confusión entre os cidadáns. Porque o que queren son normas claras, concretas, agrupadas e lexibles.

Por estes motivos, e con esta moción, pedimos, polo tanto: informar sobre cantas peticións quedaron sen responder desde xullo de 2022 ata decembro do 2023 respecto ao Plan de vivenda; solventar as irregularidades de xestión dos solicitantes que non foron atendidos e quedaron sen saber cales eran realmente os seus dereitos; enumerar as medidas e as datas nas que pensa a Xunta de Galicia establecer as axudas ao alugueiro para a xente moza; e publicitar en tempo e forma as axudas de alugueiro para a xente moza que anuncian dentro das súas liñas de actuación. Basicamente porque quedamos á espera desas políticas propias das que falaba o señor Rueda, anunciadas e que afirmaba hai pouco tempo que serían 5.600 vivendas as que se van construír ata 2026, tras unha inversión de 250 millóns de euros que procedían nun trinta por cento dos fondos Next Generation. Agora acabamos de escoitar que son 8.000 a final de 2028, pero sabemos que hoxe estaba o señor Rueda falando en Arteixo sobre a folla de ruta da Xunta 2030. Entón, o que queremos saber é se agora, cando saíamos de aquí, imos ter un incremento que podería ser doutras 8.000 vivendas máis. Porque, ao final, cando vostedes gobernan ou cando vostedes falan, isto é Narnia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Creo que deberíamos todos recoñecer que as taxas de emancipación son un problema. Non é normal que de media os mozos se emancipen aos trinta anos.



Non é normal; de feito, é a peor taxa de emancipación nos últimos vinte anos. E non é normal que teñamos unha taxa de emancipación que estea no quince por cento, cando en Europa está no 31. E tampouco é que unha de cada cinco persoas de menos de trinta anos cun posto de traballo no noso país estea na pobreza ou en risco de exclusión social. Cada vez, mocidade e pobreza van máis da man, e non podemos normalizar o que é un auténtico fracaso social.

Por iso, antes de nada, queremos condenar a posición sistemática do Grupo Popular de tratar de enmascarar este problema para non asumir responsabilidades. Sabemos de antemán que van subir aquí a convencernos novamente de que todo vai fantástico; dirannos que as cifras non son tan malas. Pois vou adiantarme, vou intentar darlles datos —moitos datos— que certifican que temos un problema e que vai a peor.

Gustárame, ademais, que fose en datos do Observatorio da Vivenda de Galiza; que desen datos detallados da realidade galega, de que pasa nas nosas cidades. Pero, lamentablemente, a última vez que o Observatorio de Vivenda de Galicia tratou este tema foi hai catro anos. Semella que Observatorio non ve —igual que pasa coa Xunta— que este problema de emancipación sexa preocupante. Por iso, para poder ter datos actualizados, temos que irnos ao último informe do Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España, que sinala que a taxa de emancipación entre os 16 e os 29 anos en Galicia baixou; empeorou 1,2 puntos porcentuais nun ano, situándose no 15,3 por cento. E esta evolución negativa, ademais, é que contrasta coa evolución en positivo do conxunto do Estado, que ademais mellora a media galega.

Os datos referidos a Galiza, ademais, supoñen a cifra máis baixa para o primeiro semestre de toda a serie histórica. Nunca estivemos tan mal. Para a franxa de idade de 30 a 34 anos, Galiza é a terceira pola cola, só detrás de Canarias e de Castela a Mancha; neste momento, tres de cada dez mozos de entre 30 e 34 anos non conseguen emanciparse. Este é un dato que revela que o problema de emancipación se prolonga xa entrada a trintena á vida adulta e, por tanto, que hai aí algo estrutural.

As causas desta redución das posibilidades de emancipación teñen que ver, evidentemente, cos prezos da vivenda en alugueiro. No caso dos pisos compartidos aumentaron tamén notablemente un oito por cento no último ano, ao que se suma tamén unha situación de precariedade laboral. Estamos tamén á cola, terceiros pola cola, a terceira comunidade con máis contratos a tempo parcial na franxa de 30 a 34 anos.

Na moción anterior, na que falabamos dos prezos da vivenda, dicíamos que tiñamos que establecer un límite do trinta por cento do gasto en vivenda dos ingresos dun fogar. Pois ben, a mocidade galega destina un sesenta por cento do seu salario ao pago do alugueiro entre os mozos de 16 a 29 anos e case un cincuenta por cento na franxa de 30 a 34 anos. Cincuenta ou sesenta por cento de ingresos para o pago do alugueiro significa que esas mozos escollen entre comer, prender a calefacción ou pagar a vivenda. E poderíamos dar moitísimos máis datos sobre a situación alarmante. Pero eu creo que todos coñecemos esta realidade; a todos nos toca, dalgunha ou outra forma, de cerca.

Ademais, todo isto está xerando outros problemas moi graves, como son o atraso da taxa de natalidade. Unha das moitas consecuencias, evidentemente, é que dificilmente os mozos



poden plantexar formar unha familia se son incapaces de emanciparse. Ou, por exemplo, como aumentan as dificultades para poder estudar fóra da casa, porque as becas de estudo non chegan para pagar os actuais prezos da vivenda. En definitiva, menos proxectos vitais e menos horizontes de oportunidades.

E todos estes malos datos o que evidencian son as pésimas políticas públicas por parte da Xunta. Non impulsou nin un só programa específico para a emancipación, nin axudas específicas, nin tampouco o incremento da bolsa de vivenda pública específica para a xente moza. A única medida que existe é este programa, Bono Alugueiro Mocidade, que está impulsado dende o Goberno estatal. Un programa con recursos insuficientes para chegar a todos os posibles receptores que se anunciaron.

Neste sentido, creo que ao grupo proponente viría ben recordarlle unha cuestión: cando vos tedes fixeron o anuncio deste *Bono Joven*, dicían que sería un bono para todas as persoas que cumprisen unha serie de condicións de renda. O que se lles esqueceu contar é a letra pequena, que había uns fondos limitados e que non ían chegar a todos eses posibles beneficiarios, senón que só chegarían aos que presentasen primeiro a solicitude, porque non había fondos suficientes para cubrir a todos os mozos que están nesa situación. E o problema é que, ante este déficit orzamentario, nin o Goberno central nin a Xunta puxeron máis recursos para solucionar este problema.

En conclusión, no que toca á Xunta de Galicia, o Partido Popular apenas actúa como unha oficina de xestión e tramitación dunha única medida estatal, que é insuficiente e que non ten vocación de actuar máis alá e de exercer as súas competencias nesta materia.

Pero quizais o máis grave de todo non é só que non teñan outros programas, senón que nin tan sequera xestionan ben este programa estatal. Porque primeiro tardaron en facer a convocatoria da axuda no 2022. Despois, houbo unha negativa por parte do Goberno galego de adecuar as bases da convocatoria á realidade dos pisos compartidos, como lle demandamos dende este grupo. E, en terceiro lugar, volveron acumularse demoras na tramitación e na notificación destas axudas. Hai que recordar que a resolución das axudas tiña un prazo máximo establecido de tres meses. Xa en outubro de 2022 dende o BNG trouxemos a esta Cámara e advertimos de que non se estaban a respectar os prazos marcados e instamos a Xunta a cumprilos escrupulosamente, pero non o fixo. Durante todo o ano 2023, a Xunta mantivo a convocatoria de 2022 aberta e non foi ata xaneiro de 2024 cando a directora técnica de Fomento do IGVS certificou ese esgotamento de crédito. Pero, por se fose pouco a demora, non foi ata o 15 de marzo que o director xeral do IGVS ditou a resolución. É dicir, a Xunta en xaneiro xa sabía que axudas quedaban denegadas, pero, casualidade, agardaron a que pasase o período electoral para comunicarlles aos miles de mozos que estaban en suspenso que se lles denegaría esa axuda, superándose con creces os prazos de notificación establecidos. De forma que son centos de mozos os que acaban de recibir esa notificación en abril de 2024 e consideramos que non é admisible que estean custeando do seu peto un alugueiro íntegro, mentres teñen que estar agardando con incerteza saber se lograrán ser un dos afortunados que reciban esa axuda, porque son miles as solicitudes que se rexeitan.



Esta demora, ademais, acaba por supor un boicot á propia vocación da axuda, que é dar soporte a esa persoa moza que non consegue emanciparse porque non lle chega o salario. Se este bono chega, con sorte, anos despois, deixa de ser útil para ese cometido.

Por iso, na nosa emenda instamos a Xunta a que realice de forma inmediata a convocatoria de 2024, que hai milleiros de mozos que están esperando para presentar a solicitude. En segundo lugar, na nosa emenda incluimos unha proposta para que a Xunta estableza un procedemento de concorrencia pública competitiva para a adxudicación destas axudas. Hai que establecer baremos e criterios sociais para dar e establecer unha orde de adxudicación. A situación actual é un disparate; o que non ten sentido é que haxa milleiros de mozos que o día que se abre a convocatoria estean ás doce da noite diante do ordenador, xogando á lotería de a ver quen lle dá primeiro clic nunha plataforma colapsada para conseguir lograr unha desas axudas do alugueiro. Porque isto é o que está pasando, e son miles de persoas as que quedan fóra. Por iso é preciso darlle a esta tramitación unha perspectiva social redistributiva, priorizando as persoas con menor renda, con fillos ou persoas dependentes a cargo etcétera. E, en terceiro lugar, na nosa emenda volvemos traer a proposta que xa trasladamos noutras ocasións de que se adecúe este programa á realidade dos pisos compartidos. O que non ten ningún sentido é que precisamente a xente que comparte piso, que normalmente é xente que ten menor renda, quede excluída da posibilidade de recibir estas axudas ao alugueiro. E, en cuarto lugar, instamos ambos gobernos, o estatal e o galego, a que incrementen os fondos destinados a este programa, de forma que permita ampliar o número de potenciais beneficiarios.

Ademais, dende o BNG consideramos que en materia de emancipación a Xunta pode facer moitísimo máis do que xestionar simplemente mal un programa estatal. Podería ter liñas de axudas propias, complementarias, para eses mozos e mozas que non quedan cubertos con este Bono de Alugueiro, como é, por exemplo, aos mozos que se teñen que desprazar por razóns de estudo e que non teñen un contrato laboral e que quedan excluídos deste programa.

Por tanto, o que lle exiximos á Xunta, unha e outra vez, é que poña en marcha un plan de emancipación completo que vaia máis alá da xestión destas axudas.

E só fago unha pequena pregunta á portavoz do Partido Popular, que estou segura de que vai dicir o mesmo que a conselleira: que houbo unha xestión marabillosa. Eu preguntolle: ¿como pode ser que vostedes digan que houbo unha xestión marabillosa, que vostedes xestionaron ata o último euro, cando nesa partida de 2022 vostedes deixaron o 67 por cento do programa de acceso á vivenda sen executar, 50 millóns de euros que foron á basura? (*Aplausos.*) ¿Como poden vostedes dicir que xestionaron ben mentres lles denegaba a milleiros de mozos esa axuda e deixaban tirados 50 millóns de euros? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

(*O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.*)



Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Popular, señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Señora Longueira, antes de nada, quería dicir que lamento que o Partido Socialista non vexa un problema na prostitución. O Partido Popular sempre verá a prostitución como un problema. *(Aplausos.)*

Mire, non podemos votar a favor desta moción, que se sustenta en afirmacións completamente erradas e na que se está acusando a Xunta de irregularidades na xestión ou de desatención á mocidade. Iso é completamente falso.

Tal e como se expuxo nesta Cámara pola propia conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a xestión das axudas ao alugueiro para xente moza do Plan de vivenda 2022-2025 do Goberno de España foi un rotundo éxito, e iso precisamente a pesar do Goberno de España.

A realidade é que a Xunta concedeu todas as axudas desta liña. Esgotouse o crédito concedido, 22,8 millóns para dúas anualidades, entre decembro de 2022 e xaneiro de 2023, menos de tres meses despois do remate do prazo para solicitálas. Non houbo pois ningún atraso na xestión dos expedientes, que se xestionaron na súa totalidade.

Gustárame poder dicir o mesmo dos seus compañeiros en Madrid, señora Longueira. Pedro Sánchez anunciou o bono a finais de 2021, pero non fixo a transferencia dos fondos ata medio ano despois. Ese atraso fixo que a axuda non se se puidese convocar ata o 30 de xuño de 2022, cun prazo de solicitude ata outubro de 2022. A pesar diso, a Xunta de Galicia foi a terceira comunidade en convocar a axuda, só precedida por Cataluña e por Valencia.

A mediados de xaneiro de 2023 xa estaban concedidas todas as axudas do bono. Ademais, desde a Xunta recuperáronse fondos que non puideron ser consumidos e outorgar outro millar máis de axudas, superando as 5.200 axudas concedidas, todas elas aboadas a día de hoxe. Moitas comunidades aínda non remataron a xestión do bono.

A pesar dos atrasos, da falta de comunicación e dos erros detectados na convocatoria, que mesmo foron recoñecidos polo ministerio, o Goberno galego foi quen de executar con éxito esta liña de axuda, e fíxose por unha boa xestión.

Non hai pois irregularidades que solventar nin expedientes sen resolver. Os expedientes que vostedes indican como sen resolver xestionáronse ao longo de 2023, correspondentes ás concesións que se puideron facer a partir dos fondos rescatados, tras as renuncias e as perdas de subvención xestionadas, ben por falta de xustificación por parte dos interesados ou ben por non concorrer cos requisitos establecidos polo Estado, certamente restritivos.

En marzo deste ano comunicóuselle ao resto de solicitantes o esgotamento final do crédito procedente de fondos europeos, o que demostra que os recursos postos á disposición por parte do Estado foron insuficientes. E quero recordar aquí que eran fondos europeos. O pro-



blema foi que o Goberno de Pedro Sánchez vendeu estas axudas como unha liña da que se podería beneficiar practicamente todo o mundo que a solicitara, cando iso era falso. Falso porque a dotación orzamentaria destinada a Galicia limitaba as axudas a apenas catro mil persoas. Non obstante, a boa xestión do IGVS fixo posible incrementar nun 25 por cento o número final de beneficiarios, chegando a un total de 5.253 axudas.

E falso tamén porque as rixidas condicións para a concesión da axuda establecida polo ministerio impediron acceder á mesma a persoas que cumprían os requisitos, pero que por exemplo compartían vivenda con outras que non o facían, aínda que cada unha facía fronte ao seu pago do alugueiro. ¿Parécelle iso xusto? Pois foron as condicións impostas polo Goberno central.

Pero cítolle outro exemplo: non pode acceder á axuda quen, cumprindo os requisitos, comparte vivenda cunha persoa que ten unha vivenda en propiedade ou que ten débedas con calquera administración pública, aínda no caso de que ese compañeiro de piso non solicite a axuda.

Tamén no caso de pisos compartidos nos que solicita a axuda unha das persoas que o comparte só se teñen en conta os ingresos do solicitante da axuda se todas as persoas coas que comparte son asinantes do contrato, non existe parentesco entre eles ou son todos menores de 36 anos. Se non se dan estas circunstancias, compútanse os ingresos de todas as persoas que comparten a vivenda, polo que o máis probable é que superen o límite máximo de ingresos establecido.

Mire, no momento actual as dificultades no acceso á vivenda, e de xeito especial aos mozos, é un feito que afecta a Galicia da mesma maneira que ao resto de España. Esta é unha situación que a Administración autonómica, e coa participación privada, está intentando reverter, coa posta en marcha de medidas.

Pero mire, volve indicar medidas postas en marcha polo Executivo galego para a mocidade en materia de vivenda.

Entre 2021 e 2023 concedeu axudas para o acceso á vivenda por un importe global de preto de 55 millóns de euros, boa parte das cales estaban dirixidas exclusivamente a menores de 36 anos, que ademais podían beneficiarse das axudas que teñen como destinatarios os cidadáns en xeral sen límite de idade. De feito, parte dos beneficiarios destas axudas de carácter xeral son mozos. Deses 55 millóns, preto de 22 millóns foron axudas ao alugueiro para menores de 36 anos e preto de 8,5 millóns axudas para a adquisición de vivendas en propiedade, das que máis do 60 por cento do total foi destinado exclusivamente a menores de 36 anos.

Grazas a estas axudas, no período 2021 a 2023 adquiríronse preto de mil vivendas, das que arredor de setecentas corresponden a mozos. Ademais, eses mozos contan desde 2023 cunha axuda adicional, consistente no aval público de ata o 20 por cento do custo da vivenda, o aval mozo; unha medida que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2023 e que permite acceder á vivenda en propiedade a aqueles mozos que dispoñen de recursos suficientes para o pago da hipoteca



pero que carecen dos aforros necesarios para facer fronte ao 20 por cento do custo que os bancos non lles van financiar coa hipoteca. O aval facilita o acceso á hipoteca polo 100 por cento. O ano pasado concedéronse 99 avais, por importe de máis de 1,8 millóns de euros. Ademais, a Xunta aplica bonificacións fiscais para a adquisición de vivenda para menores de 36 anos, tanto no imposto de transmisións onerosas como no de actos xurídicos documentados.

Así mesmo, unha parte do parque público de vivendas destínase a mozas menores de 36 anos e de xeito especial as vivendas que se están a rehabilitar nos conxuntos históricos.

Somos conscientes da importancia que ten para todos, pero especialmente para os colectivos como a mocidade, o acceso á vivenda, que lles permite comezar a construír un proxecto de vida e de futuro, emanciparse e crear un fogar. Por iso a Xunta está a traballar facendo unha xestión eficiente de todos os fondos, tanto propios como os procedentes de Europa.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Deza.

Grupo autor da moción, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Ben, o dito: grazas por toda esta explicación programática, pero falemos do futuro, e o futuro é que están en xogo estas axudas, e que xa estes xoves que pasaron por este procedemento algúns non acadaron a axuda, outros non quedaron explicitados, simplemente se lles avisou a través dun SMS de que ocurría coa denegación da súa solicitude, que, como xa se dixo aquí, se esperaron uns meses para que non coincidira co período electoral, pero o caso é que a medida funcionou, a medida funciona.

Queremos apostar para que estas axudas sigan chegando, e paréceme moi ben todo o que relatou vostede, todo o procedemento administrativo, pero, en calquera caso, quen goberna ten a obriga de facelo máis fácil, e quen goberna ten tamén a iniciativa de propoñer ou de mellorar aquilo que lles chega ás mans se non é capaz de facelo tal e como está.

Dito isto, na man do Goberno da Xunta está facer que estas axudas cheguen en tempo e forma e facer tamén outra serie de medidas, das que xa se falou aquí pero que eu quero recalcar.

Por exemplo, na Coruña, 40 vivendas de construción pública en dezaseis anos; é verdade que agora estou segura de que cando saíamos de aquí teremos cinco mil máis prometidas; agora prometen vostedes oito mil vivendas, seguro que algunha máis vai caer polo camiño, pero é que en dezaseis anos 40 vivendas nunha cidade como A Coruña é algo insólito. É dicir, non houbo unha aposta para que isto fose realmente un programa serio, real e crible, non Narnia, crible.

Non están aplicando medidas de mercado tensionado. A Coruña solicitouno, por exemplo.



E dicía aquí que hai cidades que aínda non están aplicando todo o que ten que ver coas vivendas turísticas. Si, é verdade que vostedes están admitindo pisos turísticos *como si no hubiera un mañana*, pero é verdade que algunhas cidades xa se están parapetando para que isto non ocorra e que poidan poñer freo a isto.

Estas son medidas que de maneira moi sinxeliña van fomentar que o parque de vivendas quede liberado e quede en mans de quen teña que quedar, e se poidan alugar ou se poidan comprar a prezos máis baixos.

Por outra parte, tamén nos dan un pouco de temor todos estes fondos que piden e demais, porque é verdade que en épocas do señor Feijóo, que xa non está aquí entre nós, dous de cada tres euros quedaban sen xestionar e ían de volta.

Entón, é verdade que despois vostedes poñen moita xente a xestionar 8,5 millóns para a compra de vivenda. Pero ¡home!, tamén podían ao mellor facer unha xestión separada para que todos as axudas de alugueiro ou outro tipo de cuestións chegasen dunha forma máis dilixente aos xoves.

Hai unha serie de mocións do Bloque Nacionalista Galego que nós imos admitir e que imos incorporar aquí á nosa moción, e esperemos que isto sexa unha declaración de que, por parte dos socialistas, por parte do PSdeG, todo o noso apoio a aquelas medidas que vaian favorecer o alugueiro ás persoas xoves.

E outra cuestión que se dixo aquí é que ademais estas medidas teñen que ir acompañadas de moitas das cousas que dixo hoxe o conselleiro de Emprego e que espero que sexan verdade, porque en todo isto, desafortunada ou afortunadamente, non deixa de ser unha sociedade transversal, onde estamos a punto de crear unha liña de inclusión especificamente para xoves, se non somos capaces de darlles resposta.

Así que moitas grazas, e espero que nalgún momento isto poida facerse realidade.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre o impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Fidalgo Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta moción, núm. 4118 (12/MOC-000006), sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías.



Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar en sede parlamentaria o cronograma e as partidas orzamentarias que permitan levar a cabo o acordo aprobado por unanimidade, o pasado 7 de maio, na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, co seguinte contido:

1º.- Elaborar e poñer en marcha, de xeito urxente e extraordinario, un plan de cobertura económica e social para as traballadoras e traballadores do mar afectados pola sucesión de condicións climatolóxicas adversas que se veñen producindo dende o mes de outubro, e que contemple, cando menos:

- Axudas directas dende o mes de outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade.*
- Creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos e unha renda digna aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade.*
- Demandar do Goberno de España a exención das cotas da Seguridade Social para as persoas afectadas ata que se recupere a actividade con normalidade.*
- Atender a situación económica das confrarías que se vexan afectadas por unha importante diminución de ingresos por mor da caída de produción.*

2º.- Elaborar, sen máis dilación e de acordo co sector, os centros de investigación da Consellaría do Mar e as universidades galegas, orzamentar e executar un plan plurianual de medidas que permita:

- Comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade.*
- Artellar os mecanismos necesarios para enfrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galicia.*

Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a reiterar a solicitude formulada ao Goberno de España para que declare como zonas afectadas gravemente por unha situación de emerxencia (zona catastrófica) aos bancos marisqueiros dos concellos costeiros do litoral das provincias da Coruña e Pontevedra, de modo que tamén se habiliten as axudas estatais necesarias para compensar, de forma completa e urxente, ao sector afectado polas perdas que se derivan da alta mortalidade nas poboacións de mariscos, especialmente de bivalvos de interese comercial, logo das incesantes precipitacións deste outono-inverno.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e a todos.



Señorías, a pésima situación do sector marisqueiro galego e das rías galegas é o resultado dunha deixadez extrema por parte das autoridades pesqueiras do país. Isto é así porque o din os datos que levamos anos poñendo enriba da mesa e que a Consellería do Mar a día de hoxe xa non ten maneira nin de agachalos nin de negalos.

O propio conselleiro recoñeceu na súa intervención no último pleno que a problemática é multifactorial. Neste sentido hai que recoñecer que o noso traballo, o traballo do BNG, non foi inútil e que cando menos conseguimos que os máximos responsables da Consellería do Mar pasasen do negacionismo persistente a esbozar timidamente algunhas medidas extraordinarias, que son totalmente insuficientes e deslavazadas, pero que son o recoñecemento expreso de que a Xunta ten que botar man antes de que se derrube definitivamente un sector que ocupa aínda miles de persoas; un sector, que como o Partido Popular non se cansa de dicir, é resiliente e que, como nós dicimos, é indispensábel como o aire que respiramos para a economía de ducias de pobos costeiros do noso país.

Señorías, serei clara. Por un lado, cómpre atender a urxencia destes miles de traballadores e traballadoras que levan dende o mes de outubro sen apenas ingresos. Isto é —e esta é unha das propostas—, un plan estruturado, urxente, de cobertura económica e social que contemple axudas dende o mes de outubro ata que se recupere a actividade.

E isto non é, señorías, o que están a facer dende a Consellería do Mar. Dende outubro aprobaron axudas nun pago único de 550 euros por persoa, un pago único que ía destinado en principio a 7.300 mariscadores e mariscadoras e acabou chegando unicamente a 3.911; unha partida total de 4 millóns de euros da que só 2 chegaron aos principais afectados. Os 400.000 euros anunciados para paliar as perdas das confrarías seguen a día de hoxe sen estar convocados, e dos 10 millóns que anunciaron —tamén en campaña electoral— de axudas FEMPA só convocaron 7,2, e para o marisqueo a frote e en zonas moi concretas na nosa costa. A nós gustaríanos saber —xa llo preguntamos o outro día ao conselleiro, pero non nos deu pistas— a onde van ir parar os 3 millóns que agora deixaron sen convocar. Ou, por exemplo —e ao mellor é máis importante—, ¿cando van saber algo da Xunta as miles de mulleres, sobre todo do marisqueo a pé e doutras zonas, que non aparecen nesta convocatoria? Isto para nós, señorías, non é un bo comezo, isto non é serio e non se pode seguir xogando coa xente nunhas circunstancias tan críticas.

A consellería —e aí vai a nosa segunda proposta— debe poñer en marcha o seguro público de produción marisqueira, que eliminou o Partido Popular nada máis chegar ao Goberno no ano 2009 e que resucitaron *de entre los muertos* no ano 2021 para seguir na súa maraña de promesas e anuncios, pero que a día de hoxe continúa sen existir.

Terceira proposta. Deben demandar do Estado a exención das cotas da Seguridade Social para as persoas afectadas ata que se recupere a actividade con normalidade. E debe facelo a Consellería do Mar se fai falta personándose en Madrid con datos, con informes e sobre todo con máis vontade que a de confrontación co Estado, precisamente para tratar de conseguilo. O propio presidente da Xunta en persoa foi varias veces a Madrid nas últimas semanas. Foi a unha voda; (*Murmurios.*) en fin, si si, foi a unha voda. Tamén asistiu a unha manifestación mesmo este último domingo —verdadeiramente vergoñenta, ao noso xuízo— mentres aquí



tiña un país en pé en contra dos seus brillantísimos plans de industrialización. *(Aplausos.)* Entón, señorías, entendemos que non lle deberían doer prendas ao propio presidente da Xunta en ir a Madrid en persoa pero a defender os intereses dos galegos e das galegas, que son precisamente a quen se debe e os que o fixeron presidente da Xunta.

Por outro lado, fóra do máis urxente, que é o que acabo de citar, cómpre facerlle fronte á situación de retroceso das rías nos últimos anos e estudar en profundidade, xunto co sector, os centros de investigación e as universidades, o que está a pasar. Nisto xógase precisamente o futuro do sector, que leva anos reclamando saber cales son as causas do que vén ocorrendo para poder comezar a recuperar as rías e a súa produtividade. E isto só é posible facelo —aí vai a seguinte proposta— poñendo todos os medios posibles para executar cos orzamentos suficientes o conxunto de medidas que se estuden e se acorden. En definitiva, trátase de investir os orzamentos que todos os anos deixa a Xunta sen executar e trátase tamén de recadar fondos e participación doutras administracións, mesmo das europeas.

O conselleiro anunciou aquí no último pleno un plan de competitividade do marisqueo de 123 millóns de euros. Ben, un plan de marisqueo que ía ser para 2024-2025 e el mesmo aquí dixo que abarcaría ata 2026; cada vez imos dividindo máis. E é un plan onde inclúe absolutamente todo: as axudas que xa deu de 550 euros, as que convocou o outro día de 7 millóns de euros, máis todas as que veñan. Polo tanto, non sabemos moi ben —vistos os precedentes— se este plan vai chegar para algo ou vai quedar na metade ou incluso en menos.

Miren, señorías, cando falo de recadar colaboración e participación doutras administracións, refírome, por exemplo, a que o deputado Conde —do seu partido e exconselleiro da Xunta— reclamou a semana pasada no Congreso dos Deputados 250 millóns de euros para a instalación dunha industria na Ulloa —que, por certo, só queren vostedes, Altri e Greenalia— e fixo a proposta alí no Congreso co argumento, entre outros, de que Altri —leo textual— «tiña un descenso do seu rendemento financeiro recente». Señorías, aquí quen sofre un verdadeiro descenso de ingresos —e non precisamente recente— neste país é o sector marisqueiro, *(Aplausos.)* e nós non escoitamos o señor Conde —nin sequera a señora Quintana e moitísimo menos o señor Feijóo, non os escoitamos— facerse eco dos seus problemas en Madrid, nin reclamar 250 millóns de euros para a recuperación deste sector e da calidade das augas das nosas rías. A nosa proposta é que os 250 millóns de euros da destrución pola que vostedes apostan con Altri se convertan nos 250 millóns de euros da construción e da recuperación das rías galegas e dos miles de postos de traballo que dependen delas. É moi simple, señorías, o único que teñen que facer é non volver situarse no lado do espolio e poñerse ao lado da capacidade de producir e de xerar riqueza no noso país e para o noso país. *(Aplausos.)*

Remato, presidente.

Todo isto, todas estas propostas que vin citando aquí unha por unha resulta que o Partido Popular xa as coñece e non só as coñece senón que as aprobou o día 7 de maio na Comisión de Pesca; é dicir, estas propostas foron aprobadas por unanimidade alí. Polo tanto, ¿que lles propoñemos agora? Ben, pois tamén é moi sinxelo: que presenten no Parlamento o cronograma, as medidas concretas e as partidas orzamentarias para levar a cabo o acordo que



propuxemos e que aprobamos por unanimidade o día 7 de maio. Xa lle dixen ao conselleiro no último pleno —e repítoo— que os principais afectados están xa cansados de vernos votar a favor, de vernos votar por unanimidade e que logo a Xunta de Galiza mete os acordos nun caixón e nunca máis se acorda deles.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Este é o momento de acordarse do que acabamos de aprobar.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

En primeiro lugar, gustárame expresar as nosas condolencias polo pasamento de Sergio Salnés, o bombeiro municipal de Vigo que faleceu en acto de servizo este sábado. Vaia dende aquí todo o cariño e o apoio do Partido Popular á familia, compañeiros e amigos de Sergio. (*Aplausos.*)

Debatemos hoxe unha moción do BNG sobre a mellora da produtividade marisqueira nas rías, e o noso grupo presenta unha emenda que entendemos que deberá ser apoiada porque recolle o acordo literal da Comisión de Pesca e Marisqueo acadado o pasado 7 de maio.

Señorías, o Partido Popular é moi consciente da grande importancia económica, social e ambiental que ten a actividade do marisqueo para Galicia, xa que estamos falando de máis de 3.500 permisos de marisqueo a pé, case 2.000 embarcacións na modalidade de marisqueo a flote e máis de 370 permisos con algunha das modalidades de recursos específicos.

Endexamais negamos a complicada situación pola que atravesamos o sector do marisqueo, algo que nos preocupa moito, porque para o Partido Popular o marisqueo é absolutamente prioritario e estratéxico. Por iso, tamén exiximos un compromiso de todas as administracións, porque ata agora a única administración que está dando solucións aos seus problemas é a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

En xaneiro, 4 millóns de euros en axudas directas aos mariscadores, 550 euros por persoa, que xa cobraron practicamente todos os case catro mil que as solicitaron; unha segunda liña de 400.000 euros para as confrarías, que vai saír publicada nos próximos días; unha terceira liña de axuda pola parada temporal, de 10 millóns de euros; e o Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo para 2024-2025, que contén un conxunto de actuacións elaboradas co sector nas que se van mobilizar 123 millóns de euros para impulsar a competitividade e o futuro do marisqueo en Galicia, 123 millóns de euros para o sector e nos anos 2024 e 2025.



Así que, señores do BNG e do PSOE, leccións, ningunha. De momento, Xunta, 15 millóns; BNG e PSOE, cero. *(Aplausos.)*

Ademais destas axudas que acabo de mencionar, estanse poñendo en marcha máis fondos para rexenerar bancos e xerar novas zonas de traballo; no mes de xullo sairán tres novas liñas de axuda. E, por último, tamén se está a traballar na busca de especies máis resistentes para tratar de diversificar a produción e a comercialización, todo isto traballando cóbado con cóbado co sector.

O que si queda claro —e algo gañamos— é que o BNG, por fin, por fin reconece que as chuvias producidas entre outubro e novembro do ano pasado non foron nin medio normais. Segundo Meteogalicia, choveu un 127 por cento máis que o valor climático habitual e nalgúns zonas da vertente atlántica superáronse os 1.000 litros por metro cadrado. Estas abundantes choivas provocaron un descenso da salinidade da auga mariña ata niveis mortais para o marisco, especialmente para os bivalvos de interese comercial. Por iso, a Xunta de Galicia solicitou a declaración de zona catastrófica e incomprendiblemente a Delegación do Goberno en Galicia non se dignou nin tramitala nin enviala a Madrid. Pero, por favor, ¡por favor!, un pouco de seriedade. E pediría ao Partido Socialista que, se non lle queren chamar zona catastrófica, poden chamala zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil; a nós dános practicamente igual. O que nos importa é que o Goberno de Sánchez axude o sector do marisqueo, porque non me negará que é lamentable que os seus socios en Madrid lle estean negando a Galicia o que a outros territorios lles deron en circunstancias similares. *(Aplausos.)*

Porque eu preguntolle: estes traballadores que están sen actividade, de verdade, ¿deberían estar pagando as cotas á Seguridade Social? ¿Parécelles normal que estean pagando ao redor de 300 euros ao mes por non traballar?

Señorías do BNG, non se equivoquen: nós estamos aquí para defender os intereses dos galegos, para defender a xente do mar, por riba de todo e ante quen sexa. E vostedes parece que só están aquí para atacar o Partido Popular e dicirlles amén aos seus socios, a eses que venden Galicia. *(Aplausos.)* Por iso nós, cando dicimos non á amnistía e si á igualdade, tamén nos estamos referindo á pesca e ao marisqueo, tamén á Lei do litoral, tamén ao traspaso da AP-9. ¡Igualdade e Estado de dereito, señores do PSOE e do BNG!, ¡igualdade e Estado de dereito! Nós dicimos non sempre á amnistía; non como o Partido Socialista, que dicía unha cousa antes e despois outra; despois das eleccións vendéronse por sete míseros votos.

E por iso hai que ser coherentes, señora Pérez, porque, cando asinaron o pacto co Partido Socialista para levar a Sánchez á Moncloa, neste pacto —que lle chama Rueda «de garrafón»— non se lembraron de incluír nin unha soa palabra sobre a pesca nin o marisqueo. Agora que hai eleccións europeas, o 9 de xuño, van na papeleta de Bildu e Esquerra Republicana; queda claro que Bildu, BNG e Esquerra a mesma cousa é. Nada esperamos da candidata de Agora Repúblicas-BNG. No seu debate de onte na TVG apenas falou da pesca. Ben, dixo que Galicia está discriminada, é o que dixo. É certo que algo máis que de Ucraína falou, e iso que o presidente de Ucraína está de visita oficial en España, pero diso nin chío, non se vaian molestar os seus amigos de Rusia; diso nin chío.



Señorías, nestas eleccións europeas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) xogámonos o futuro da pesca en Galicia, e o BNG, aínda que o agochen, vai na papeleta dos inimigos de España (*O señor Fidalgo Iglesias amosa uns documentos.*), vai cun candidato condenado por terrorismo e, por se fose pouco, vai integrarse cos inimigos da pesca, cos Verdes/Alianza Libre Europea. En resumo, vai cos inimigos de España e cos inimigos da pesca, eses que están máis preocupados polos peixes que polos pescadores, como o comisario da Pesca, o señor Sinkevičius, un ecoloxista radical que ata prohibiu a pesca de fondo.

Grazas ao Partido Popular Europeo, o marisqueo está incluído como pesca artesanal e pode recibir fondos europeos do FEMPA que antes non recibía. Xa vimos o que lles importa a vostedes o marisqueo e a pesca e os bulos que difundiron na crise dos *pellets*; ata o propio sector —parece mentira— lles tivo que calar a boca. O Partido Popular é o partido da pesca, PP, partido da pesca, (*Risos.*) (*Aplausos.*) ademais do partido da Xunta. Así é, claro que si, ¡claro que si!

Para terminar, ademais da Xunta, ¿quen aportou algo para as mariscadoras e os mariscadores galegos? Ninguén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidente.

Deputados e deputadas.

Señor Fidalgo, ¡como deixou o nivel! Crin que viñamos falar de pesca e marisqueo, pero estas emendas á totalidade que fai o Partido Popular... Quizais, ao mellor, debería pensar que a xente do mar non quere que lle anulen a Seguridade Social, senón que quere traballar e quere gañar diñeiro e, para iso, é necesario que a Xunta de Galicia colla as súas competencias e empece a traballar para conseguir eses recursos necesarios para que esa xente traballe. Iso é o mellor que podemos facer por Galicia, e ata agora iso non se está facendo. (*Aplausos.*)

Volven vostedes falar de zona catastrófica, pero xa o outro día, na pregunta que lle dirixín ao conselleiro, advertín de que non hai un problema de zonas catastróficas e que non é un problema de choivas puntuais, senón que é un problema radical de cambio das condicións ambientais das nosas rías. Ese é realmente o problema. Neste momento hai chuvias, pero imos ter períodos de chuvias altas e períodos de seca, como estamos a vivir nalgunhas ocasións. Vai haber cambios tamén nas correntes, nos nutrientes e tamén no pH —o outro día saía unha noticia de que o sector do mexillón tamén vai ter problemas debido precisamente á subida do pH—; e vai haber diminucións do oxíxeno disolto na auga. En todo isto é no que ten que estar agora a Xunta de Galicia traballando para solucionalo de cara ao futuro.

Deixen de mirar para atrás e deixen de mirar para outros; as competencias do marisqueo e as competencias do litoral son súas; traballen, traballen intensamente. (*Pronúncianse palabras*



que non se perciben.) Por certo, por un traballo feito pola Universidade da Coruña que axudou a... *(Risos.)* Teño que poñer aquí a miña publicidade tamén. ¿De acordo? Polo tanto, póñanse a traballar, póñanse a facer esas cousas directas. *(Murmurios.)*

Ademais, vostedes fan anuncios; aquí acábase de comentar das sete mil axudas para mariscadores e mariscadoras; só se concederon tres mil novecentas. Isto quere dicir que a consellería non coñecía o sector ou simplemente utilizou un sistema de propaganda electoral. Elixan vostedes, das dúas, cal é a causa real, aínda que calquera das dúas deixa en moi mal lugar a consellería.

Polo tanto, é necesario que a consellería, xa, poña enriba da mesa, non só nos periódicos, ese chamado Plan de sustentabilidade do marisqueo de Galicia —en *La Voz de Galicia* poñía 2024-2027, agora é 2024-2025— dotado con cento catro millóns de euros. Poñan enriba da mesa ese plan. Traian aquí ao Parlamento ese plan para que poidamos traballar sobre el e para que poidamos tamén aportar propostas. Por certo, algunhas das medidas que se plantexan e que saíron na prensa é mellor que xa nin as intenten porque non van dar resultados. Polo tanto, iso é o que queremos. O que queremos é traballar polo sector marisqueiro, entre todos, porque vostedes representan unha parte da sociedade, pero nós tamén, ¡nós tamén! Polo tanto, todos queremos traballar para iso.

É necesario que se recuperen esas poboacións de marisco, pero non só dos berberechos e as ameixas; o polbo, o mexillón e o percebe tamén están tendo problemas. Polo tanto, é un problema global e necesita solucións globais. Póñanse a traballar conxuntamente, falen co sector, pero tamén preséntenlle propostas; porque o sector está moi ben escoitalo, pero quen toma as decisións e quen pon os programas enriba da mesa é o Goberno, que para iso foi elixido polo pobo galego.

Por certo, facía vostede unhas contas moi curiosas; metía como fondos da Xunta o FEMPA, que son fondos europeos, e esqueceuse dos trinta e seis millóns que o Goberno central investiu na rehabilitación da ría do Burgo, que tamén é para o marisqueo. Polo tanto, iso tamén está aí.

Pero ben, empecen a traballar. Teñen moitas posibilidades, por exemplo, a rexeneración de rías. Poden poñerse a traballar cos mariscadores e coas mariscadoras da ría do Burgo, que é un magnífico exemplo de como podemos traballar na rexeneración dunha ría moi contaminada. Por certo, utilicen os mariscadores e as mariscadoras precisamente para realizar eses traballos de vixilancia, de mantemento e de seguimento desas poboacións. Así tamén esa —digamos— recuperación serviría para dar pulo económico aos mariscadores e ás mariscadoras.

Comecen a realizar probas de resembrar nos bancos. Aí teñen Camariñas, un exemplo ideal para empezar a traballar tamén co sector. Por certo, Camariñas non está incluída dentro destas axudas porque teoricamente non é das zonas nas que houbo unha influencia de chuvias. Pois aí teñen. Por certo, hai aquí unha deputada de Camariñas que estaría encantada de que iso fose así.

Polo tanto, empecen a traballar, empecen a poñer cousas enriba da mesa. Teñen que traballar na rexeneración das rías. Aí teñen a ría de Arousa, un exemplo magnífico para empezar a



traballar. Pero teñen que empezar a buscar novas zonas e novas especies que sexan máis resistentes, porque —repito— os procesos non van ser puntuais, non vai ser que un día chova —que, por certo, vai seguir habendo días que chova—, senón que imos ter que estar protexidos, porque vai haber un cambio radical nos movementos de area, incluso dentro das rías.

Polo tanto, empecen a traballar, empecen a poñer enriba da mesa solucións para o sector a medio e a longo prazo e, sobre todo, tamén poñan medidas para solucionar a situación dos traballadores e das traballadoras do marisqueo, porque iso é o que temos que, de forma inmediata, recuperar e, deste xeito, darlles esas posibilidades para vivir dignamente do seu traballo, que é o que piden. O que non piden é que se lles dean subvencións, o que piden é que se lles permita traballar e, se poden traballar precisamente nos procesos de rexeneración deses bancos, moito mellor, porque estarían traballando para o seu futuro.

Polo tanto, desde aquí dicir que o Partido Socialista vai apoiar a proposta do Bloque Nacionalista Galego, e incluso, se a emenda do Partido Popular é aceptada polos proponentes, tamén imos votar a favor desa proposta con esa emenda, para que vexan que nós traballamos por Galicia e para Galicia e, sobre todo, para os galegos e para as galegas.

«Xa os tempos son chegados» di o himno, pero aquí neste caso vén moi acaído. É o momento de empezar a poñer solucións enriba da mesa, solucións reais e efectivas. Porque, se non se poñen solucións rápidas, si que haberá unha situación de catástrofe no sector marisqueiro, e esa situación non será debida ás chuvias, senón que será debida á inacción e á mala xestión do Goberno da Xunta de Galicia e da Consellería do Mar.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Abalde.

Cometín un erro antes, porque lle tocaría falar ao señor Ojea, pero dou por feito que en Ourense, ao non haber mar... (*Asentimento.*) Vale, grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Entón, doulle ao timbre e pasamos á quenda do grupo autor da moción, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro do Mar, alégrome moito de que assistise a esta *parrafada* do señor deputado (*Aplausos.*), porque, realmente, con amigos así xa non lle fan falta inimigos. Señor conselleiro, pode vostede estar ben tranquilo.

Señor Fidalgo, faltoulle un pe, non un pé, un pe. (*Murmurios.*) Son vostedes o PP, «partido da pesca», e engádalle outro pe, «partido da pesca profunda»; tan profunda que en quince anos non foron capaces de sacala a flote, tan profunda como iso. (*Aplausos.*)

Non sei, señor Fidalgo, se a vostede lle parece que as miles de persoas que apenas levan sen percibir ingresos desde o mes de outubro estarán aplaudíndolle pola súa intervención ao res-



pecto de amnistía e non sei cantas cousas máis; vostede confundiuse de sitio, ¡vostede confundiuse de sitio! Este non é o sitio para que o Partido Popular veña dar un mitin. Este é o Parlamento galego e é onde, en teoría, ¿verdade?, vimos facer propostas e a debater sobre esas propostas. Entón, a min gustaríame que vostede reflexionase en serio e se preguntase se aos miles de persoas afectadas desde outubro por este problemón, señor Fidalgo, lles gustou e lles pareceu ben un debate no que vostede non entrou, en absoluto, no problema no que tiña que entrar.

Di vostede que traemos aquí, literalmente, a proposta que levamos á comisión do día 7. Claro, eu lamento que, ademais de todo isto que acabo de dicir, teña vostede problemas de comprensión lectora, porque aquí ao que estamos instando é a que se presente o cronograma e as partidas orzamentarias para levar a cabo os acordos que tomamos o día 7. *(Aplausos.)* Iso é, señor Fidalgo, o que imos votar, dígollo por se se equivoca ao votar. O que imos votar é establecer un cronograma e concretar as medidas que se van levar a cabo por parte da Consellería do Mar, porque ata o de agora non foron ningunhas.

Non fale de catro millóns de euros, porque xa lle dixen na miña primeira intervención que foron dous; non fale de dez millóns de euros que ían convocar para o marisqueo a flote, porque xa lle dixen que convocaron 7,2; e non fale de todo o que van convocar para confrarías, etc., porque o levan prometendo desde o mes de decembro. Entón, cando as teñamos no DOG, logo falamos sobre números concretos e sobre medidas concretas. *(Aplausos.)*

Remato, señor presidente, lamentando, unha vez máis, que o portavoz do Partido Popular viñese falar aquí de todo o que lle deu a gana menos do que realmente lles interesa a miles de persoas neste país, miles de persoas que son mariscadores e mariscadoras, que realmente están agardando por unha Administración e por un Goberno galego que non dá chegado, que leva quince anos sen chegar aos seus problemas e que, como todos os datos indican, non fai máis que facer minguar ese propio sector.

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, fixemos unha transacción co Partido Popular, da que só lle teño que ler a primeira frase, porque o resto é exactamente igual:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a presentar neste ano en sede parlamentaria...». O cronograma e as partidas orzamentarias continúan exactamente igual.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ben, damos por feito que na Cámara todo o mundo ten comprensión lectora. *(Murmurios.)* Si, creo que si. Ata aí chegamos.

Ben, imos votar.



Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre as estratexias para afrontar a actual crise de acceso á vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 40; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada a moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez.

Hai unha transacción, que foi lida xa aquí.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Empezamos a tarde.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda, que ten o número 4926.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e

por iniciativa da deputada Patricia García González, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que, cumprindo co seu propio calendario, publique de inmediato toda a normativa reguladora da Formación Profe-



sional (FP) que aínda está pendente e habilite unha partida específica para financiar o seu desenvolvemento, elaborando unha memoria económica da implantación da nova lei estatal de FP».)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a defensa da proposición, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Patricia García González.

A señora GARCÍA GONZÁLEZ: Boas tardes a todas e a todos.

Moitas grazas, presidenta, por darme o uso da palabra.

Antes de iniciar a miña exposición, gustaríame sumarme ás condolencias trasladadas polo meu compañeiro do Grupo Parlamentario Popular, don Miguel Fidalgo, polo pasamento de Sergio Salnés, bombeiro falecido en acto de servizo en Vigo o pasado sábado. O meu recoñecemento ao seu servizo e ao dos seus compañeiros bombeiros de profesión polo encomiable labor que realizan para garantir a seguridade cidadá.

A Lei orgánica 3/2022, da formación profesional, do 31 de marzo do 2022, é unha lei continuísta da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, tildada «Lei Celaá». Para todos os efectos aparentaba ter un aspecto moito máis amable e moito menos ideolóxico, pero, como se soe dicir, segundas partes nunca foron boas.

Ademais, con todo o que se vén aprobando desde o Goberno de Sánchez, tiña letra pequena. Non se fan as cousas, señorías, por debaixo da mesa, como sucede con esta lei, nin tampouco por decretazo. Recordemos. No que vai de lexislatura, o señor Sánchez aprobou 145 reais decretos, 84 leis e 37 leis orgánicas. Foi o único presidente do Goberno que aprobou máis decretos que leis. O 69 por cento das leis aprobadas no ano 2023 foron por decreto. ¡Menuda maneira de desprezar o Congreso! Repito, así non se fan as cousas nun estado democrático. O normal creo que é que as leis se disputen na Cámara correspondente, co seu debate oportuno. Outra cousa supón usurpación de poderes e anulación do debate.

Este tipo de prácticas trileras de última hora o que fan é que unha lei de educación, que, sen dúbida, require un pacto de Estado e, por tanto, consenso de todos os grupos parlamentarios, pase o exame coa nota moi raspadiña: 180 votos a favor, 88 en contra e 75 abstencións. O único partido que se manifestou en contra da norma fomos nós, o Partido Popular, por atentar contra os centros concertados.

Hai unha serie de emendas que se aprobaron durante a tramitación parlamentaria, castigando a concertada, porque Sánchez unha vez máis se rendeu ás exixencias dos socios nacionalistas do Goberno e rompeu o acordo e o equilibrio entre unha FP sostida nunha porcentaxe polo ensino concertado e privado.

E dirán que foi un capricho do PP votar en contra. Non, non, non se equivoquen, as patronais representativas do sector da educación de ámbito estatal advertiron da súa preocupación polos aspectos modificados no trámite parlamentario. Coincidían na preocupación da afeción desta lei do Plan de modernización da formación profesional nun dos principios básicos e vertebradores, como é a colaboración público-privada, en concreto, no referente aos cen-



tros que impartirán a oferta de formación profesional. Confiaban en que a lei contemplase a importancia de contar con todos os centros do sistema de formación profesional, que realizan un gran labor, e que son necesarios para alcanzar os obxectivos que persegue esta lei. Pero parece que aos que saben non se lles fai nin caso.

Un ano e medio máis tarde, vimos como se publicaba no BOE o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desarrolla a ordenación do sistema de formación profesional. Condição desde a súa publicación a estratexia dos centros de formación profesional regrada de graos medios e superiores, así como dos centros de formación para o emprego, en canto á regulación dos certificados de profesionalidade se refire no ámbito educativo. Son 232 artigos, 22 disposicións adicionais, 9 disposicións transitorias e 8 disposicións finais, e sigo. Todo para non regular os elementos integrantes, eixo do instrumento da xestión do sistema nacional de formación profesional.

No proxecto do real decreto que finalizou o seu trámite de audiencia pública o 16 deste mes, determínase a súa estrutura, organización, contido, os rexistros dos centros e as acreditacións profesionais, entre outros elementos, pero seguen sen estar pechados. Setembro do 2023 é a data comprometida polo señor Sánchez. É dicir, o Goberno de Pedro Sánchez está incumprindo os prazos que el mesmo fixou. A reforma da lei estatal de formación profesional é un exemplo máis da improvisación de Pedro Sánchez no eido educativo, un xeito de proceder que só se entende dentro da vontade desenfreada por reformar todas as leis educativas, que está provocando problemas e tensións dentro do sistema.

Os retrasos acumulados deixan sen marxe de manobra as comunidades autónomas, que provocan incertezas na comunidade educativa. O Ministerio ten en vilo un amplo número de persoas e centros que conforman en Galicia o gran sistema de formación profesional.

A situación, de verdade, resulta cada vez máis intolerable. A tres meses do inicio do próximo curso, e máis de nove meses despois da data que o propio Ministerio de Educación marcou como límite, o Consejo de Ministros aprobou a normativa reguladora de FP.

Os textos aprobados e os reais decretos que regulan, como ben dicía, os títulos de FP en grao básico, medio e superior, chegan tarde e sen ningún tipo de diálogo coas comunidades autónomas. Non incorporaron nin unha soa alegación das comunidades autónomas, que son, en último termo, as responsables de aplicar todos os cambios nos seus territorios.

Ademais, a normativa reguladora da formación profesional para o vindeiro curso continúa estando incompleta, xa que o Ministerio segue sen publicar a modificación do Real decreto 659/2023, que ten que subsanar os seus erros e contradicións; un texto necesario para que Galicia e o resto dos territorios poidan tramitar os seus propios decretos, informar deles a centros, alumnos e profesores e aplicarlos para o novo curso. Ocorreu coa LOMLOE, a lei educativa, cunha implantación caótica, e continúa con reformas na ABAU, que nin sequera tiña presuposto asignado nin unha memoria económica acompañaba esta nova lei. ¿Quen vai pagar todos estes custos extras? (*Aplausos.*)

En calquera caso, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos intolerable que o modelo de éxito da formación profesional de Galicia se poña en risco pola improvisación do Go-



berno central. É fundamental que o Goberno cumpra de inmediato coa súa obriga e publique canto antes os novos currículos e decretos correspondentes, para evitar máis demoras e falta de concreción.

No caso concreto de Galicia, adiantámonos, temos moi boas experiencias en formación profesional, e estamos a tramitar o noso decreto autonómico. E tendo en conta os incumprimentos do prazo por parte do Ministerio, iso fai imposible unha publicación deste decreto para o curso que vén. A Xunta elaborara para, polo menos, ter regulados os dous próximos cursos.

Non imos quedar calados ante a falta de vontade de acordo e deslealdade institucional consistente do Goberno de Pedro Sánchez. Tamén, como xa fixo o Goberno galego, reclamamos estes reais decretos.

Ata o momento o Goberno de Pedro Sánchez non elaborou ningunha memoria económica na implantación da FP da nova lei, nin habilitou ningunha medida específica para o respecto. Non imos, de verdade, poñer en risco os éxitos alcanzados. A nosa formación profesional está vivindo un momento dourado, con taxas de finalización do 85 por cento; do 97 por cento, cando falamos da FP dual. Recordemos que no 2009 estaba no 30 por cento. Estamos en 65.000 alumnos, cun 76,3 por cento de titulados.

Finalizo. É moito máis grato contar as fortalezas da nosa FP cando as personalizas, de verdade: nomes como o Ezequiel Soto, estudante de Enxeñería Informática do IES San Clemente, de Santiago; María Bazar, estudante de Panadería do Centro Integrado de Formación Profesional das Pontes; e Laura Pereira, estudante de...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora GARCÍA GONZÁLEZ: ...—si, si, remato—Restauración e Hostalería do Centro Integral de Formación Profesional, Manuel Antonio, de Vigo. Tres medallas de ouro, 3 dos 38 estudantes galegos da FP que competiron hai dúas semanas escasas no campionato Spainskills 2024. En total, 9 medallas para a FP galega. Só Andalucía e Valencia lograron máis metais ca nós.

Datos, feitos e éxitos que corroboran que a educación en Galicia funciona.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora do Grupo Mixto.

¿Vai facer uso da palabra? (*Negación.*) Renuncia o señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Julio Ernesto Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes.

Apréndese moitísimo neste Parlamento, agora que acabamos de descubrir que a FP se valora por medallas. ¡Impresionante! (*Aplausos.*) É dicir, eu crin que era por calidade da formación, por resultados, por empregabilidade... Non, é por medallas nacionais. ¡Perfecto!

Imos intentar falar un pouquiño de educación. Nesta lei —que parece ser que é unha lei ideolóxica; eu non sei se hai algunha lei feita por un determinado partido político que non sexa ideolóxica, porque todas as que aprobou o Partido Popular tamén eran leis ideolóxicas— o que temos que ver é cales son as súas características, en que se basea. Pois esta lei baséase en intentar modernizar o sistema de educación en formación profesional, fundamentalmente en implantar a formación dual en todos os primeiros cursos de ciclos e graos medios e superiores, e tamén, nos casos dos mestrados de formación profesional —nome absolutamente horrible— que teñen prácticas, aplicar a formación dual. Ademais, en dous sistemas, un máis intensivo que outro, un cun 25 por cento —entre un 25 e un 35 por cento— e outro entre un 35 e un 50 por cento. Pero o que é máis importante é que esta lei introduce que todos os alumnos que fagan prácticas van ter alta na Seguridade Social e que o Goberno central se responsabiliza do 100 por cento do custo desas prácticas, o cal significa que á Xunta de Galicia non lle vai custar absolutamente nada, contrariamente ao que sucede, por exemplo, coas universidades, que teñen que poñer un 5 por cento da cota da Seguridade Social porque a Xunta de Galicia non dá fondos ás universidades para pagar ese 5 por cento. Polo tanto, déanlle grazas ao Goberno central, que lles está pagando o 100 por cento da contribución á Seguridade Social.

Pero tamén, nestes ciclos de formación profesional, hai uns contidos moito máis adaptados á situación actual da economía moderna. Polo tanto, introducen módulos onde se estuda dixitalización aplicada ao sistema, onde se estuda sustentabilidade, onde se introduce o inglés técnico, onde se introduce un itinerario persoal para empregabilidade e para darlle estratexias e habilidades necesarias para a empregabilidade, como poden ser emprendemento, dereito social, as *soft skills* vinculadas á empregabilidade, a xestión do tempo ou a creatividade. É dicir, substitúense módulos antigos pensados para unha actividade profesional diferente por uns módulos moitísimo máis modernos e moitísimo máis adaptados á situación actual. E facilítase a internacionalización, por un lado, porque se introduce o inglés técnico e, por outro lado, porque se facilita a mobilidade entre incluso a posibilidade de títulos que se poidan realizar entre centros nacionais e centros internacionais.

Tamén se introducen materias optativas, o cal permite que se poidan definir proxectos intermodulares que permiten o traballo e a formación baseada fundamentalmente en retos nas aulas dos propios centros, e tamén —que é unha longa reivindicación das universidades e desta comunidade autónoma tamén— o feito do recoñecemento de créditos que antes eran das universidades polos créditos que se facían en FP. Agora ese recoñecemento é mutuo, de forma que na FP tamén se poden recoñecer créditos realizados nas universidades.

Vostede falaba aquí do modelo de FP de éxito de Galicia. ¿En que se basea o modelo de FP de éxito en Galicia? Baséase fundamentalmente na dualidade e no inglés. ¿Por que esta lei vai afectar o modelo de éxito de Galicia? En absoluto, o que vai facer é facilitar que, con



traballo e con desenvolvemento adecuado, Galicia teña mellores posibilidades para desenvolver esta lei.

Vostede di que non hai apoio económico, pero o certo é que esta lei —a Lei de formación profesional— leva acompañados 1.200 millóns para todas as comunidades autónomas, dos que Galicia vai recibir 116 millóns de euros —por certo, non son datos do Ministerio, son datos da Consellería de Economía no seu informe dos fondos Next Generation—. Pero é que, por exemplo, en dixitalización da educación van recibir 86 millóns de euros, e tamén na escolarización de 0 a 3 anos hai unha cantidade de 37 millóns de euros. É dicir, para educación, exclusivamente no ano 2024, van recibir 153 millóns de euros. Xa me gustaría que a Xunta de Galicia, con institucións universitarias que dependen directamente dela, tamén fixese o mesmo, porque a dixitalización é un elemento fundamental. Polo tanto, é unha lei actualizada e moderna.

Por certo, os decretos están aprobados; o pasado martes aprobou os decretos o Goberno de España e, polo tanto, a Xunta de Galicia xa os coñece perfectamente. O que ten que facer a Xunta de Galicia é intentar desenvolver os contidos, os ciclos e as formacións necesarias, precisamente, para dar os profesionais necesarios para que as industrias funcionen en Galicia.

Vostede poñía os exemplos das medallas. Pois eu tamén lle podoo dicir exemplos dalgunhas empresas que necesitan formacións moi específicas e que non atopan aquí, en Galicia, esas formacións específicas. Póñolle un exemplo, se quere: soldadores en Navantia, en Ferrol; non hai, e teñen que ir buscar soldadores a Asturias. Polo tanto, hai que facer un novo replantexamento —e iso é unha función da Xunta de Galicia— para deseñar ciclos formativos.

Despois, hai outra cousa que tamén me resulta moi curiosa, que é a interpretación que fai o Partido Popular da colaboración público-privada. A colaboración público-privada consiste en que unha institución pública colabore cunha institución privada; non é delegar nunha institución privada funcións e servizos que teñen que desenvolver as institucións públicas. Por exemplo, todas as prácticas duais e todas as prácticas nas universidades son, precisamente, con empresas privadas; os proxectos de investigación son de colaboración público-privada, pero o responsable, o que xestiona, o que realiza é a institución pública. Polo tanto, nós estamos a favor dunha colaboración intensa público-privada, pero o servizo de educación debe ser un servizo fundamentalmente público.

Xa que vostede fala de formación profesional e de relación público-privada, teño que recordar que o trinta por cento da formación profesional en Galicia está en mans de centros concertados ou privados e, do cen por cento total, o dez por cento está en centros única e exclusivamente privados. Ou sexa, hai un dez por cento da FP que está desenvolvida a prezos privados e sen soporte público. O que está claro é que neses centros a formación e o acceso para a formación non vai ser igual que no resto dos centros.

Polo tanto, nós dende aquí defendemos unha formación profesional pública e potente, que colabore con centros de formación concertados e que, sobre todo, teña a capacidade de dar



todas as formacións necesarias en centros públicos para que non dependamos de centros privados para esa formación. E, por suposto, ten que ser aquela formación que permita a inserción laboral e, sobre todo, que dea servizo ás empresas que necesitan profesionais con determinadas características e con determinadas competencias. Polo tanto, por iso é polo que seguiremos loitando e niso é no que seguiremos traballando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona María Cristina Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todas e a todos.

En setembro deste ano está prevista a implantación das principais reformas incluídas na Lei orgánica 3/2022, de ordenación e integración da FP e no Real decreto 659/2023 que a desenvolve. Os gobernos do Estado e da Xunta mantiveron o profesorado destas ensinanzas totalmente desinformado sobre a aplicación en Galiza da implantación tanto dos novos graos como dos principais cambios que vai haber nos graos D e E, sobre todo, no que ten que ver coa impartición de novos módulos nos ciclos da FP. Amais, a partir do vindeiro curso, toda a FP será dual, o que implica que o alumnado maior de 16 anos destes ciclos terá que adquirir en empresas ou en organismos equiparados dende o primeiro curso unha porcentaxe de resultados e de aprendizaxe de todos os módulos profesionais para poder superalos.

Esta proposición non de lei que traen hoxe a este pleno —que xa foi debatida previamente, por certo, na Comisión 4ª— é hoxe extemporánea, por iso vostedes presentaron esta autoemenda onde cambian un pouco a redacción da súa proposta. Porque o pasado día 21 —como xa ben dixeran— foron aprobados no Consello de Ministros os catro reais decretos que o Ministerio de Educación adiantara en borradores de traballo con anterioridade. Con eles remata o desenvolvemento normativo desta lei, que incorpora, ademais, módulos vencellados á dixitalización, á sostibilidade, ao emprendemento ou ao inglés técnico; algúns deles, por certo, que xa se viñan facendo a nivel transversal noutros módulos aquí, en Galiza.

A Consellería de Educación, tendo as competencias plenas para determinar a atribución horaria dos módulos ou a distribución das horas en prácticas nas empresas entre o primeiro e o segundo curso, non o fixo; preferiu sumirse nunha inacción e limitarse a reclamarlle ao Goberno do Estado, por mero enfrontamento, que aprobase definitivamente estes reais decretos pendentes, o mesmo que seguen facendo agora con esta súa emenda. O Partido Popular, en lugar de responsabilizarse dunha competencia exclusiva da Consellería, volve pasarlle a pelota ao Estado, provocando que os grupos de traballo —que xa foron nomeados, por certo, a primeiros de ano— non puidesen realizar a adaptación dos currículos e que teñan que facelo agora, asumindo este cometido nun tempo récord se, finalmente, teñen



que chegar ao principio deste novo curso. O certo é que carecemos dun goberno firme, que xa non o fixo no seu momento, e que tivo a oportunidade de defender o territorio e os nosos dereitos ante unha administración que estaba lexislando de costas a nós, negando unha realidade, a galega, que é ben diferente á do resto do Estado. Así que deixen de ir e vir a Madrid só para levar e traer recados, e que as reunións que celebren sirvan, precisamente, para defender os nosos intereses. *(Aplausos.)*

Son moitas as cuestións sobre as que os representantes das e dos docentes da FP levan advertindo dende a presentación deste borrador da nova lei, como é a de regular debidamente o incremento das horas prácticas en empresas nos dous cursos dos ciclos, convertendo así a FP en dual. Esta cuestión vai ter repercusións moi negativas na formación e na calidade educativa dos módulos profesionais. Amais, en zonas do noso rural, vai ter unha incidencia particular se temos en conta aquelas pequenas empresas das que dispoñemos nas contornas dos centros educativos. A inmesa maioría delas —case un noventa e cinco por cento— son empresas unipersoais ou con menos de dez traballadores e traballadoras, que non dispoñen de tempo e dunha persoa que sexa referente e que poida realizar a titorización do alumnado en prácticas, o que vai supoñer tamén unha merma importante no ensino.

Por se isto fose pouco, o anuncio por parte do conselleiro e da directora xeral de FP o pasado 26 de abril de contar co dobre de horas de inglés técnico a respecto do marcado como mínimo na normativa estatal e, aínda por riba, o de realizar ata as 700 horas de formación práctica nos ciclos medio e superior dispara todas as alarmas tanto nas direccións como nos docentes dos centros. A implantación destes cambios vai supoñer un 82 por cento máis que na actualidade e case o dobre do mínimo fixado na nova Lei de FP. A vostedes xa lles parecía que a lei era ideolóxica, pois vostedes aínda queren ir máis alá. Non sei a quen queren enganar, pero todos temos claro que o aumento destas horas de prácticas fai diminuír as horas para impartir os módulos formativos dentro dos centros educativos. Precisamente era a calidade formativa neste ámbito a garantía do prestixio da nosa FP —non as medallas—, e vostedes agora estana a destruír.

Igual acontece co aumento horario do inglés técnico. Deben explicar en que vai axudar isto a mellorar a calidade educativa en determinados ciclos formativos. Non digo que nalgúns non sexa necesario, pero naqueles que non o é sería aconsellable para o sector profesional que tivesen en conta a aprendizaxe tamén doutras linguas, como é o portugués, no noso caso, pola proximidade a este país veciño. Agora, coa aprobación destes reais decretos que vostedes tanto esperaban, vemos como se aproban sen opción de incluír ningunha modificación no seu contido na Mesa sectorial docente —á que nin sequera acudiron os responsables da FP do Ministerio—, pois non houbo o máis mínimo de negociación; iso si, salvo erros na redacción —iso si que se podía permitir— da que, seguramente, vai ser a reforma máis importante da FP en décadas.

Vostedes, o Partido Popular, ben saben que a aplicación desta lei vai supoñer unha merma importante na calidade educativa da FP. Esta é unha culpa compartida entre o Goberno da Xunta e o Goberno do Estado, xa que buscan, por unha parte, proporcionar man de obra barata ás empresas, non soamente polo custo da cotización, que usarán para alterar tamén as estatísticas con respecto ao emprego —como xa fixeron o mes pasado—. Por outra parte,



buscan beneficiar os centros privados mediante concertos educativos en lugar de crear novos ciclos nos centros públicos, que é o que deberían facer. Isto prexudicará enormemente o alumnado menor de idade, que se ve obrigado a ter que saír da súa contorna para realizar os estudos elixidos pola falta de oferta que necesitan preto da súa residencia. Levan moitos anos facendo isto: denegan ampliar ciclos formativos nos centros de ensino públicos, mentres llos están dando concertados ao ensino privado. Finalmente, permiten tamén a entrada de profesionais do sector produtivo na docencia con contratos laborais, sen exixir os requisitos de titulación necesarios, como noutros casos de docentes, o que lles permite, ao mesmo tempo, compatibilizar o traballo tanto no sector público como no privado.

Mentres fan isto, prexudican o alumnado, que en moitos casos non disporá dunha titorización axeitada nas prácticas; merman a calidade educativa, ao reducir as horas dos módulos profesionais impartidos dentro dos centros educativos por aumentar, precisamente, esas horas de inglés técnico e tamén as de prácticas, polo que o profesorado de FP verá minguar as súas horas lectivas nos centros; e fomentan, ao mesmo tempo, que a maior oferta de ciclos da FP —como dixen antes— estea nas empresas privadas.

Tamén están pendentes de resolverse, por parte do Ministerio, moitas dúbidas, sobre todo con respecto á legalidade desta decisión da Consellería do aumento exaxerado das horas prácticas e do inglés técnico, aínda que coñecemos ben o interese que comparten os dous gobernos. Coma sempre, o último que lle preocupa ao Partido Popular no Goberno da Xunta son os intereses de Galiza e da súa cidadanía; están acampando no país coa intención de non deixar ningún servizo público en pé. E no ensino —igual que acontece no sector da sanidade— vostedes teñen un nicho de negocio para o sector privado que están decididos a explorar ao máximo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición.

A señora GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas novamente, presidenta.

Señor Abalde, os alumnos galegos son parte da nosa comunidade educativa. Creo que merecen un respecto, porque son exemplo do esforzo. *(Aplausos.)*

Non me fale de medallas; «a cheas» son as que reparte o señor Caballero en Vigo.

Na miña primeira intervención falaba da necesidade de que a Lei de educación debe ser, entre outras, definida nun marco de pacto de Estado; non nun pacto raro que me dixo hoxe e ao que se refire sempre vostede, señor Abalde, o do PSOE do ano 2009: «*El PSOE se compromete a impulsar de nuevo un pacto de Estado por la educación si logra...*» — se logra — «*...gobernar tras las elecciones generales del próximo 28 de abril*». Pacto si, pero condicionado; esa é a letra pequena á que me refería eu.



Nesa mesma lexislatura foron vostedes o primeiro grupo político en levantarse da mesa de negociación do pacto impulsado polo Goberno do PP para non admitir a súa exixencia de investir o cinco por cento do PIB en educación. Mire, non vou entrar en quen dá máis. O certo é que foi Mariano Rajoy o que intentou sacar adiante un pacto educativo fóra da pugna política.

A alusión explícita na que se di que hai que garantir unha oferta pública suficiente foi introducida no trámite parlamentario, no artigo 24; un engadido nada menor que fai temer os centros...

privados e concertados un prexuízo sobre a oferta ao alumnado e ás empresas que participan con eles na formación. ¿Onde queda a liberdade de elección do centro que establece o artigo 27.3 da Constitución española? ¿Onde queda a cobertura dos centros en réxime de concertos que se deben incorporar ao sistema, se o requiren, do artigo 27.9? Tradúcese en que a liberdade do ensino é un dereito constitucional que contén un dobre dereito: ensinar e aprender sen que o Estado poña imposicións e sen interferencias.

O que non se pode tolerar é que esta máxima non quede perfectamente aclarada na lei. O BNG, lémbrolle, señora Fernández, manifestouse coa abstención. Como non quedaba tam pouco claro noutro senso, ¿como responderon? Con silencio.

¿Tamén vai falar da democratización dos centros concertados ou privados como din que van facer no campo da enerxía? Centros unicamente públicos coa imposición do monolingüismo. Igual esperaban que a lei recollese estas imposicións atentando contra a Constitución. Igual teñen pensado vostedes un modelo educativo nese Goberno alternativo que vostedes teñen. Moi mal perder teñen e tamén moi lenta a dixestión.

Que rancio é, de verdade, o continuo discurso de que as empresas se van beneficiar con man de obra barata. De verdade, cando vostedes escoitan a palabra «empresa» sáelles urticaria. Menuda mensaxe encuberta das pemes, que non van ter tempo. (*Aplausos.*) O caso é ir contra a empresa. Seguen vostedes cun discurso terraplanista, negacionista... (*Murmurios.*) Partan da realidade, por moito que lles escoza. Son as empresas o eixo de calquera motor de cambio, de innovación e de produtividade e, neste caso, as garantistas da adquisición de competencias.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora GARCÍA GONZÁLEZ: Si, presidenta.

Son empresas as que xeran emprego, pagan impostos e moven a economía. Mentres non aprendan isto, que é o pe co a, van vostedes mal. Eu prefiro que mellor queden como están, porque así vainos ir mellor a nós, que si que respectamos o tecido empresarial.

Imos ser positivos, seguiremos avanzando na consolidación do noso sistema, mantendo o compromiso e a confianza das empresas, potenciando a rede de centros integrados e impulsando unha FP dual que é referente para toda España, malia que lles pese, á espera de que o Ministerio de Educación e Formación Profesional publique a totalidade da normativa.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora GARCÍA GONZÁLEZ: Moitas grazas, nada máis.

Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicacións

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas. Unha que leva por número o 4896, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso. E outra, enumerada co 4922, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Castro García.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia a través do seu portavoz, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a través de AMTEGA se poñan todos os medios e recursos necesarios para que se poidan empregar ao máximo as achegas do Plan Único de Conectividade na nosa terra financiado con fondos do Plan de Recuperación.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego a través da súa portavoz, por iniciativa de D. Daniel Castro García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar ao Goberno do Estado as competencias en materia de conectividade para desenvolver desde o goberno galego as políticas necesarias neste eido, axeitándose ás nosas características demográficas, orográficas e económicas.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei, por tempo de oito minutos ten a palabra don Julio García Comesaña.



O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Señores deputados, en primeiro lugar, como deputado de Vigo, quero sumarme a ese recoñecemento ao bombeiro Sergio Salnés, falecido o pasado sábado en acto de servizo e, por suposto, quero solidarizarme e darlles as condolencias á familia, aos compañeiros e ao Concello de Vigo, do que el formaba parte. Tamén quero agradecerlle a todo o Pleno ese apoio unánime que tivo esta mañá.

Ben, indo xa coa proposición non de lei, ninguén dubida da importancia do acceso a Internet na sociedade actual en todos os ámbitos. O acceso de calidade e con velocidade de máis de cen megabytes por segundo é un requisito no día de hoxe, xa sexa no entretemento, na formación ou tamén nas actividades económicas. Este acceso é unha realidade nas grandes cidades, onde as operadoras despregan estas redes sen maiores dificultades, pero é certo que, cando falamos de concellos pequenos ou entidades de poboación dentro de concellos máis grandes, a situación cambia e son innumerables os galegos e as galegas que non teñen este acceso. Moitas das empresas galegas tampouco dispoñen del por vivir ou por estar instaladas neste tipo de poboacións.

Galicia, ademais, —como saben— concentra a metade das entidades de poboación de todo o Estado español. A maior parte delas son entidades de menos de cen habitantes, e é precisamente nestes núcleos onde existe un maior problema con ese acceso a Internet. Galicia require, pois, dun esforzo especial e adaptado para lograr os obxectivos de despregamento universal das redes de calidade para as telecomunicacións. Este é o obxectivo fundamental desta proposición non de lei: instar a Xunta a que manteña algo que vén facendo —por certo, con insistencia dende hai tempo—, que é solicitarlle ao Estado que teña en conta esas necesidades específicas dos territorios para acometer o despregamento destas telecomunicacións. Un despregamento que, de acordo aos compromisos asumidos ante a Unión Europea, debe dotar o cen por cento da poboación de todo o Estado de Internet de alta velocidade e de telefonía móbil de calidade no horizonte de 2025; é dicir, mañá mesmo.

Dende o Parlamento de Galicia pedimos que se reforce esta solicitude xusta e necesaria e que se ampare coa lexitimidade da totalidade da cidadanía de Galicia, representada polos grupos desta Cámara. Estes días escoitaba en moitas das comisións os grupos parlamentarios falar da protección do medio rural e falar de incentivos no ámbito económico, no ámbito educativo e no ámbito sanitario. Dende logo, todos eles son fundamentais, así como poder telos se o acceso ás redes é de calidade. Por iso, non entendería nin un só voto en contra desta proposición, nin sequera unha abstención. Galicia necesita especialmente desta dotación para garantir a calidade de vida das persoas, a calidade dos servizos e a igualdade de oportunidades para a xeración de riqueza.

Como saben, ademais, esta é unha cuestión que depende das operadoras —no ámbito das grandes cidades, como dicía, non hai ningún problema—, pero se non introducimos criterios de corrección, levar infraestruturas de telecomunicacións a determinadas entidades de poboación vai resultar realmente complexo.

Con todo, as competencias deste ámbito son do Goberno de España, que conta actualmente con acceso a fondos europeos específicos e que España ademais asumiu de xeito específico



no ámbito das redes ultrarrápidas. Para este obxectivo, concretamente, España dispón do Programa de universalización de infraestruturas dixitais para a cohesión, o programa Unico, dotado, nada máis e nada menos, de 4.200 millóns de euros, cuxo obxectivo —como digo— é, en redes fixas, acadar ese acceso do cen por cento de cen megabytes por segundo e, no caso da telefonía móbil, esa cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e nas grandes vías de comunicación terrestre, por exemplo na AP-9 ou mesmo na rede de transporte ferroviario. Dispón, polo tanto, dunha capacidade inédita que non tiveron outros gobernos para darlles resposta aos retos de conectividade do noso país, especialmente no ámbito rural.

A maior parte dese financiamento, o noventa e cinco por cento, está nas mans do Estado. O Estado o que fai é facer concursos públicos que adxudica a operadoras, pero non é suficiente con iso. Temos o caso, por poñer un exemplo, do pobo de Puxedo, que é un pobo que pertence ao Concello de Lobios —ao que teño que agradecerlle a información que nos facilitou e todo o contacto con el— onde o Estado licitou unha conexión a través dunha operadora. A conexión chega xusto ata a entrada do pobo, alí está a caixa óptica, pero unha vez que se chega a esa caixa non hai traslado ao resto de vivendas, excepto ás catro que están ao lado da caixa. Por certo, están moi mal tirados os catro cables polo aire, pois deixan sen acceso a Internet de alta calidade —como digo— corenta e sete veciños deste concello.

Este é un exemplo da realidade que é singular en Galicia. Por iso non son eficaces as medidas de carácter xeral como as que está adoptando o programa Unico, e a Xunta de Galicia, neste caso, está traballando, por unha banda, ofrecendo o seu traballo e, pola outra, reclamando. Galicia reclamou unha maior descentralización destas axudas, pero o Estado decidiu non facelo. Tamén, ante esa negativa, Galicia reclamou o deseño dun plan especial para esas zonas illadas que ben coñece, como por exemplo o caso de Puxedo, sen que obtivese ningunha resposta positiva. Tamén —como dicía— puxo a disposición todo o coñecemento desa oficina de banda larga, que dispoñemos dela a través de Amtega dende o ano 2009, sen que tivese tampouco, de momento, nesa primeira instancia, ese recoñecemento.

No día de hoxe, as comunidades autónomas soamente poden xestionar, deses 4.200 millóns, 210 millóns, que están ligados, concretamente, a catro contornos. Por unha banda, a reforzar a conectividade dos centros públicos; por outra banda, a axudar as empresas en polígonos illados, tamén a axudar as comunidades de veciños; e, por último, a conceder os bonos sociais para colectivos vulnerables. No primeiro caso, os edificios públicos teñen un nivel de cobertura bastante bo en Galicia. No caso dos polígonos cómpre dicir que, por exemplo, con 300.000 euros Galicia completou o cen por cento dos obxectivos, posto que non había máis polígonos illados onde levar esa conectividade. No caso das comunidades de veciños, realmente hai poucas comunidades de veciños que non teñan ese acceso a ese tipo de Internet. No caso dos bonos sociais, é certo que moitos deles quedaron fóra pola propia definición que se fixo na convocatoria.

Polo tanto, hai unha enorme preocupación en Galicia respecto ao desenvolvemento, por unha banda, desas competencias do Estado, e, pola outra, das competencias autonómicas. Non son bos resultados e, dende logo, o futuro de boa parte da prosperidade de Galicia no día de hoxe depende de como o Estado invista ese presuposto restante.



A mediados de maio, quince comunidades autónomas, os responsables da instalación desas quince comunidades autónomas, reclamaron, neste caso á Secretaría de Estado para Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, por unha banda unha ampliación do prazo e, pola outra, o mellor cumprimento desas competencias no ámbito estatal, con exemplos como o de Puxedo, o de Cotobade ou o de moitos concellos ou entidades veciñais en Galicia. Como digo, o Estado non ten só que facer o contrato, senón que ten que garantir que o acceso a esta Internet de alta calidade chegue a todos os domicilios; ten que garantir que se teñan en conta esas características orográficas e sociodemográficas de Galicia, que están máis que contrastadas; e tamén ten que permitir facer un transvase de liñas de financiamento. Neste caso, a través do compoñente quince, podendo —como dicía— facer proxectos individualizados adaptados a esas características especiais de Galicia que —como digo— tan ben coñece a Xunta de Galicia e que tan ben leva reclamando dende hai moito tempo ao Estado que se adapte e que non faga un «café para todos», e que provoque estes resultados que —como dicía— estamos vendo agora que son realmente insatisfactorios.

Pola miña banda máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Ten a palabra don Julio Ernesto.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes de novo.

Presidenta, deputados e deputadas.

Ninguén dubida de que, neste momento, tendo en conta o desenvolvemento tecnolóxico a todos os niveis, dende o punto de vista da vida cotiá e tamén do traballo das empresas e de determinados servizos públicos, é fundamental que todo o mundo dispoña dunha conexión 5G e dunha conexión de banda ancha que dea as capacidades suficientes para poder aproveitar todos os desenvolvementos tecnolóxicos que están enriba da mesa.

Por iso, o Goberno central, xa antes dos fondos de recuperación, cun plan previo anterior que se chamaba PEBA, facía un esforzo, precisamente, para desenvolver esta banda ancha. De feito, ata o ano 2019 o Goberno central investiu aquí en Galicia 102 millóns de euros dunha subvención que proviña directamente do Estado, ata alcanzar un investimento total por cofinanciamento de 136 millóns de euros. Ese diñeiro foi dedicado única e exclusivamente para o desenvolvemento da banda ancha aquí en Galicia. Por certo, entre 2013 e 2017, durante o Goberno do señor Mariano Rajoy, investíronse 22 millóns de euros; nos tres anos de lexislatura socialista investíronse 80 millóns de euros. Polo tanto, foi unha aposta clara do Goberno central, precisamente para desenvolver estes sistemas de banda ancha.

Comentouse aquí por parte do representante do Partido Popular o montante total do proxecto, pero non se dixo que participación ten Galicia nese proxecto. Pois a realidade é que, nas cinco actividades que teñen que ver cos desenvolvementos de banda ancha aquí en Ga-



licia e de conectividade 5G en Galicia, estes fondos de recuperación levan investidos ou teñen previsto investir 196 millóns de euros; é dicir, son preto de douscentos millóns. Pero hai que dicir unha cousa importante: deses case douscentos millóns de euros hai dezanove millóns que van ser responsabilidade da xestión da propia Xunta de Galicia a través de Amtega. Xa se comentou, pois, o único edificio, o único bono social... Por certo, bono social que practicamente non se dispuxo por parte de... Non sei moi ben por que non hai xente que poida utilizalo... Simplemente dende o punto de vista de Amtega non se fixo unha cuestión de promoción ou de intensa comunicación á xente.

Comentaba que, efectivamente, hai zonas do rural en que vai ser moi difícil que os propios operadores, que son os responsables de estender esta rede, poidan establecer esas novas redes e completalas. O Goberno tamén é consciente desa situación e dentro do plan Unico hai un programa que se chama Demanda Rural, que é un programa onde se financia, a través de Hispasat, a posibilidade de facer conectividade cunha certa velocidade a través dunha conexión satélite. Polo tanto, sería importante que a Xunta de Galicia informase a xente de que teñen esa posibilidade de conectarse cun prezo bastante accesible para conseguir unha cantidade importante de conexión a unha velocidade que lles vai permitir traballar. O Goberno reservou para Galicia 228.000 posibilidades de conexión a través dese fondo único de demanda rural. Polo tanto, desde setembro do 2023 xa está dispoñible esa posibilidade. ¿Por que non facemos unha campaña de publicidade para a xente do rural que ten dificultades de conectividade, non só porque non chegue adecuadamente aí senón porque sinxelamente as operadoras non chegaron a esa zona deses núcleos rurais? ¿Por que non facemos unha campaña conxuntamente entre o Goberno central e o Goberno da Xunta de Galicia para comunicarlles a través da Fegamp, por exemplo, a eses concellos que teñen esa posibilidade de utilizar ese sistema? Por certo, ese programa leva tamén unha axuda económica específica para comprar o equipamento necesario para conectarse. Pois esa é unha solución relativamente fácil que está dispoñible para as empresas, para as familias e para os individuos que están en zona rural. Pois traballemos conxuntamente.

Eu o que plantexo aquí é o que vai na emenda que presentamos, e é que traballemos conxuntamente o Goberno central e o Goberno da Xunta de Galicia para facer, dunha forma o máis efectiva posible, esta utilización de todos os fondos dispoñibles para conseguir ter a conectividade completa ao longo do tempo.

Polo tanto, nós presentamos unha emenda que o único que trata de dicir é: señores, Amtega ten que empezar a xogar tamén un papel nos fondos que son xestionados desde Galicia e ten que actuar en colaboración co Goberno central. Imos manter o noso apoio se a emenda nosa é aceptada á proposición non de lei o Partido Popular. Entendendo que, incluso, eu non sei se se a revisou a Intervención da Xunta de Galicia, porque algunhas das cuestións que propón o Partido Popular para que faga o Goberno de España aquí en Galicia probablemente non terían a aprobación da Intervención; cambio de partidas, por exemplo. Polo tanto, a legalidade, incluso, da proposta imos tela un pouco en conta. Pero, aínda así, apoiariámola sempre e cando haxa un compromiso equivalente da Xunta de Galicia para traballar para que eses dezanove —case vinte— millóns de euros tamén sexan aproveitados.



Por certo, haberá que dar datos tamén. A conectividade ou a extensión de conexión en 4G en Galicia é practicamente do cen por cento, o 99,6 por cento. Pero en 5G neste momento xa está no noventa por cento en toda Galicia, e a previsión é que en 2025 efectivamente estea ao cen por cento. Por certo, para que teñamos unha idea, no ano 2021 a conectividade era dun 61 por cento e no ano 2022 dun 83 por cento. Somos a sétima comunidade autónoma que ten maior nivel de conectividade en 5G. Polo tanto, as cousas, querido Julio, non van mal. Trallemos conxuntamente o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno central para intentar aproveitar ao máximo esa oportunidade que temos de conseguir o máis rápido posible esa conectividade necesaria para que toda Galicia se incorpore ás novas tecnoloxías, se incorpore á Internet das cousas, se incorpore á realidade aumentada, se incorpore aos servizos sanitarios, aos servizos públicos de conexión... Polo tanto, aí están os fondos. Aproveitémoslos da forma máis eficiente para conseguilo, en colaboración o Goberno central e o Goberno de Galicia.

Polo tanto, dende aquí ofrecemos a posibilidade desa emenda que trata precisamente diso, de conseguir ese traballo conxunto.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Daniel Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Boa tarde a todos e a todas.

Grazas, presidenta.

Coincidimos, evidentemente, no fondo da proposta. A verdade é que que tamén traia isto o Partido Popular, quizais nunha escala do 1 ao 10 de *jeta* do Partido Popular (sendo 10 o tema da AP-9), isto ao mellor sería un 8 ou un 9. Hai que explicalo, porque se trata dunha fuxida de responsabilidades importantes e, sobre todo, da desaparición do autogoberno. Moitas veces —quizais aquí sexa un erro do BNG— estamos pedíndolle ao Partido Popular que desde a Xunta de Galiza consiga máis competencias e case deberíamos pasar a pedirlle que non perda as que xa temos.

E, ¿por que digo isto? No 2009 chegaba o que dicía o presidente que era «o período do autogoberno máis grande da historia». Xa non imos dicir que estamos en 2024 e que non se conseguiu nin unha soa competencia, senón que das poucas que tiñamos, tamén en materia de conectividade e de despregamento da banda larga, perdéronse; deixaron que as collese o Estado e non dixeron nin *mu*. Pero, ¿que pasa exactamente neste eido? Chegou o 28 de xuño a Lei 11/2022 por parte do Estado. Ata ese momento a Xunta tiña competencias compartidas co Estado para o despregamento da banda larga da conectividade. Pois xusto dous días despois saíra o *Informe de banda ancha en España en el año 2022* da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, que dá uns datos bastante interesantes. É dicir, no último momento no que a Xunta de Galiza tiña competencias no despregamento de banda



larga. Estamos a falar evidentemente de velocidades superiores a cen megabytes por segundo. Pois o que dicía era que aí eramos o penúltimo territorio do Estado, a penúltima comunidade autónoma do Estado, só por diante de Castela e León, cun 77,84 por cento cuberto, cando a media estatal era do 89,96, case o noventa; unha diferenza bastante importante. Pero é que se nos imos tamén a provincias, no caso de Lugo era a provincia menos cuberta de todo o Estado, cun 63,02 por cento. E logo é algo estraño que se atrevan a falar no texto da propia iniciativa de «comunidade pioneira». Home, pioneira, con estes datos, sendo a penúltima e como provincia sendo a última... pioneira non sei de que.

Porque aquí o que fixeron foi quitarse dunha obriga que lles daba mal os datos para pasarlla ao Estado, para poder achacarlle certas cousas; con ou sen razón, que aí podemos estar de acordo en moitas veces en certos aspectos, evidentemente. Pero aquí o que queda claro é que un goberno que quixese ser goberno deste país non cedería as xa poucas competencias que tiña nesta materia.

E logo, ademais, na parte resolutiva quéixanse de que o Goberno estatal non adapta as súas políticas en materia de conectividade á nosa realidade orográfica e demográfica. ¡Pois soliciten as competencias que quitaron! Actúen como Goberno. Porque o triste non é que non actúen como o Goberno, é que queda claro que non teñen ganas de actuar como o Goberno. É unha especie de autogoberno ilustrado que é como dicir «todo o autogoberno, pero sen as competencias». Así podemos chocar bastante ben co Goberno estatal. Unha especie de alumno que chega á clase e sempre lle comeu os deberes o can, ou ao que o profesor ou a profesora lle ten manía sempre. Ao final —xa o dixen— un goberno forte solicitaría as competencias, porque é precisamente ese goberno quen sabe onde fan falta máis esas políticas; que en materia de conectividade a este país fanlle moita falta, sobre todo —repito— cando estamos a falar de velocidades de máis de cen megabytes por segundo.

Dous apuntes. Falamos moitas veces de porcentaxe cuberta e estamos a falar de porcentaxe cuberta por domicilios. Pero no día de hoxe, a finais de maio de 2024, debemos comezar a ver o territorio na súa totalidade; non falar só de porcentaxe cuberta por domicilios. Porque, para ben ou para mal, no día de hoxe esa conectividade témola que ter en todos os puntos do territorio, ben sexa para traballar, para o ocio ou para comunicarnos. E outro apunte: eu creo que, tamén polo que se dixo aquí un pouco, debemos fuxir das concepcións que ven que neste país este problema só o hai —como se adoita dicir— en Cuspedriños de Arriba, nas parroquias máis remotas do país. Non. Temos problemas de conectividade e incluso de cobertura en moitas poboacións cercanas ás sete cidades ou que forman parte dos concellos das sete cidades deste país.

Dicímolo sempre: se queremos que a xente, o pobo e todo o país se instale tamén no rural, que se instale nas vilas medias ou nas vilas grandes, teñen que ter os mesmos dereitos e os mesmos servizos que en calquera outro punto; de conectividade tamén.

Cando falamos de autogoberno falamos disto; falamos de decidir por nós mesmos sabendo o que precisa este país. Damos por suposto, evidentemente, que a Xunta sabe mellor ca o Goberno do Estado que precisa este país. O autogoberno é iso: gobernarnos a nós, tomar decisións sobre a xente do noso país para que a xente viva mellor. Pero, claro, se hai máis autogoberno non se pode chocar con Madrid e ao mellor iso ten algo que ver.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, Presidencia.

Dicía o señor portavoz do Partido Socialista —non sei que porcentaxe daba— que só un dez por cento non estaba cuberto. Eu non sei como pasa en Lugo, pero inclínome a pensar que ese dez por cento que non está ben cuberto é da provincia de Ourense. Pódelle preguntar ao portavoz da Deputación de Ourense do PSOE, que é o alcalde de Taboadela, Álvaro Vila, que coñece ben esta problemática porque —creo que foi xa no mandato pasado— defendeu unha cuestión parecida a esta, para levar á provincia de Ourense estas medidas que neutralizasen a fenda dixital. El, xa que é do seu partido, pódelle dar moita información acerca das deficiencias da provincia. Podémoslla dar todos, pero agora acordeime de que nunha moción da Deputación se falou disto por iniciativa do Partido Socialista, e foi precisamente o señor Álvaro Vila —hoxe portavoz; daquela non era, pero hoxe é portavoz da Deputación— o que pode falar diso.

Efectivamente, moitas cousas que di a moción son perfectamente sabidas. A xente habitualmente ve as caixas e di «bueno, pois ¿por que non podemos tela?» Moitas veces comparan a fibra óptica coa distribución de electricidade e pensan que por que pase o cable por diante xa se podería coller aí usando a fibra óptica, pero ten un sistema físico de distribución totalmente diferente. Pero ven alí a caixa, como dicía o portavoz do Partido Popular, e din «bueno, chegou aquí a caixa e non podemos ter...» Xa saben que esa é unha distribución punto a punto que vai de xeito totalmente diferente.

Efectivamente, amplas zonas da provincia de Ourense, e sobre todo zonas de montaña, como por exemplo o pobo de Cuxedo, que pertence ao concello de Lobios, un lugar moi montañoso e fermoso. Por certo, aproveito para facer publicidade daquela zona da Baixa Limia. Puxedo está moi cerca doutro pobo que tamén seguramente deberían coñecer, a Cela, e toda a zona do Xurés. Ese é un pobo que precisamente está esta temporada nun proceso de recuperación etnográfica fascinante. Serían ese e outros lugares da provincia de Ourense sitios excepcionais para instalar a clase de empresas das que falaba o conselleiro a mañá; este tipo de empresas dixitais nas que profesionais e expertos poden, se así o desexan, ter unha calidade de vida estupenda nun medio rural, porque poden traballar na súa especialidade a través dos sistemas dixitais —a través do ordenador etcétera— e asentarse nesta clase de iniciativas empresariais.

Efectivamente, cada día fai máis falta a conexión para comunicarnos entre nós mesmos, xa non digamos se se repite o que pasou co tema da pandemia. Pero é que incluso as administracións públicas exixen cada vez máis a comunicación mediante vías dixitais con elas. Ou sexa, que a propia administración estalles exixindo isto a empresas e a particulares cada vez máis, xa non digamos ás entidades bancarias etcétera.

Ou sexa, que todo isto efectivamente témolo que apoiar. Loxicamente, as responsabilidades que estean compartidas ou distribuídas nos diferentes ámbitos de competencias, terá cada



quen que asumir as súas. Cada pau que aguante a súa vela: o Estado, a parte que lle corresponde —aí atrás hai uns meses tivemos unha visita dunha operadora, acompañada do subdelegado do Goberno, que veu explicar un pouquiño como se ía facer—; e a Xunta —á que tamén se lle levan pedido responsabilidades—, a súa, como dicía antes.

Nós imos apoiar esta moción, sobre todo tendo en conta que o caso particular da provincia de Ourense está —non quero tampouco ir aquí de vitimista, que parece que sempre estou chorando polo mesmo, pero eu penso que teño datos suficientes para dicilo— especialmente necesitada desta clase de melloras neste tipo de infraestruturas.

E nada máis. A ver se é verdade que todos os núcleos do territorio da provincia de Ourense poden contar con esta clase de servizos de banda larga —efectivamente, gústame máis «larga» porque é como o portugués e como o inglés, e etimoloxicamente ao galego gústalle máis dicir banda larga, pero, ben, banda ancha, por falar como en castelán—, e tamén o tema dos satélites que dicía o señor do Partido Socialista.

E nada máis. Eu penso que no fondo estamos todos de acordo. As pequenas discrepancias parecen xurdir precisamente por esa necesidade da confrontación política, neste caso eu penso que de xeito artificial.

E nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha o autor da proposición non de lei, por tempo de tres minutos. Ten novamente a palabra don Julio García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Ben, vou tratar de respostar e ir poñéndome xa na posición das emendas.

Señor Abalde, cando vostede fala deses datos tan bos de 4G, é lóxico, porque a Amtega, dende o ano 2009 ata o ano 2020, desenvolveu, a través da súa Oficina de Banda Larga, que é como lle gusta ao señor Ojea chamala, desenvolveu un proxecto no que acadou —e tamén esta resposta vale para o Bloque Nacionalista Galego— un 96 por cento de conectividade en Internet de 30 megabytes por segundo daquela. A Xunta, e Amtega neste caso, fixo o seu traballo cando falabamos dese escenario. *(Aplausos.)*

Unha cousa é o 4G e o 5G e outra cousa é Internet. O 5G é máis doado de acadar, incluso a través do satélite que vostede comenta, pero a conexión de Internet de 100 megabyts hai que levala punto a punto, de momento, se lle fixera caso o Estado á proposta que lle fixo Amtega de utilizar un proxecto que está facendo por certo en Galicia, con moi bo resultado, coa Fegamp que vostede comentaba, co Retegal e coas operadoras, temos xa varios concellos onde o concello doou unha parcela para colocar unha torre, Retegal puxo a torre e un operador está dando servizo. Este é un proxecto con 11 millóns de euros, case o mesmo que nos corresponde no Plan único, que é o que lle toca a Galicia, 11 millóns de euros, e que estamos



acadando o acceso a Internet de alta calidade a través da telefonía móbil, cousa que por certo o Estado non aceptou, dixo que aquí non se podía facer iso cos fondos europeos; Italia si que o fixo, por exemplo.

E, ben, o que estamos a ver, en definitiva, é que precisamente no ámbito das nosas competencias nos deixe o Estado traballar cos proxectos da Amtega, desenvolvendo o proxecto único efectivamente. Nese pouco financiamento que lles deixa ás comunidades autónomas, que é raquíco, porque estamos falando de 4.000 millóns fronte a 200 para as comunidades autónomas, pedímoslle que nos deixe mover capítulos, que nos deixe desenvolver proxectos como o da Fegamp, e dende logo que nos 4.000 millóns que lle corresponderían a Galicia, 200 aproximadamente, faga o que ten que facer. Se contrata a unha operadora para que leve a Puxedo a fibra, que non permita que a fibra quede na porta do concello.

E iso non só pasa en Puxedo, pasa en moitos outros sitios. Supoño que, como dicía o señor Ojea, en moitos sitios está pasando o mesmo. O Goberno, o Estado, que é quen colleu as competencias coa Unión Europea, coa Unión Europea, non con Galicia, colleu eses 4.200 millóns de euros, embolsounos —como dicimos moitas veces nós—, temos aí apalancados; ademais non os executa, porque o resultado está aí, e o que lle estamos pedindo non nós, aquí hai quince comunidades autónomas, quince, como por exemplo Asturias, que non é sospeitosa de estar en contra do Goberno español, e pídelle que lle deixe xestionar eses fondos adaptándose ás características do terreo, e que dende logo das súas competencias que o faga.

Falaba vostede da AP-9. Eu creo que a conectividade de Internet é, polo menos, tan importante como a conexión da AP-9. E ten vostede razón: hai sitios das cidades —eu na miña casa, e vivo nas aforas de Vigo— que non teñen acceso a Internet. É un problema xeral. Hai que traballar nesta liña, e se non o facemos cos fondos, que nunca os tivemos de semellante tipo, perdemos unha oportunidade.

Eu agradezo as emendas. Creo que a do Partido Socialista podemos transaccionala, se dicimos que Amtega siga colaborando, porque parece que vostede di que Amtega nunca fixo nada e os datos están aí. E no caso do Bloque, ¡home!, eu creo que explicarlles aos veciños de Puxedo que non imos facer unha proposta común porque o Bloque cre que o que hai que facer é pedir as competencias en telecomunicacións é un fraco favor aos veciños de Puxedo; vaia contárllelo vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e D^a Ariadna Fernández González, sobre as medidas que ten que adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de reducir os tempos de agarda na tramitación da dependencia



A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que leva o número 4927, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.-Reforzar os Equipos de Valoración e Orientación (EVO) dotándoos dos medios necesarios para reducir a lista de agarda.

2º.-Demandar ao Goberno central que cumpra co establecido na Lei de Dependencia que lle obriga a financiar o 50% do gasto neste servizo».)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a súa defensa, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Antes de máis, quería saudar a Cristina Díaz, que é vogal da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballadoras e Traballadores Sociais de Galiza, que nos acompaña hoxe aquí precisamente porque imos tratar unha cuestión que preocupa e ocupa moito ao Colexio de Traballo Social de Galiza e tamén ao Bloque Nacionalista Galego.

No noso país, como saben, señorías, hai xa hoxe un 27 por cento case, un 26 por cento da poboación que ten máis de 65 anos. As previsións, ademais, din que esta porcentaxe vai ir en incremento nos próximos anos polo aumento da esperanza de vida. Vivir máis anos debe levarnos a orgullo colectivamente, facernos vellas non é un problema, pero cremos ademais desde o Bloque Nacionalista Galego —e levámolo así formulando nos últimos anos— que a pregunta que deberíamos facernos como sociedade, e que debería presidir unha parte importante do debate en materia de demografía no noso país, é en que condicións envellecemos, que calidade de vida temos cando nos imos facendo maiores e —o máis importante— que é o que fai o noso Goberno para garantir o benestar social cando imos precisando axuda e apoio.

E aí é onde queremos centrar hoxe desde o BNG esta iniciativa, no servizo de atención e axuda á dependencia, nun país como o noso, coa maior taxa de discapacidade do Estado e cunha poboación potencialmente dependente tamén superior.



Como dicimos na exposición de motivos, Galiza reduciu a listaxe de agarda para o recoñecemento e valoración da dependencia nos últimos anos, e hoxe hai 73.000 persoas case atendidas, valoradas e con prestación. Iso é unha realidade obxectiva, e aí están os datos.

Con todo, hai máis de 2.000 persoas agardando desde hai máis de seis meses pola súa valoración de grao ou polo seu PIA, e suman máis de 3.500 aquelas que están agardando por todo isto e por, ademais, poder acceder a unha prestación á que teñen dereito. Non é que falte un papel, non é que se estea corrixindo un erro, simplemente non se están atendendo.

En Galiza o tempo medio de agarda, desde que se solicita a dependencia por primeira vez até que se ten de maneira efectiva acceso a un servizo, é de 373 días, o duplo do legalmente establecido. É máis do que se agarda na media do Estado. En toda España só tres comunidades autónomas teñen un tempo medio superior ao galego na tramitación da dependencia: Canarias, Andalucía e Murcia. Somos a comunidade autónoma na que máis medrou o tempo de agarda para a atención á dependencia desde o ano 2020, e no ano 2023, mentres agardaban a ser atendidas, faleceron 346 persoas.

Esta situación débese a dous factores fundamentalmente, que son nos que centramos a nosa iniciativa hoxe. Dunha banda, a falta evidente de persoal suficiente nos equipos de valoración e orientación da dependencia e da discapacidade, en xeral nos servizos sociocomunitarios, como saben ben as traballadoras e traballadores sociais. A pesar do incremento nos últimos anos — nós non negamos que na última RPT se crearon máis prazas e que se incrementaron cun plan de reforzo os equipos de atención á dependencia—, con todo, nos plans anunciados pola propia Xunta de Galiza —e cito literalmente o comunicado público que fixo a Consellería de Política Social— o obxectivo dese incremento e dese plan de reforzo de persoal dos EVO era reducir á metade a lista de espera. Reducir á metade a lista non é acabar con ela e, por suposto, non é cumprir a lei.

Por iso o que propoñemos hoxe desde o BNG é duplicar ese persoal, para conseguir que non exista tempo de agarda, lista de espera na tramitación da dependencia desde que se solicita unha valoración de grao, até que se ten o programa, o plan integral de atención.

Pero non é só a falta de equipos de valoración e orientación o que explica esa lista de agarda, que no fondo é unha desprotección das persoas dependentes; é a vulneración dos seus dereitos sociais.

Tamén se debe esa situación á falta de servizos públicos suficientes no sistema, no servizo de axuda e atención á dependencia, no SAD, que garantan o acceso da poboación ás prestacións ás que teñen dereito e sobre todo que garantan o benestar desas persoas dependentes e as súas familias.

En Galiza hai 1.500 persoas con valoración e PIA pero sen acceso a ningún tipo de prestación. É máis, a ausencia destes servizos públicos e de prazas suficientes en residencias de maiores, en centros de día, fai que 15.460 persoas estean recibindo unha prestación económica para pagar na privada o que non lle subministra o sistema público de atención e de coidado ás persoas dependentes.



É o que se denomina, cun nome así moi técnico, «prestación económica vinculada á adquisición de servizo», un termo moi rimbombante pero que —insisto— o que transloce detrás é que che están pagando na privada o que non che está garantindo e ao que tes dereito na pública.

Non a concertación, jeh!, non. O artigo 17 da Lei de dependencia deixa moi claro que esas prestacións económicas vinculadas á adquisición dun servizo son para pagar directamente na privada cando a Administración pública non cho subministra, sexa de maneira directa ou pola vía da concertación coa privada.

Estamos pagando directamente á privada 15.460 prestacións, fundamentalmente prazas de residencias de maiores ou prazas en centros de día e de noite, que é fundamentalmente o que se está sufragando a día de hoxe. É máis, este é o segundo grande investimento da Xunta de Galiza en materia de dependencia. É o que máis está pagando hoxe na atención e coidado ás persoas dependentes.

Non se pode converter —e é *de facto* o que está acontecendo neste país desde hai moitos anos— o dereito a envellecer nun nicho de negocio para un puñado de empresas, e é evidente que isto é o que está acontecendo. Porque o Goberno do Partido Popular non moveu nos últimos quince anos un só dedo para ampliar esa rede pública de servizos de atención e coidado ás persoas dependentes. E o exemplo eu creo que máis palmario é que, cando llo deron feito, como as dúas residencias que construíu a Fundación Amancio Ortega (unha en Santiago e outra en Lugo), o primeiro que fixo foi privatizalas.

Tampouco a solución a esta falta de servizos se suple ou pode intentar paliarse pola vía do anuncio de cheques mentira —con todo o respecto—, que non fan outra cousa que devolver o coidado á casa e ademais poñer outra vez o coidado e a atención das persoas dependentes no lombo das mulleres. Porque os datos están aí. O perfil das persoas que coidan nos domicilios son mulleres, que teñen unha relación de parentesco, fundamentalmente as nais, e que teñen idades comprendidas entre os 55 e os 66 anos, persoas que coidan na maior parte —é o que se coñece como a xeración sándwich— as súas nais, os seus pais, pero tamén as súas netas e os seus netos.

Urxe —e así o defendemos hoxe na segunda parte da nosa proposta— crear máis rede pública, fortalecer a rede de servizos públicos de atención e de axuda á dependencia, a través dun plan que incremente esas prazas e ese número de servizos.

En Lugo, simplemente por poñerlles un exemplo, unha persoa que ten dereito a unha praza nunha residencia de maiores pública tarda máis dun ano en poder acceder a ela, e iso non significa que quedes nin sequera dentro da provincia, porque te poden mandar pois á outra esquina de Galiza; podes acabar en Moaña, ou á inversa, como coñecemos abondos casos, en Cangas, que acaban en Monforte de Lemos.

En definitiva, detrás dos números, detrás dos números, que poden ser moi fríos, o que hai son nomes e apelidos, persoas de carne e óso que sofren as consecuencias de agardar máis dun ano para ser valoradas, e máis de dous nalgúns casos, como acontece en Vigo, por acceder ao servizo ao que teñen dereito.



Iso o que supón é unha vulneración de dereitos fundamentais que non podemos permitir, e hoxe o que traemos desde o BNG son propostas para empezar a poñer solución a este problema.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora Rodil —vostede mesma o recoñecía—, os últimos datos oficiais sobre dependencia publicados polo Imserso confirman que Galicia é unha das comunidades autónomas con maiores datos de atención, con mellores datos de atención. Temos máis de 73.900 persoas con dependencia atendidas e o 98 por cento das persoas con dependencia xa recoñecida xa teñen o recurso ou servizo que pediron.

Pero tamén temos que dicir, alto e claro, que isto é así a pesar do Goberno central, (*Aplausos.*) isto é así a pesar dun goberno moroso e cruel cos dependentes. E é un goberno moroso porque a Lei de dependencia obriga ao Estado a pagar o 50 por cento do custo da dependencia, e neste momento só afronta o 30 por cento. E é moroso, por tanto, porque nos adebeda a todos os galegos dependentes 2.500 millóns de euros. E é cruel, porque con eses 2.500 millóns de euros que o Goberno de España lles adebeda a todos os galegos e galegas dependentes poderían obter máis servizos de atención domiciliaria, máis prazas en residencias e en centros de día e máis axudas económicas. Por iso, a través da nosa emenda, solicitamos unha vez máis a unanimidade de todos os grupos políticos representados nesta Cámara; é dicir, a unanimidade de todas as galegas e os galegos para que, efectivamente, señora Rodil, todos eses dependentes que ten Galicia poidan ter máis e mellores servizos e para que o Goberno do Estado nos dea os cartos que nos adebeda para a atención á dependencia.

Mentres, a Xunta seguirá traballando, e, por iso, os orzamentos para este ano 2024 contemplan un orzamento de 540 millóns de euros para a atención aos maiores e a mellora dos servizos sociosanitarios; un incremento do dezaioito por cento respecto do ano 2023; un incremento que nos permitirá reforzar os servizos prestados, poñer en marcha outros e continuar diminuindo a lista de agarda, porque sabemos que un dos temas que máis lles preocupa a aqueles dependentes que teñen solicitada a valoración é a espera para que esta valoración chegue. Este tamén é un dos temas que máis preocupa e ocupa ao Goberno galego.

Nos últimos tres anos incrementamos un trinta por cento os expedientes resoltos e reducimos ata o dous por cento a lista de agarda, oito puntos por debaixo da media nacional. Para axilizar máis as valoracións —vostede xa fixo aquí esa referencia— en setembro do ano pasado aprobamos un novo decreto que axiliza o procedemento, que reduce o papelame, pasando de doce a dous os papeis que hai que presentar. Así mesmo, evitaranse duplicidades ao fusionar nunha



mesma resolución o grao de dependencia e o Plan individualizado de atención, o PIA. Tamén reforzamos os equipos de valoración coa incorporación de máis profesionais e máis equipos. Queremos seguir reforzando estes equipos e dotalos de máis recursos.

Pero, señora Rodil, falar de duplicar sen aportar datos concretos non parece serio. ¿Por que duplicamos e non triplicamos? ¿Por que dá vostede esa cifra ao chou? Nós o que propoñemos na nosa emenda é seguir reforzando os equipos na medida en que sexa necesario para eliminar esa lista de agarda.

Ademais, dende o pasado mes de xaneiro hai dezaoto mil galegos e galegas dependentes que queren seguir vivindo na súa casa, porque, señora Rodil, a maioría dos galegos e as galegas manifestan que o que eles queren é vivir nas súas casas. Precisamente para eses, para os que queren ser atendidos polas súas familias ou por unha persoa achegada, a Xunta pon en marcha o Bono Coidado. Unha medida pioneira, pero, como o pon en marcha a Xunta de Galicia, a vostede xa non lle parece ben. Pregúntelle a quen ten este Bono Coidado, de cinco mil euros ao ano para todos os graos de dependencia, sen necesidade de revisar o grao nin tampouco as condicións económicas. É unha axuda universal, vai camiño da universalización dos servizos sociais; é un camiño no que —como vostedes inciden— que hai que ir avanzando e co que nós estamos de acordo.

Esta medida, este bono, que están recibindo dende o 1 de xaneiro máis de dezaoto mil persoas, vai incidir tamén en que se reduza a lista de agarda para a valoración da dependencia, xa que máis do corenta por cento das solicitudes de atención á dependencia non son novas, senón que son revisións das xa existentes.

As persoas que reciben o bono —como dicíamos— xa non teñen que facer esa revisión. Outra cousa é que, por suposto, se continúen realizando todas as renovacións de oficio ás que obriga a normativa estatal e que permiten asignar os recursos máis convenientes en cada caso. Polo tanto —como xa avanzou a propia conselleira nesta Cámara—, a Xunta seguirá facendo todas as revisións periódicas de oficio que establece a normativa, sempre cos menores de idade e sempre que o interesado o solicite. O feito obxectivo é que, a pesar de que o Goberno central non nos paga o cincuenta por cento da Lei de dependencia que nos corresponde, en Galicia multiplicamos por cinco o número de dependentes atendidos respecto ao ano 2009, mal que lles pese, señora Rodil.

Dicía vostede: «nada nos últimos quince anos». Mire, multiplicamos por cinco o número de dependentes atendidos, de quince mil a preto de setenta e catro mil. Temos unha taxa de cobertura de preto do noventa e oito por cento e multiplicamos por tres o número de residencias sostidas con fondos públicos, pasando de 5.500 prazas a máis de quince mil prazas. O presidente do Goberno comprometeuse a poñer á disposición mil novas prazas nos cen primeiros días e fíxoo; aí están esas mil novas prazas nas cidades e tamén no rural. Un rural onde temos 123 casas do maior, e agora mesmo está aberta a subvención para vinte máis. Multiplicamos por seis o número de prazas de centros de día, pasando de mil a máis de seis mil.

Contamos con servizos, como o Porta a porta, o Xantar na casa ou a Axuda a domicilio. Somos líderes nacionais na atención de axuda a domicilio, multiplicando por oito os que se



atendían no Bipartito. Lémbrolles que isto é o que piden maioritariamente os nosos dependentes: quedar na súa casa. O servizo que máis piden é o da axuda a domicilio. *(Aplausos.)* Falen vostedes coa cidade da Coruña, que ten o 40 por cento da ratio de atención; coa de Lugo, que ten o 41 por cento; coa de Vigo, que ten o 40 por cento; coa de Pontevedra, que ten o 29 por cento e coa de Ourense, que ten o 38 por cento. Señores, nós queremos mellorar a ratio de atención, queremos baixar o tempo de espera...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...pero os concellos, sobre todo aqueles das grandes cidades, teñen que poñerse as pilas. Non é de recibo que teñan unha ratio de atención do 40, 41, 40, 29 e 38 por cento.

Imos traballar todos xuntos. Apoien a nosa emenda e seguiremos mellorando na atención á valoración e na petición dese cincuenta por cento que os galegos e as galegas merecemos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): É a quenda de intervención do Grupo Mixto, pero renuncia a ela.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Silvia Longueira Castro.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Aproveito para mandar un saúdo aos membros do Colexio de Traballadores Sociais. E mais alá tamén, eu non sei se estará por aquí Ana Vilar, que é unha é magnífica persoa que está vencellada ao traballo social e que representando o órgano alá en Madrid. é unha marabillosa traballadora dos servizos sociais do Concello da Coruña.

Falaba hai pouco cun exparlamentario socialista aquí, nesta Cámara, de que unha cousa é gobernar e outra cousa é detentar o poder. Eu felicito o Partido Popular porque vostedes detentan fenomenalmente ben o poder; pero gobernar é outra cuestión. Gobernar supón dar respostas e non esquivar as solucións, estar aí ao pé do canón e estar apostando para que as cousas melloren. Vostedes falan de números e máis números. Eu xa dixen —creo— no primeiro pleno que tivo lugar aquí neste hemiciclo que aquí podemos facernos as trampas ao solitario que nos dea a gana, pero tan pronto traspasamos esa porta —e non soamente esa porta— os traballadores desta casa e a xente que está aí fóra saben perfectisimamente que a Lei de dependencia está fallida por moitísimos lugares en Galicia. E non é soamente unha cuestión de ter diñeiro ou non ter diñeiro —que iso habería que ver como o están xestionando—, porque, cando chegou aquí o diñeiro do Goberno de España, vostedes agocharon o seu e reduciron as aportacións. Non se trata soamente de ter diñeiro —que é fundamental—, trátase de ter unha vocación de goberno e unha vocación de solución e de crer nesta



lei; de crer nunha lei que, ademais, vai cumprir dezaoto anos. É unha lei xa con maioría de idade, pero os resultados non son así.

Por certo, o Bono Coidado de cinco mil euros o que fai é rebaixar o custo dos coidados, porque, se nós dividimos eses cinco mil euros polas horas para os que están previstos, sáelles máis barato que estarlle pagando vostedes agora a unha persoa que vaia ás casas; simplemente é unha cuestión de ilusión óptica que o que fai é aforrar cartos ao Goberno e deixar ás familias desprotexidas. Evidentemente que a maioría de nós queremos estar nas nosas casas, pero tamén é certo que a maioría de nós non queremos ir para os depósitos de vellos, con máis de duascenas prazas, e que se sigan facendo eses modelos de residencias, porque son absolutamente inhumanos e non se sitúan en ningún lugar. ¡Claro que o queremos!, pero queremos outro modelo. Por iso, digo: unha cousa é detentar o poder e outra cousa é ter vontade de goberno.

Máis dun ano en lista de espera. É o mesmo mantra —eu creo que imos estar repetindo isto unha e outra vez—: a insuficiencia nas horas de atención aos grandes dependentes e os números interminables de usuarios á espera de ser valorados. Aquí non se falou aínda de todo o que ten que ver coa discapacidade, que ten outra cuestión á parte dentro da dependencia, pero xa falaremos diso nalgún momento. Hai inexistencia de atención aos dependentes de grao 1 e grao 2. Xa o explicamos aquí: entran no sistema dos concellos semana tras semana e, como teñen prevalencia os de grao 3, os de grao 1 pasan para debaixo da lista, ata que finalmente hai que voltar valoralos cando xa teñen o grao 3, se aínda seguen vivos.

Hai prazas de residencia insuficientes —como xa dixemos— e mesmo hai que dotar espazos para que non sexan esas macrogranxas onde parece que estamos abocados a pasar os últimos días das nosas vidas. As residencias públicas teñen serios problemas de convivencia debido á falta de persoal especializado no caso de ingresos de usuarios con patoloxías psiquiátricas. Non imos desestigmatizar as enfermidades psiquiátricas, efectivamente, pero imos dotar as residencias co persoal suficiente para que as fins de semana aquilo non sexa unha gresca diaria, con problemas de violencia e problemas incluso de alterabilidade no comportamento das persoas residentes.

Hai concellos como o da Laracha, por exemplo, con tres mil veciños que teñen xa entre 65 e 90 anos e que só teñen un centro de día con dezaoto prazas —o concello da Laracha—, e un SAF que conta cun emprego feminizado e precario, a todas luces insuficiente. Hai mulleres que están dando o servizo do SAF e van dun lado para outro, dunha casa para outra, con apenas unhas horas de descanso e cuns turnos que son absolutamente descomunais. Hai servizos hiperprivatizados nos que ninguén ten man para poñer unha lexislación que teña en conta o cumprimento dos seus estatutos e o cumprimento dos seus dereitos. Hai persoas que falecen sen recibir a prestación á que teñen dereito, moitos dos que baixaron vostedes desta lista de espera. Máis do dezaseis por cento da baixada da lista de espera é de xente que faleceu, desta lista de espera que temos en Galicia.

Dicía que é unha lei que vai chegar á súa maioría de idade, e é curioso. Eu quería recordar aquí que, cando en novembro do ano 2006, o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero aprobou esta lei, elevou esta lei que tivo o apoio do PP para ser aprobada na Cámara dos Deputados, o PP impulsou —que é increíble—, xunto a outras forzas políticas, un conxunto de



medidas para modificar o texto. Ampliaron as proteccións ás persoas dependentes con discapacidade intelectual ou mental, así como o recoñecemento do papel das familias no apoio ao coidado dos seus familiares. No ano 2006 vostedes apoiaron esta lei, fixeron emendas, mellorárona —recolléronse estas emendas—, e hoxe, grazas a que esas emendas partiron de vostedes, aquí estamos, pero sen ningún tipo de atención. Voltaremos falar algún día precisamente do que sucede coas enfermidades mentais, coa discapacidade e de como non se atenden dentro desta Lei de dependencia.

Entón, por suposto que hai que duplicar, pero non é soamente duplicar, é poñerse cunha mesa sectorial... Chamen vostedes os concellos, poñan vostedes a vontade de facelo ben, poñan os seus técnicos a estruturar un sistema para que isto teña unha pasaxe o menos cruel posible para a xente que está á espera, polo menos, de xeito urxente, e planifiquen para estes próximos tres anos e medio ou catro anos como van ser os servizos da Lei de dependencia. Basicamente porque só imos ser vellos unha vez e, posiblemente, sexa a peor etapa da nosa vida. Entón, procuremos que nesa etapa tardía —que esperemos que nos trate a todos da mellor forma posible— teñamos a resposta dentro desta lei. Porque —insisto— hai dezaoito anos vostedes estiveron a prol desta lei e incluso a melloraron. Entón, tocaríalles agora, xa que detentan o Goberno, a parte do poder, facelo; non hai outra. E volto insistir, aí fóra as persoas sabemos perfectamente o que supón ter que estar esperando máis dun ano para ter unha mínima atención dentro da Lei de dependencia.

Falaba antes vostede dos cartos do Goberno. Pois pidámosllos ao Goberno. Pero tamén lle vou dicir unha cousa: 1.800 millóns de euros no período 2021-2023 viñeron de parte do Goberno, do Plan anticrise, do Goberno de Pedro Sánchez. Con tal motivo, a Xunta decidiu agachar os cartos das transferencias correntes a costa dos incrementos do Plan de emerxencia social. E xa o trouxemos aquí no primeiro pleno que houbo neste hemiciclo. No ano 2022 a Xunta aportaba 44 millóns, fronte aos 51 que aportou o Estado. No ano 2023 vostedes baixaron a 42 millóns, fronte aos 65 millóns que aportou o Estado. É dicir, mentres o Estado subía 14 millóns no financiamento, vostedes baixaban 2 millóns.

Ben, pois esta é unha das prácticas que fan vostedes cos diñeiros que chegan aquí. Outra práctica ás veces é nin poñer de onde chegan, pero isto é unha das prácticas que fan aquí.

Dicía pola mañá: segundo sobre o vento, somos Narnia ou Mordor. Pero na Lei da dependencia trátanos vostedes aos galegos coma se fósemos Mordor, aínda que vostedes cren que aquí vivimos en Narnia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición.

Ten tres minutos dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Antes de máis, quero agradecer o apoio do Partido Socialista.

Eu alégrome, señora Arias, de que lle chame Goberno moroso ao actual Goberno do Estado español porque, efectivamente, non paga; teñen abonda experiencia no Partido Popular para chamarlles morosos, porque aínda pagaban menos cando gobernaban en Madrid. (*Aplausos.*) E de crueldade sabe bastante, porque o PP en Madrid, con Rajoy, ademais de non pagar, recortaba, no real decreto infame aquel de 2012, as cotizacións á Seguridade Social desas traballadoras que coidan un familiar hoxe na súa casa. Así que ten abonda lección que dar o Partido Popular sobre morosidade na Lei de dependencia, que nunca pagaron o que lle correspondeu á Administración central, como de crueldade é coas persoas dependentes, porque lles recortaron servizos, recortáronlles prestacións e, insisto, as cotizacións á Seguridade Social das persoas —mulleres— que coidaban a familiares na súa casa.

E é o bono mentira, porque é que é un bono mentira. Non son 5.000 euros nin é universal, son 416 euros ao mes, que se che complementan ata ese tope se non chegas; 416 euros ao mes se tes unha prestación por coidados no contorno familiar. Deixen de contar mentiras, de enganar a xente e de sobrecargar as traballadoras e traballadores sociais con esa mentira tan grande como a muralla de Lugo de larga. (*Aplausos.*)

E non é que me guste a mín ou ao Bloque máis o menos. É que eu quero recordar o que di o artigo 14.4 da Lei de dependencia, señora Arias, que di que eses bonos ou esas prestacións económicas por coidados na túa casa teñen un carácter excepcional, que a obriga das administracións públicas —de quen ten as competencias, que é o Goberno galego—, é prestar servizos a través dunha rede pública de coidado e de atención ás persoas dependentes que sexa forte, ou, cando menos, que sexa suficiente para atender a demanda que hai. E os datos do Imsero o que nos din é que en 2023 o 62 por cento das prestacións vinculadas á dependencia que se concederon en Galicia foron axudas económicas, que —insisto— teñen un carácter excepcional, porque o Partido Popular decidiu ausentarse de crear rede pública forte, de prazas públicas en residencia, de prazas públicas en centros de día ou de mellorar o servizo de axuda no fogar, que está a punto de rebentar como unha castaña —traeremos ese debate pormenorizadamente, porque o merece—, pero decidiu ausentarse a Administración pública disto para seguir engordando o negocio dun puñado de empresas, que é o que está pasando neste país, señora Arias.

Por iso, a solución non é bonos mentira, a solución é crear máis prazas de residencias públicas, máis prazas en centros de día e de noite e fortalecer a pedra angular do coidado, a atención ás persoas dependentes, que é ese servizo de axuda no fogar.

Eu, a respecto da emenda, señora Arias, acéptolle o segundo punto, que ten a ver con reclamarlle por enésima vez á Administración central, ao Goberno español, que pague o que debe e que pague o que lle corresponde por lei desde hai tantos anos, que é o 50 por cento do custo da dependencia, pero, con todo, insistimos en manter a literalidade da nosa proposta orixinal. E dígolle por que —e con isto remato, presidenta—. Hai máis de 3.500 persoas esperando, 2.031 persoas esperando para ser valoradas de grao ou para ser valoradas co seu plan individualizado de atención. O que hai hoxe de persoal do EVO contratados pola Xunta de Galiza o único obxectivo que busca cumprir é reducir á metade —e cítoo, por iso o citaba inicialmente na miña intervención—...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—perdón, remato— esa lista de espera. Dupliquemos eses equipos de valoración e cumpramos o que di a lei, pero sobre todo garantamos os dereitos sociais das persoas dependentes, porque envellecer ten que ser motivo de orgullo, pero temos que garantir que se faga nas mellores condicións posibles...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e iso hoxe en Galiza non está pasando. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei... *(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)* ¿Perdón? ¿Sí? ¿Para que quere a palabra, señor Pazos? *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Pazos, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Ao amparo do artigo 76.3, por considerar que se vulnera o honor deste grupo durante a intervención da señora Longueira, que acusou este grupo e ao Goberno da Xunta de «detentar» o Goberno de Galicia.

Eu cingome á definición da academia. «Detentar»: reter ou exercer ilexítimamente... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Prégolles aos señores deputados que escoiten, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Reter ou exercer ilexítimamente algún poder ou cargo público.

Eu entendo que a señora Longueira ten coñecemento máis que suficiente dos termos que se usan e, polo tanto, non sei se obedece a un erro ou é unha cuestión premeditada acusar o Goberno galego de exercer ilexítimamente tal honor e tal responsabilidade. Creo que hoxe se nos pediu moderación no uso dos termos con que nos dirixiamos uns aos outros neste pleno. Paréceme que acusar o Goberno da Xunta de ser un goberno ilexítimo é unha barreira que non podemos traspasar no ámbito deste debate.

Polo tanto, pediría que expresamente se solicitase a retirada deses termos porque cuestionan a lexitimidade da decisión que tomaron os galegos o pasado 18 de febreiro, e iso para nós é simplemente inaceptable. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.



Eu faleino en galego; igual o falei mal. Ostentar, ¡vamos! Detentar non existe en galego... (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Imos aceptar, entón, que cambie o termo por ostentar?

A señora LONGUEIRA CASTRO: Ben, en ningún momento eu falei de que isto estivese retido dunha forma ilícita, ¿de acordo? En ningún momento. Teñen a pel moi fina, se acaso, pero eu non dixen que fose esa cuestión. O que quero dicir e o que dixen... Non sei se dixen «detentar», pero o que quixen dicir... (Murmurios.) Pois se foi detentar, non quixen dicir iso, porque non son ningunha...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...persoa que estea a favor de cousas ilícitas. Non sei vostedes, eu non.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. (Murmurios.)

A señora LONGUEIRA CASTRO: Dito isto, digo ostentar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ¿De acordo? Ostentar. ¿Vale? Pero teñen a pel moi fina.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Longueira. (Murmurios.)

Queda, entón... Silencio, por favor. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Cambiamos de concepto e queda recollido como ostentar. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Silencio, por favor.

Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda ao Goberno ao galego da aprobación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) de forma participativa e consensuada

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda, que leva o número 4900, da mesma autora.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que incorpore a súa normativa á obrigatoriedade da aprobación e publicación do Plan de prevención anual e defensa contra os incendios forestais antes do 31 de outubro do ano anterior á súa aplicación».)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a defensa da proposición ten o turno, por oito minutos, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Moitas grazas, presidenta.

A ver se o Partido Popular ten esa mesma apreciación respecto do que vou debater nesta cuestión e publican o Plan de prevención cando o teñen que publicar, conforme a normativa, porque parece que as palabras ás veces as traducen ao castelán para que pareza que se di o que non se di.

Pero, ben, os incendios forestais...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Creo que xa quedou aclarado polos propios intervinientes anteriores. Imos centrarnos.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Os incendios forestais, señor Pazos, constitúen unha ameaza para a seguridade dos galegos e das galegas e tamén dos seus bens, ademais dunha ameaza para a conservación do noso patrimonio natural e dos recursos forestais ou do emprego ligado ao medio natural. Por iso, con carácter previo, e sendo este o primeiro pleno desta lexislatura na que imos abordar a cuestión da prevención de incendios, non podemos deixar pasar a oportunidade de reiterar a opinión do Partido Socialista de Galicia ás recentes declaracións da conselleira do Medio Rural, cando afirmaba que os primeiros lumes da tempada son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia. Iso dicíao unha conselleira do Goberno galego. A ver que din vostedes. Cualificámoas de insultantes e pedímoslle no seu momento unha rectificación pública, e certo é que o propio presidente da Xunta xa as cualificaba como de pouco afortunadas.

Nembargantes, temos que sinalar que estas declaracións denotan a propia resignación e o acomodamento á situación actual; unha explicación inaceptable aludindo á xenética dos habitantes de Galicia. Asume o propio Partido Popular e o Goberno galego con naturalidade que a nosa comunidade vai seguir ardendo como manifestación endóxena das cualidades irrenunciáveis dos galegos.

E na lóxica da conselleira, señora Gómez, non paga a pena pararse a considerar os conceptos de xestión forestal sostible, de prevención ou abandono do rural, se á fin de contas os nosos montes se ven expostos antes ou despois, en determinadas condicións meteorolóxicas, a que haxa días en que non chova ou nos que o vento sexa desfavorable.



É importante ter claro que o cambio climático cara ao que se encamiña o noso territorio, a cantidade de combustible acumulado nos nosos montes e nos nosos ecosistemas, debido ao abandono do rural, unido á falta de políticas de xestión forestal do Goberno galego, deixan un panorama preocupante de cara aos próximos meses. Os incendios cada vez van ser máis grandes, máis intensos e destrutivos.

Advertiamos por iso ao Goberno galego que debe apostar pola silvicultura preventiva, pola paisaxe en mosaico e pola prevención para poder garantir a efectividade da extinción. A política de prevención de incendios debe ser unha política planificada a longo prazo e debe o Goberno galego potenciar os recursos destinados ao medio rural, como expón o experto nesta materia Marc Castellnou, que di: ou cambiamos o modelo e volvemos darlle valor ao campo ou virá o incendio.

Señores e señoras deputadas, non podemos basearnos nun sistema que aposte só pola extinción e non se preocupe en absoluto pola prevención e pola xestión do territorio como ferramenta para abordar os incendios que afectan Galicia ano tras ano. De feito, os recursos que non se adican a xestionar a nosa superficie forestal constitúen máis risco para os nosos montes, para as persoas e para os incendios, máis extremos que nunca, porque xa saben que se están a producir os chamados incendios de quinta e sexta xeración.

O cambio climático está facendo, señores e señoras deputados, que se visibilice a falta de prevención e xestión forestal sostible na que nos sumiu ata o de agora a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular.

Teñen que mudar de políticas, e o cambio tense que facer polo camiño da prevención, non da extinción —reitero—.

Non esquezan tampouco que un rural vivo, activo e en produción é o que controla a biomasa e mantén unha paisaxe resiliente ao lume. Parar a sangría de peches de explotacións é, sen dúbida, o mellor cortalumes, se ben destas propostas falaremos noutras iniciativas porque hoxe queremos falar dun documento moi importante: do Plan de prevención anual de incendios forestais e do desleixo da Xunta de Galicia nesta materia.

Estamos en maio e a preceptiva prevención está sen realizar. E para iso temos que pór o foco no Pladiga, no Plan de prevención anual. O Pladiga é un documento de extraordinaria importancia, ten como obxectivo prever a estrutura organizativa da Xunta. Preguntámonos para cando se fixarán os medios humanos que terán as direccións xerais de ordenación e xestión en defensa do monte; levan anos sinalando que o van facer, e está sen realizar. Hai que establecer as épocas de perigo e reducir ao máximo posible as consecuencias ecolóxicas producidas polos incendios, e isto que vén agora é o quid da cuestión: establecer os obxectivos e as actuacións para desenvolver no ano.

A aprobación deste plan correspóndelle ao Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Medio Rural, oído o Consello Forestal. O Grupo Parlamentario Socialista instou o Goberno galego, ao igual que a maioría de organizacións agrarias, á aprobación deste documento a finais do ano anterior, á súa aplicación, posto que o establecemento dos obxectivos e actua-



cións se teñen que facer ao longo de todo o ano. Pero, de igual forma, o Real decreto 15/2022, do 1 de agosto, do Estado adopta medidas urxentes en materia de incendios forestais e establece, no seu artigo 48, que as comunidades autónomas, ante o risco xeral de incendios forestais, elaborarán e aprobarán estes plans anuais para a prevención, vixilancia e extinción de incendios, e elaboraranos antes do 31 de outubro do ano anterior á súa aplicación.

Con todo, o Goberno galego no ano 2022 presentou o documento ao Consello Forestal o 31 de abril. No ano 2023 presentábase ao Consello Forestal o 25 de abril, pero este ano foi o colmo dos colmos, presentárono hai uns días, o 23 de maio. Convocaban o Consello Forestal o 26 de abril e cancelábase esta reunión programada *sine die*, feito que constitúe un desprezo absoluto a un órgano constitutivo constituído por decreto.

Cando o Grupo Parlamentario Socialista instaba a Xunta a iniciar os traballos preventivos e á convocatoria deste Consello Forestal recollido na prensa o domingo día 5, o mesmo día 6 —¡casualidades da vida!— os membros do Consello Forestal recibiron un *mail* convocándoos para o día 23 de maio. E apróbase pola Xunta dúas veces, porque despois, na segunda quenda, ensinarei unha nota de prensa do 15 de abril na que o señor Rueda di que se aproba o Pladiga, e onte mesmo volven aprobar o Pladiga. Isto é un engano aos cidadáns de Galicia, un engano que se realiza nunha materia tan importante, como dicía, como a prevención e os incendios que asolan Galicia ano tras ano.

A realidade do día a día é moi diferente da que presenta o Goberno galego, xa que carecen dunhas análises de intervencións, de reunións operativas e de protocolos de coordinación entre a Consellería e o operativo. Teño que dicir que dende xaneiro tiña que estar a prevención feita; tiña que estar feita antes da tempada de alto risco de incendio. Se se publica o plan de prevención anual, a raíz do Consello da Xunta de onte, do luns, vese. Obviamente que os distritos carecían destas instrucións para realizar esta preceptiva prevención.

Entón, instamos a Xunta, en consecuencia, á obrigatoriedade de aprobación e publicación do Plan anual de prevención...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato presidenta— e defensa contra incendios forestais antes do 31 de outubro anterior á súa aplicación, para que así se cumpra coa normativa e se cumpra coa prevención necesaria para prever os lumes que asolan Galicia.

Nada máis na miña primeira intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Bloque O Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Monserrat Valcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: Boa tarde a todos e a todas.



Grazas, presidenta.

En xuño de 2017, 66 persoas morreron e outras 250 resultaron feridas logo de que os incendios forestais queimasen 24.000 hectáreas de terreo na rexión montañosa de Pedrógão Grande, no centro de Portugal. Decenas de persoas morreron mentres intentaban escapar das lapas nos seus coches, e o lume chegou a recorrer 20 quilómetros en 20 minutos. O que pasou en Pedrógão foi un aviso para o resto de: mirade o que comeza a pasar, que os monocultivos son aceleradores dos incendios, unha vez que a chispa prende, xa sexa por un raio, unha negligencia humana ou a vontade dun incendiario.

A tendencia tamén dos incendios actuais son os chamados GIF, os grandes incendios forestais. E a crise climática o que nos xera son condicións que favorezan a propagación do lume, con temporadas de alto risco cada vez máis longas. Eses propios incendios liberan grandes cantidades de CO₂ á atmosfera, retroalimentando un círculo vicioso.

Tamén está cambiando a forma na que se propagan. Algúns xa se teñen englobado nos chamados «incendios de sexta xeración», que son eventos que modifican as condicións meteorolóxicas da zona. O Goberno ten a obriga de estar preparado, porque a cidadanía galega deposita a confianza nel para que os protexa, para evitar danos materiais e humanos, e tamén é obriga de quen goberna propoñer solucións proactivas e rápidas. Na Galiza existen case un millón de hectáreas de terreo forestal. Estas representan máis da metade da superficie territorial do país, e, dentro dese terreo, o monte en mancomún constitúe un terzo; son case 7.000 hectáreas nas que se deben desenvolver proxectos que procuren unha planificación que valorice e diversifique o aproveitamento do monte; por exemplo, co incremento da diversidade da súa floresta, que actuará como cortalume natural —deberíamos, como dicíamos antes, alonxarnos deses monocultivos, que son moi inflamables—, e tamén coas técnicas de aproveitamento silvopastoril con gandaría extensiva.

A prevención de incendios debe ser a prioridade na planificación da paisaxe. Entón, é importante traballar todo o ano na limpeza, na ordenación e no aproveitamento integral do monte para acadar un rural vivo, acabando co abandono do territorio. Por exemplo —e seguindo con Portugal—, no 2017 dedicaban o 80 por cento do seu investimento á loita contra o lume, pero en 2022 xa algo aprenderan, mudaron ese investimento e déronlle un peso superior ao 60 por cento para a prevención.

Entón, ¿que é o que facemos na Galiza para previr os incendios forestais? Pois aquí temos un anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais paralizado. Iniciouse na súa tramitación en xullo de 2021, e, entre os seus obxectivos, estaba recuperar a funcionalidade dos sistemas agroforestais afectados, pero aí quedou. E temos un plan —o que nos ocupa agora, o Pladiga— que é un plan de defensa contra incendios forestais. Trátase dun documento tecnicamente correcto —xa o digo aquí en prevención de que as señorías do PP vaian replicar por aí—, pero que ten como destino principal a defensa contra o lume, e o seu investimento maioritariamente é para a defensa, quedando unha mínima porcentaxe para a prevención.

Entón, no novo Pladiga que acaban de presentar —como ben dicía a miña compañeira— este ano, os grandes logros son: maior mecanización, máis puntos de auga, ampliar a vi-



deovixilancia e manifestar que teoricamente se mobilizarán 7.000 homes e mulleres de distintas administracións. A realidade, ¿cal é? Que a mecanización son grandes vehículos, os chamados «batracios», que non chegan a todos os puntos do noso territorio, nin moito menos. De feito, diríamos que teñen un moi difícil acceso en moitas das nosas parroquias. E tamén hai tractores, que son os que entregan aos concellos, que moitas veces teñen unha tarefa complicada, dado o despoboamento que temos no rural, que é atopar persoal para manexalos.

Con respecto á videovixilancia, pois é un instrumento complementario, pero que en lumes que se propagan rapidamente ten ocasionado que se actúe tarde, ao non estar presente a vixilancia humana. Crear eses puntos de auga, eses tanques, tamén é complementario, pero non é unha medida principal. E con respecto aos efectivos humanos, temos un problema importante no que a palabra dada e plasmada en papel dificilmente coincide coa realidade, xa que non se cobren baixas, non se reemprazan a tempo as prazas e arrástrase un proceso de funcionarización que vai a un paso de tartaruga, no que lles piden que agarden neste momento ata o final do 2024 a persoas que tiveron un proceso aprobado no 2022.

Tamén sabemos que este ano aumentaron un mes a contratación do persoal eventual, pero temos que dicirlles que, aínda que era unha promesa electoral, no día de hoxe non atoparon o momento de asinar o convenio que lle daría boa tranquilidade a ese colectivo. E o horizonte temporal de 2026 de nove meses de contrato para o persoal parece o mínimo razoable para que realmente se poida programar unha silvicultura preventiva.

Os incendios, loxicamente, afectan toda a sociedade galega; entón, as persoas son a miúdo causa e son vítimas dos incendios. Polo tanto, tórnase fundamental traballar desde a base, concienciar e facer campañas de formación. E o mesmo coa cooperación. Ten que ser dunha importancia vital, e un intercambio continuo de información e de experiencias entre as administracións tamén. Prevención, preparación e resposta van da man para salvar vidas humanas e para limitar a propagación dos incendios. Dispoñer de expertos experimentados en incendios forestais, de bombeiros debidamente formados, de tecnoloxía e doutros activos dispoñibles cerca do foco de actuación marca a diferenza. E neste tema, no dos expertos, permítanme que lle lembre a este goberno que leva ameazando os campus periféricos onde se forman moitos profesionais que se adican ao medio rural, e directamente relacionado con este tema, as enxeñeiras e enxeñeiros forestais e de montes do Campus Terra, cun decreto de 2011 que lles exige un número mínimo de 45 alumnos. O que suxerimos é que, en lugar de ameazar, o que teñen que facer é potenciar máis estas titulacións, (*Aplausos.*) das que hai unha demanda de traballo de case o cen por cento, e dotar con máis recursos para conseguir uns profesionais máis especializados na loita en prevención contra os lumes. Tamén suxerimos que se faga un ciclo específico na FP.

O que máis arde sabemos que son os espazos desordenados, e, coa súa política forestal tan pasiva, diso temos na Galiza a esgalla. A falta de control é, de feito, un dos grandes problemas nos lumes; é que sen estar debidamente xestionados os eucaliptais convértense nun polvorín. Cando se produce...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.



A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...un incendio, tanto o solo como a vexetación resultan afectados e é necesario restauralos. E aquí tamén volvemos á famosa lei que comentaba antes de loita integral contra os incendios, que tamén contemplaba esta parte de restaurar, pero, como dicíamos, está paralizada, cando na prensa xa se anunciaba que se ía aprobar no 2022.

En definitiva, para acabar, dámoslle o noso apoio á iniciativa do PSdeG na que solicitan que o Pladiga se aprrobe e publique antes do 31 de outubro do ano anterior, e dámoslles o noso apoio porque así podería ter realmente a prevención e a protección das vidas dos e das cidadáns dos núcleos, algo que non se fai con propaganda, senón con medidas efectivas de prevención.

Na máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Cristina Campero.

A señora CAMPERO DORADO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Hoxe estamos aquí para debater a proposición non de lei do Partido Socialista sobre a presentación do Pladiga antes do 31 de outubro do ano anterior á súa aplicación. As directrices e criterios comúns precisos para a elaboración dos plans anuais de prevención, tal como figura na normativa estatal, modificada en agosto de 2022, deben estar aprobadas previamente aos plans anuais. Dous anos despois aínda non temos unha data de aprobación, como exige o Real decreto lexislativo 15/2022, que nomeou a señora da Costa.

O Pladiga foi aprobado en 2007 polo Consello da Xunta do 24 de maio, en virtude do artigo 6.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. Cada ano apróbanse as actualizacións, oído o Consello Forestal, que dan continuidade ao plan, mantendo a mesma estrutura, e esta estará vixente ata a seguinte actualización.

Ademais de todo isto, no mes de outubro aínda estamos en plena campaña de incendios forestais, polo cal sería un erro grave a publicación das novidades do Pladiga sen previo estudo das condicións meteorolóxicas durante esta época sen recoller as zonas ZAR e as PAAI, entre outras.

As actualizacións do Pladiga 2024 foron publicadas onte, día 27 en maio, e non porque vos tedes traian esta proposición non de lei aquí ao Parlamento, senón pola súa complexidade e tras o procedemento que debe seguir.

A mesma lei tamén recolle, no seu artigo 22, a obriga de facer os traballos de prevención antes do 31 de maio e a súa posterior inspección por parte da Administración. A Xunta fai labores de prevención durante practicamente todo o ano e en toda Galicia. E, grazas ao con-



venio asinado entre a Fegamp, Xunta e Seaga, beneficiáronse 108 concellos: na provincia da Coruña, 36; en Lugo, 22; 30 en Ourense; e 20 en Pontevedra. *(Aplausos.)*

Antes do 31 de maio téñense que facer os labores de prevención referentes a particulares, para a próxima inspección por parte das autoridades competentes da Xunta.

Tamén se beneficiaron 34 concellos de maquinaria pesada, como bulldozers, motonivaleadoras, pas mixtas e escavadoras; en total foron un total de 127 concellos.

Referente ao dispositivo propio, alcanzamos 30.000 persoas entre as diferentes categorías profesionais, e organizadas xerarquicamente e con normas básicas para todos e cada un, dentro dos seus respectivos distritos, en función do seu posto de traballo, podendo acadar os 7.000 efectivos con situación 2, momento no que se activa o Peifoga, entre os que se atopan medios municipais, parques comarcais, GES, protección civil e medios estatais.

Desde a consellería estase a impartir formación para todas as categorías do servizo, e xa no que vai de ano impartíronse máis de 150.000 horas de formación, ademais de facer simulacro non só do SPIF senón tamén co resto de equipos de emerxencia. Renovouse todo o parque móbil, mellora nas bases de toda Galicia. Fíxose o recoñecemento da categoría de bombeiras e bombeiros forestais, mentres que no Bipartito eran peóns. Levouse a cabo a estabilización de todo o servizo, na que o persoal de tres meses pasou a seis, e agora está no proceso de acadar os nove meses, mentres durante o Bipartito só traballaban tres meses; os de nove meses pasaron a doce, e ademais de adquirir a condición de persoal funcionario.

¿E como teñen vostedes os traballadores do ministerio? Durante o seu goberno, unha bombeira forestal, ¿que condicións laborais tiña?, ¿que estabilidade? Miseria e dependencia de pagas. Actualmente, co compromiso do Goberno galego, garantiuse que poidan ter prestación económica durante todo o ano, sen ter que recorrer a pagas.

Temos o mellor Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais de España e de Europa *(Aplausos.)* e un dos mellores do mundo. E no momento en que vostedes cargan contra o servizo tamén están cargando contra o traballo de todos os traballadores, uns traballadores que deixan a pel defendendo os nosos montes, e moitas veces ata a propia vida.

Pídolles que deixen de facer política cos incendios forestais, que son a maior lacra que afecta o noso territorio e o noso rural, e colaboren de maneira positiva con iniciativas coherentes.

Pola miña parte, nada máis. Boa tarde. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche da autora da proposición non de lei.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.



Non sei como o Partido Popular aplaude tanto unha intervención na que a portavoz desta materia se declara insumisa ante a aplicación dunha lei e da publicación dun documento que ten que estar publicado antes do 31 de outubro, para que a prevención se faga todo o ano. E vostede debería saber disto, e dixo bastantes mentiras, e dígoo así: mentiras, porque non sei se coñece o ditame que se fixo a raíz dos incendios do ano 2017, que tamén en Galicia puido haber moitos mortos, de feito houbo dous.

Nese ditame hai moitas medidas que o Goberno galego non aplica, e tampouco parece que ten coñecemento, señora Campero, que levamos moitas iniciativas neste Parlamento desde o Grupo Parlamentario Socialista para que no Servizo de Prevención de Incendios Forestais, grandes profesionais, os seus contratos foran ampliados. E o Partido Popular votaba en contra, votaba en contra destas iniciativas. Pero, cando foi a campaña electoral, o señor Rueda tiña que elevar certas medidas á prensa e captar certos intereses e votos, e nese momento prometeu ese aumento de contratación deses traballadores, que agora vostede di que aumentan o contrato un mes.

Iso é o que fixo o señor Rueda en campaña electoral, e todos os traballadores forestais de Galicia o saben, tamén os seus compañeiros. E entón eu creo que hai que ser nesta materia tan importante como é a prevención de incendios, e os incendios e os danos que poden causar este verán ás persoas e aos bens, porque o ano pasado ardían casas, e isto é moi delicado, e vostede creo que o tomou con bastante frivolidade.

Porque o Pladiga é un documento que ten que estar aprobado a principios do ano, para que se faga a prevención, porque se fala cos distritos —e eu falei cos distritos, polo menos cos de Ourense—, non se fixo prevención este ano, porque esa maquinaria, eses 14 tractores que comprou a Consellería de Medio Rural non poden entrar na maioría dos terreos.

Porque se fala cos distritos, se fala co persoal, sabe que non tiñan instrucións para facer a prevención, porque resulta que o Pladiga non estaba aprobado. E resulta que vostede di que non van cumprir con esta obrigatoriedade de publicar o Pladiga antes do 31 de outubro, pero outras comunidades si o fan, a pesar de que di que non hai eses directrices.

Mire, Castilla-León. Cando sae publicado o Real decreto 15/2022, Castilla-León, xa en agosto dese mesmo ano, publica o decreto de medidas urxentes de prevención e extinción de incendios, pero é que despois, o 15 de decembro, xa publica o plan anual de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais. Iso fai Castilla-León, pero podemos falar de Extremadura, que xa nese ano 2022, cando o Estado ordena este real decreto lei, o 26 de outubro xa fai tamén ese plan preventivo.

Non temos nin estudo das necesidades do territorio, señora Campero.

Teño que dicir que o señor Rueda fixo un engano aos galegos dicindo que publicaba o Pladiga dúas veces, o 15 de abril, e iso non o explicaba.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, por favor.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Non toma en serio a prevención este goberno. E quero deixar só unha cousa clara: o Partido Socialista de Galicia sempre dixo que tiña un bo servizo de extinción, uns bos traballadores, pero moi maltratados, porque pregúntelles vostede ás brigadas helitransportadas contratadas pola Xunta de Galicia, con eses convenios polos que cobran 1.100 euros ao mes por xogar a vida nos incendios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Silencio, por favor, silencio.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego dentro da política de atención á saúde mental da mocidade

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a 4928, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Seguir traballando no eido da saúde mental cumprindo o seu compromiso de desenvolver un novo plan nesta materia.

2º.- Continuar co desenvolvemento de proxectos psicoeducativos entre a mocidade galega.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defendela, por tempo de oito minutos, ten a palabra don Iago Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, tócanos falar aquí agora dun tema extremadamente serio, e píddolles por favor a todas e todos os presentes aquí na Cámara que tomemos esa consideración coa seriedade que ten. A situación da saúde mental neste país, especialmente na sanidade, podemos dicir



que é límite, e por iso lles pido un debate honesto, que presentemos propostas e que falemos claramente dunha cousa que lamentablemente está quitando moitas vidas no noso país.

Señorías do Partido Popular, esta situación non apareceu dun día para outro, esta é unha situación que se vén fraguando desde hai moito tempo, e sen dúbida a pandemia da covid-19, a precariedade laboral e a situación da sanidade foron un gran caldo de cultivo para crear e para chegar a este punto, un punto no que estamos e que é, lamentablemente, de extrema actualidade. Aínda hoxe saía unha noticia no diario *El Salto* que explicaba que se multiplicaran as chamadas ao 024, o teléfono de atención ás persoas con ideas suicidas.

E, señorías do Partido Popular, como persoa moza —eu teño 26 anos— e persoa que participa politicamente, debo dicirlles unha cousa: xa chega de excusas. A mocidade xa non quere palabras bonitas, a mocidade require propostas. Vostedes levan gobernando este país quince anos consecutivos, xa non imos contar os anteriores, quince anos consecutivos, e a situación agravouse tremendamente nestes últimos tempos, sobre todo desde a pandemia da covid-19. Traballen, gobernen, déanlle solución á mocidade deste país. *(Aplausos.)*

E non dicimos nós, nin di este deputado, que a situación é límite; dino os datos. Galicia conta aproximadamente con 3,5 psicólogas clínicas por cada 100.000 habitantes. A media do Estado é de 5, tamén moi baixa, pero é que na Unión Europea a media é de 18 psicólogas clínicas por cada 100.000 habitantes. En Galicia, 3,5; 18 contra 3,5.

As listas de espera para que unha moza sexa atendida en saúde mental son dun ano, un ano de lista de espera en saúde mental.

Desde a pandemia houbo un aumento moi significativo de uso de psicofármacos en menores de 30 anos.

Todo isto, e moitas máis cousas, levan a que infelizmente os suicidios e as autolesións se multiplicasen por catro en adolescentes e crianzas desde a pandemia. E isto tampouco o digo eu, dío a Sociedade de Psiquiatría Infantil da Asociación Española de Pediatría.

E, ante isto, ¿cal é a resposta do Partido Popular? *(O señor Suárez Fernández mostra un documento.)* A lexislatura pasada, votar en contra de actualizar o Plan de prevención do suicidio 2017, claramente ineficaz, un plan que actualmente non está funcionando, e o PP vota en contra de actualizalo.

A situación no ensino tamén é brutal, con protocolos anticuados que non se adaptan á situación actual e aos requirimentos da sociedade actual, algo que tamén infelizmente acaba por afectar o profesorado, que manifesta síntomas de ansiedade ou depresión nunha porcentaxe do 40 por cento, porcentaxe que aumenta ao 65 por cento no caso do estrés, neste caso do profesorado, segundo o Barómetro internacional de saúde e do benestar do persoal da educación.

Se xa falamos do rural, referir a situación como dramática eu creo que incluso queda curto. Queda curto describir que nos colexios do rural galego o persoal de orientación non está a



tempo completo, de maneira que recae en persoal non especializado a xestión practicamente completa dos protocolos de suicidio que se abren. Por iso, na iniciativa reclamamos que a Xunta desenvolva proxectos psicoeducativos entre a mocidade galega.

Ante este panorama, a Xunta de Galiza non está nin se lle espera. A mocidade galega busca alternativas pola súa conta, que necesariamente pasan pola sanidade privada. Cando unha persoa ten que esperar un ano para ser atendida na sanidade pública, ¿que fai? Evidentemente, ir á sanidade privada, neste caso afondando claramente nos problemas de clase que xa sofre este país, unha desigualdade brutal. Quen teña cartos, que se cure, e quen non, que se busque a vida. O salvaxe Oeste, neste caso europeo.

Ademais, temos constatado como se saturan espazos alternativos que ofrecen atención psicolóxica á xente nova, dada a escaseza de recursos do sistema público. Aconteceu, por exemplo, na unidade de atención creada na Universidade de Santiago de Compostela, que en moi pouco tempo recibiu centos e centos e centos de consultas do estudantado que requiría atención psicolóxica por non poder recibila na atención privada.

Señorías, este ano 2024 remata a vixencia do Plan de saúde mental de Galiza, un plan pos-covid, que contemplaba desde o ano 2020 ao ano 2024. Até o de agora non tivemos nunca por parte da Xunta de Galiza valoración sobre o grao de cumprimento do plan, en ningún momento. O plan aprobose. Nós, neste grupo, nin entendo que ningunha persoa sabe até que punto se cumpriu ese plan aprobado precisamente pola Xunta de Galiza.

Non se creou tampouco a comisión de implantación e nin sequera houbo un grupo responsable da execución por cada un dos eixos planificados; houbo cartos, iso si, 80 millóns de euros que se adxudicaron a este plan, foron orzados no seu momento 80 millóns de euros. Eu non sei onde están. ¿Saben vostedes onde están? Pois espero que nolo comenten.

En definitiva, no caso da saúde mental e no caso deste Plan da saúde mental, a actuación foi de Xunta de Galiza en estado puro: crear plans de ordenación, de reordenación de recursos asistenciais e humanos, pero non un plan real neste caso de saúde mental; é dicir, facer que se fai para non facer nada, (*Aplausos.*) facer que se reordena para non reordenar nada, un pouco como o que está acontecendo coa reordenación orgánica do Sergas: cambiar todo para que todo siga igual.

Señorías, polo ben de toda a mocidade deste país, polo ben da sociedade galega, menos palabras bonitas e máis traballo. Repito: levan gobernando este país moitos anos —moitos máis dos que a min persoalmente me gustaría—, espero que afronten este debate de maneira seria, coa seriedade que este debate e a seriedade da situación precisamente require, e que traian aquí propostas. Vostedes son, vostedes sosteñen o Goberno deste país, vostedes foron elixidos polo pobo galego precisamente para gobernar. Non nos valen escusas de que, ¡ai!, é moi difícil; non nos valen as escusas de que, ¡ah!, claro, é que non hai profesionais; é que vostedes foron elixidos para gobernar esas situacións complicadas, é que vostedes están aí porque son Goberno. Exerzan como tal. Repito: menos palabras bonitas, máis traballo.

Moitas grazas.



(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidenta.

«Non coñecer o terreo é un problema», isto escoiteillo a semana pasada a unha voceira do BNG e coincido plenamente con esta frase.

Comezamos nova lexislatura pero vexo que o discurso do BNG non mudou nada: os mesmos mantras, as mesmas mentiras, a política do medo. Seguen vostedes instaurados no mesmo lodazal. Nas primeiras liñas da súa iniciativa non poderían faltar verbas —con todos os respectos que nos dicía aquí o xove voceiro do BNG—: moito respecto a este tema. Si, pero mire, se vostede le a iniciativa, nos primeiros parágrafos estaban: recortes, privatización, desmantelamento, drama...

Evidentemente, a situación da saúde mental constitúe unha preocupación para toda a sociedade e, en particular, para as administracións, que teñen na man adoptar medidas neste ámbito. Trátase dunha problemática multifactorial e case me atrevería a dicir que universal e que, segundo acreditan os expertos, empeorou na pandemia, con motivo dos confinamentos e do impacto que supuxo isto en todos os ámbitos.

Señoría, nós estamos aquí, somos os que sustentamos o Goberno, porque o pobo galego confiou en nós e por iso púxonos deste lado, (Aplausos.) e vostedes por iso están dese lado. E o Goberno do presidente Rueda é consciente desta realidade, non mira para outro lado, non o fixo na anterior lexislatura e tampouco o vai facer nesta. Incorporáronse medidas e recursos crecentes no ámbito da saúde mental, e de cara ao futuro, no noso programa electoral, que constitúe a folla de ruta do Goberno, fíxose fincapé nos máis novos, na saúde infantoxuvenil. Eu pensei que vostedes tiñan coñecemento disto, porque eu non sei en que mundo viven, non sei en que país viven, non sei que hospitais visitan vostedes. Mire, deixen de enredar, de tratar de confundir e poñamos entre todos solucións enriba da mesa.

O Goberno do Partido Popular da Xunta fixo Galicia referente no ámbito da saúde mental, pois foi das primeiras comunidades autónomas en definir un camiño a seguir. Fixémolo a través do Plan de saúde mental de Galicia 2020–2024, dotado con 83 millóns de euros; e deses 83 millóns, 36 destináronse exclusivamente ao aumento de persoal, ata crear 241 novas prazas. De feito, entre 2020 e o 2024 creáronse o 100 por cento das prazas recollidas no plan, a través das leis de orzamentos —por certo, as que vostedes votaron en contra—; actualmente están cubertas máis do 60 por cento. E para darlles estabilidade convocáronse para adjudicación en propiedade 175 prazas: 44 de psiquiatría, 37 de psicoloxía e 94 de enfermaría



especialista. Foi a través da oferta pública de emprego para prazas de difícil cobertura, en aplicación da Lei de medidas extraordinarias, fronte ao que vostedes, señorías do BNG e señorías do PSOE, votaron en contra.

Son vostedes os do non polo non. Cada vez que se propón algunha medida para tratar de mellorar a sanidade sempre atopamos o seu voto en contra. Vostedes votaron non á creación destas 241 prazas, que fixo posible a creación de novas unidades de saúde mental ambulatoria en todas as áreas sanitarias; podemos falar de Tui, de Ordes, de Oleiros ou de Ponteareas. Votaron non á creación de sete hospitais de día de saúde mental infantoxuvenil, un por área sanitaria, e pasamos de cero a sete. Votaron que non ás dúas unidades de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil, unha en Santiago e outra en Vigo, no Álvaro Cunqueiro. Creáronse sete unidades de prevención intensiva do suicidio, unha por área sanitaria, que contan con persoal de psicoloxía, psiquiatría e enfermería; e establecen un prazo máximo de setenta e dúas horas para risco elevado. Señorías, sempre van a rebufo.

Miren, por significar a relevancia do Plan de saúde mental 2020-2024, tan só temos que observar o aumento de ratio de profesionais: melloramos dende o 3,4 por 100.000 habitantes —que vostede nomeou aí— en 2020; é verdade que en 2020 tiñamos 3,4 por 100.000 habitantes pero é que hoxe temos 5,2 por 100.000. Iso é verdade. Na actualidade temos un aumento dun 35 por cento en só catro anos. Hai que vir aquí contar verdades.

E, por outra parte, señorías, a coordinación entre servizos sanitarios e educativos tamén é unha prioridade para a Xunta e hai varios programas implementados. A saúde mental estamos de acordo con que é fundamental coidala desde a escola, e aí está o programa Young, financiado con 2 millóns de euros a través do Fondo Social Europeo, destinado á contratación de psicólogos e formadores para impartir programas nos centros escolares. Trátase dunha nova ferramenta pioneira na implantación dun modelo de prevención de suicidio na xuventude na nosa Comunidade Autónoma.

A boa saúde mental, o desenvolvemento emocional ou a aprendizaxe de habilidades sociais, así como o enfrontamento dos problemas, son cruciais dende idades temperás, e o Goberno galego do Partido Popular é consciente de todo iso.

E tamén se puxo en marcha o Código Agarimo, que é unha vía rápida de atención a menores en risco de suicidio, que permite establecer dentro do sistema de alerta escolar un código específico e protocolarizar a intervención favorecendo a intervención entre escolas, familias e profesionais da sanidade.

Efectivamente, concordamos con que queda moito que traballar neste eido, pero tamén en que hai un traballo feito sólido e comprometido, sen ter que esperar a que veña aquí o BNG e que se lle ocorra rexistrar unha iniciativa. Non están proponendo nada novo, nada que non estea contemplado e feito pola Xunta de Galicia.

E outro aspecto importante é traballar por normalizar a enfermidade mental, onde queda moito traballo por facer entre todos —señorías, entre todos—, de forma coordinada. E aínda que lles custe, teñen que recoñecer que hai moito traballo feito e recoñecerán o grande in-



cremento dende que vostedes gobernaban no ano 2008, porque o medible non é interpretable. E houbo un incremento do 38,46 por cento nas prazas para profesionais de psiquiatría, dobráronse as prazas de psicoloxía e multiplicouse por dez a oferta de prazas formativas para enfermería especialista en saúde mental.

Remato xa remarcando que a Xunta está traballando a reo no eido da saúde mental cunha planificación, señorías, que vostedes deberían de recoñecer e de apoiar. O propio conselleiro de Sanidade deu conta no día de onte da creación dunha Subdirección Xeral de Saúde Mental. O director xeral de Asistencia Sanitaria estes días...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—si— daba conta deses 29 residentes de enfermería en saúde mental. E Galicia está a piques de concluír eses obxectivos fixados no vixente Plan 2020-2024, e os próximos obxectivos —como anunciou o presidente Rueda— virán co novo plan 2025-2029, o que dá mostra do compromiso da Xunta coa mellora da saúde mental.

E, señorías, a escaseza de profesionais tamén se dá neste eido. A Xunta tomou medidas, vostedes votaron en contra, os dous grupos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: E nós estamos traballando na mellora da saúde mental. E xa lles adianto que, se non aceptan a emenda, nós imos rexistrar un acordo nesta Cámara para seguir traballando no eido da saúde mental...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e para continuar co desenvolvemento dos proxectos.

Se teñen vontade de chegar a acordos, deberían de apoiar a nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Renuncia ao turno de palabra o señor Ojea.

Quenda entón do Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra dona María Elena Espinosa Mangana.

A señora ESPINOSA MANGANA: Boa tarde, presidenta.



Deputados, deputadas.

Quero sumarme ás mostras de condolencia mostradas ao longo do día de hoxe polo falecemento do bombeiro de Vigo Sergio Salnés, condolencias que puiden transmitir á familia, aos mandos do corpo de bombeiros e tamén a moitos dos seus compañeiros. Ademais, no caso do deputado Carlos López Font e meu, tivemos un impacto persoal moi forte, dado que os dous tivemos responsabilidades de seguridade no Concello de Vigo e coñeciamos a Sergio persoalmente. *(Aplausos.)*

E entrando xa no tema que nos trae aquí, a saúde mental continúa a ser, efectivamente, un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde de Galicia, pola súa deficiencia ou deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que cada vez máis están máis presentes e máis identificadas entre a sociedade. O avance na visibilización e normalización da presenza da saúde mental como un fundamental indicador da saúde das persoas avanza imparabilmente na actualidade, favorecendo a imaxe colectiva da necesaria relevancia que este servizo debe ter dentro do sistema público de saúde.

E todos os informes e valoracións de expertos nos últimos anos poñen en evidencia o aumento preocupante das alteracións e trastornos da conduta e da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando os adultos novos e os menores de idade de maneira sinalada. E no caso da saúde mental infantoxuvenil amósase como unha preocupación de primeira orde, con datos realmente duros.

No entanto, a atención que a saúde mental recibe no conxunto de España é desigual en función das comunidades autónomas, que son as responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como na estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades. Galicia, desgraciadamente, atópase na cola das comunidades autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental. Mais a realidade das necesidades é moi dura, pois Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas de España con maior taxa de consumo de psicofármacos e entre as que rexistran o maior volume de suicidios anuais.

O problema de recursos humanos afecta a accesibilidade de maneira grave, pois a media de espera para unha primeira cita en saúde mental no sistema público é de alto risco polas consecuencias, segundo apuntan os profesionais propios do Sergas. Tamén varía en función das áreas. Esta situación, dende logo, é inaceptable, porque leva anos sen recibir a atención necesaria por parte do Goberno galego; por parte do Goberno cando gobernaba o señor Feijóo, pero agora tamén co señor Rueda.

A finais do ano pasado —e vou facer referencia a publicacións para que non se cuestione en absoluto—, alertábanos de que cada vez é máis difícil acceder a un servizo psiquiátrico. E os datos oficiais da lista de espera do Sergas indican que o tempo medio de espera para unha consulta de psiquiatría no ano 2023 era case o dobre que no ano anterior. E, como dicía, as áreas galegas tampouco son homoxéneas. Recentemente outra publicación sinalábanos que a primeira consulta de psiquiatría na área sanitaria de Vigo era a maior de Galicia, converténdose Vigo no faroliño vermello das listas de espera.



Tamén os psicólogos se queixan. Quéixanse de que o número de profesionais non chega sequer á metade dos recomendados e nalgunhas áreas hai que esperar nove meses entre consulta e consulta. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sinala a dificultade no acceso ao sistema público e a falta de equidade na repartición de recursos entre áreas sanitarias como os principais defectos na atención da saúde mental, a pesar de que recoñecen tamén un mínimo avance.

Esta infradotación de persoal tradúcese nuns tempos de espera inasumibles, tanto para a primeira consulta como no que toca á frecuencia das visitas. Deste xeito, faise moi difícil realizar un tratamento psicolóxico eficaz, o que favorece a cronificación e o agravamento dos trastornos mentais.

Se entrásemos a analizar a situación infantoxuvenil diríamos que é moi preocupante. Os episodios de problemas en saúde mental en idades temperás e na adolescencia aumentan de maneira exponencial. Isto está derivando en consecuencias graves, como pode ser un exemplo moi cotián como é o aumento dos trastornos alimentarios. Tamén hai estudos académicos profesionais que apuntan á necesidade fundamental de incrementar recursos en atención infantoxuvenil, e sinalan tamén Galicia de maneira negativa con respecto a outras comunidades autónomas. Isto fano a pesar de facer esta publicación tras abrir a Unidade de Hospitalización Infantil en Vigo.

Pero tamén Galicia segue un rumbo errático no deseño do sistema asistencial de saúde mental. O modelo asistencial galego promove a asistencia á enfermidade tratando de responder ante casos agudos e concretando os casos de pacientes ingresados e internos, fronte á posibilidade de establecer unha rede de centros de menor tamaño e volume, con atención máis personalizada e vinculados aos territorios, que facilita a integración de persoas no seu contorno natural. Esta situación trasládase de maneira especialmente preocupante ás idades infantís, que apenas contan con camas de hospitalización no caso de agudos.

Gustaríame aquí, pola contra, pór en valor a Guía de descrición de psicofármacos do Goberno de Galicia ante o alarmante consumo, co incremento da venda de ansiolíticos e antidepressivos en farmacias do trinta por cento na última década. O obxectivo deste plan é pór pautas claras para a redución e a eliminación da medicación psicotrópica cando xa non é necesaria. E tamén tratará da dificultade de descontinuar certos psicofármacos debido aos efectos de abstinencia que poidan xerar, así como á necesidade dunha supervisión e un acompañamento durante este proceso. É unha guía que pode axudar moito a Galicia porque, como dicía, temos unha taxa altísima de psicofármacos. Pero, fronte a esta postura, a Xunta de Galicia segue mostrando claros déficits, aínda que ten as competencias plenas.

Eu quero, señora Amigo, rematar dicíndolle que si, o conselleiro de Sanidade fixo unhas declaracións o pasado domingo nunha entrevista nunha radio.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Si, remato inmediatamente. Dicía que creará esa subdirección da que vostede falou, de saúde mental. Pero o conselleiro recoñecía que existen pro-



blemas importantísimos tanto en ordenación do territorio como en recursos, que avaliara todo e que trataría de...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...pór solucións.

Polo tanto, as súas palabras non coinciden con esta realidade e, ante esta situación, o Grupo Socialista vai apoiar a proposición do BNG. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha o autor da proposición, don Iago Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de nada, quero agradecer o apoio do Partido Socialista á nosa iniciativa.

Señora Amigo, cando dicía que lles pedía que non usasen excusas e que se puxesen a gobernar, non me refería a ese tipo de intervención. Vostede faloume aquí do Bipartito. ¡Do Bipartito! Eu teño 26 anos. Levan quince anos gobernando este país, ¡que se poñan a traballar! *(Aplausos.)* Pero que se poñan a traballar. Quince anos consecutivos e vén co Bipartito. En fin, toda unha declaración de intencións, claro que si.

Fala a señora Amigo de que nós utilizamos palabras moi rimbombantes na iniciativa. Dicía que falamos de «drama» ou «desmantelamento». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Home, eu non sei se as señorías do Partido...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Póñense nerviosos. É normal, é normal. Eu non sei se ás señorías do Partido Popular lles parece que utilizar a palabra «drama» é excesivo. Eu non sei, segundo os últimos datos do Imelga do 2022, os últimos que hai dispoñibles, houbo 340 suicidios en Galicia. Trescentos corenta galegas e galegos que se quitaron a vida. Eu non sei se isto o consideran un drama ou non. Eu, desde logo, si. *(Aplausos.)*

Preguntaba tamén a señora Amigo que que hospital visito eu. Dígollo: o Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, onde actualmente non hai nin un só psiquiatra; nin o primeiro. *(Aplausos.)* Non hai. Convidoo a que veñan a Monforte de Lemos, ao meu hospital de referencia, e verán como efectivamente alí non hai psiquiatras. ¡Non os hai! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, perfectamente... tamén minto.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

Está no turno de palabra.



O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Fala tamén vostede do programa YAM. O programa YAM, impulsado pola Xunta de Galiza. Por certo, para que a xente tamén o saiba, un programa piloto, jeh! Un programa piloto que a Xunta de Galiza está aínda implementando. Cando lles digo que gobernen, que se teñen que poñer a gobernar e a traballar, pedímoslles programas en serio; non programas piloto. ¡Que se poñan a traballar!

E despois di a señora Amigo tamén que non propoñemos nada novo. No BNG si que propoñemos cousas novas, claro que si. No BNG temos propostas: dotar a saúde mental de recursos económicos suficientes ata chegar ao dez por cento do orzamento total destinado á sanidade, segundo as recomendación da Organización Mundial da Saúde. A saúde mental non pode depender dos cartos que teñas no banco, repito.

Despois, acerca da emenda, xa para rematar. Eu quero que aquí todas as señorías estean clarificadas acerca da emenda do Partido Popular, a emenda que presenta á nosa iniciativa. Nós na iniciativa pedimos aumentar o número de profesionais en saúde mental no Sergas, entre outras cousas. O principal é iso, aumentar o número de profesionais en saúde mental no Sergas. ¡Esa é precisamente a parte que se queren cargar da nosa emenda! Toda unha declaración de intencións. *(Aplausos.)* Sobra dicir, señorías do Partido Popular, que non a imos aceptar.

De novo, a mocidade deste país pídelles solucións; non palabras bonitas. Non lles pide excusas. Non nos veña con mantras manidos, que se Bipartitos e que se demais. Eu teño 26 anos. Eu non vivín o Bipartito, nin tiña consciencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Remato. Tamén se me quitou bastante tempo, que houbo interrupcións a mansalva; *(Murmurios.)* que se puxeron bastante nerviosos, non sei por que será. Pídelles solucións; eu e a mocidade deste país. ¡Que se poñan a traballar xa! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candia López): Como están informados, hai unha alteración da orde do día, consistente en substanciar a continuación a pregunta... — silencio, por favor— ... rexistrada co documento número 2011 que figuraba no punto 6.3.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adecuación á realidade actual do Decreto 222/2011, no que se establece un número mínimo de alumnado matriculado como criterio para asegurar a viabilidade dos graos universitarios

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona Lara Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señorías e conselleiro.

Quería facer un pequeno contexto. Creáronse as universidades alí polo ano 1989, que empezaron a funcionar no ano 1990; esta cuestión foi posta en marcha polo Tripartito —xa nin Bipartito— da Xunta de Galicia naquel momento. Catro anos despois empezaron xa as manifestacións contra a forma de traballar das universidades galegas. No ano 2014 escoitabamos o seu colega, o conselleiro Jesús Vázquez, que rechazaba o peche dos graos por falla de alumnos e alumnas.

Pero a realidade é que esta espada de Damocles volve estar enriba das universidades. A realidade é que as universidades teñen pouca capacidade de poder planificar con futuro ciclos formativos, apostas, incluso a petición de máis profesorado —que é necesario—, porque están constantemente con ese temor de que teñan que reaxustar os graos e que poida isto ir en detrimento da formación das nosas universidades.

Este ano pasado de 2023 volveu outra vez esta cuestión á actualidade. Quedou aprazado por unha cuestión dunha cita electoral, pero tamén pola presión exercida que se fixo, por exemplo, no Concello de Lugo, na cidade de Lugo e na provincia de Lugo. Presión que, evidentemente, partiu da propia comunidade universitaria, así como das administracións públicas locais e da sociedade lucense. Máis de cento vinte colectivos se sumaron a esta plataforma social para solicitar a derogación deste decreto. Estamos a falar de sindicatos, organizacións agrarias, empresarios, asociacións culturais, asociacións de veciños... que o que queren é ter a tranquilidade de que a continuidade de certos graos non dependa dun número mínimo de alumnado.

Porque o criterio principal, conselleiro, debería ser o rendemento das persoas con titulación e o que aportan ao territorio; non só con criterios numéricos. Porque isto afecta a agricultura, a gandaría, os montes, a agroalimentación... que son a columna vertebral da nosa provincia e de Galicia en xeral. O sector primario é fundamental. Isto ten un peso capital no sistema produtivo importantísimo.

Por iso ten que tomar actuación neste eido, conselleiro, dando un apoio claro e sen fisuras a estes espazos de coñecemento. Pero a estes espazos que aporta o I+D+i, que son e nos fan terreos máis competitivos. Para fornecer a nosa economía...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...e para buscar o asentamento da poboación, porque non se nos pode encher a boca e dicir que temos que apostar polo rural, que queremos asentarmos a poboación, que queremos... *(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Méndez.

(A señora Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo.

Ata a data, como viñamos facendo, se había unha mínima flexibilidade nas proposicións — porque entendo que o debate é máis arduo —, nas preguntas eramos bastante máis rigorosos e estritos no control do tempo, e, por iso, cando pasan vinte segundos intento advertilo.

Sempre o recordo porque, ao fin e ao cabo, estamos empezando unha nova lexislatura, e hai persoas que se incorporan por primeira vez, pero, nas preguntas, sempre recordamos que intenten cingirse ao seu tempo.

O mesmo lle vou dicir ao señor conselleiro, que ten agora a palabra por tempo de tres minutos.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer a flexibilidade do Grupo Socialista para esta modificación. Eu mañá non estarei en Galicia, e agradezo moito a posibilidade de plantexar este cambio na orde do día.

Dito isto, a verdade é que non entendo moi ben o motivo que levou, neste caso, a deputada socialista a plantexar esta pregunta en sede parlamentaria; e dígoo por varios motivos.

O primeiro, no pasado período de sesións adoptouse de xeito unánime nesta Cámara un acordo para modificar o propio Real decreto —a que vostede fixo alusión— de xeito consensuado coas tres universidades do sistema educativo galego, como se fixo no seu momento. Creo que, existindo xa unha manifestación da vontade política do conxunto das forzas políticas deste Parlamento, non ten moito xeito.

O segundo é que, a verdade, están centrando vostedes —creo—, dun xeito bastante errado, toda a problemática concreta de titulacións, que teñen un número cativo de alumnos, na existencia dun decreto, no caso concreto do Campus de Lugo. No Campus de Lugo hai outras moitas titulacións que teñen unha enorme viabilidade, que teñen moita demanda, que teñen moitos alumnos...; algunhas delas vencelladas coa actividade produtiva agraria do contorno, Veterinaria, Robótica, Agropecuaria, Bioquímica, Maxisterio, Ciencias da Educación... É dicir, que non se pode dicir dun xeito tan simplista que, para asegurar a viabilidade dunha titulación, temos que cumprir ou modificar un decreto para que non haxa ningún tipo de elemento ou instrumento de planificación; é máis, o propio Decreto plantexa que pode haber excepcións ao número que se diseña no mesmo e, de feito, algunha destas titulacións, por exemplo, Enxeñaría Forestal, tivo hai catro anos dezaseis alumnos en primeiro, e non se pechou.

É dicir, non é unha cuestión do Decreto; iso é unha forma de simplificar unha cuestión que obviamente tivo —e xa entro no cuarto motivo—, no seu momento, unha contextualización —como vostede tamén dixo aquí— de forte carácter político. Non hai que esquecer que, despois —e para fixar os tempos—, nunha xunta de facultade da Escola Politécnica, impulsada pola Universidade, parece ser que se plantexou unha enorme preocupación política, funda-



mentalmente do Bloque e tamén do Partido Socialista, con tintes —eu creo— bastante políticos, porque algunhas das persoas que teñen ou tiveron capacidade de xestión e responsabilidades políticas no Campus de Lugo e que sabían perfectamente cando se podía facer unha modificación e os beneficios que tiveron as modificacións que se fixeron, no caso do Campus Terra, para mellorar a oferta educativa, parece que houbo unha nebulosa e que se esqueceu absolutamente todo e, de repente, a procura de certas melloras na oferta educativa xerou un cisma para poder atacar a Xunta.

Creo que houbo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...un exceso de celo político que, para nada, se corresponde coa realidade e que demostra un gran simplismo na interpretación. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Replica agora de Lara Méndez por dous minutos.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben. Moitas grazas, presidenta.

Señor conselleiro, se, de verdade arranxásemos o mundo, mellor nos iría en Galicia, porque é certo que nesta Cámara se aprobaron moitas cuestións por unanimidade, pero despois hai que levalas á práctica e materializalas; cousa que non se está vendo noutras cuestións e temo que nesta tampouco. Por iso está a importancia de derrogar este decreto, porque o director xeral de Universidades, a finais do ano 2023, saíu dicindo que se ía facer unha reestruturación e que se ían pechar graos.

Esta inquietude e esta preocupación parten da comunidade educativa universitaria que as trasladou ás administracións e á sociedade civil, obtendo unha resposta unánime de apoio para que se manteñan. Vímolos en casos anteriores con exemplos como co peche do grao de Enxeñaría de Topografía; isto non supuxo ningún abaratamento no custo do profesorado porque segue sendo o mesmo, non supuxo que implicase unha merma no presuposto universitario, e agora buscan estes perfís noutras comunidades autónomas e noutras universidades.

¿Sabe, señor conselleiro, que aos enxeñeiros agrícolas ou forestais os van buscar xa á universidade?; ¿sabe que teñen moitísima demanda? Ao mellor ten que facer tamén a Xunta de Galicia máis política de promoción das universidades e de promoción destes títulos universitarios, porque, despois —como dicía—, se nos enche moito a boca de falar de apostar polo medio rural, de apostar polo medio ambiente, de apostar polo sector forestal —como vimos hoxe pola tarde—, evitando incendios.

Necesitamos profesionais que no territorio fagan ese traballo; necesitamos profesionais que dean a ese I+D+i a competitividade que necesitamos no terreo, e, por iso, non nos chega só a súa vontade, que non dubido de ela.



Queremos saber se a Xunta de Galicia vai derrogar ese decreto, ¿si ou non? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Señoría, estea vostede tranquila, que nós cumprimos os acordos parlamentarios; nós non somos o Partido Socialista. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Estea absolutamente segura.

Dito isto, dá a sensación, señoría, de que...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...ten moi pouca memoria; non sei se de xeito interesado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Espere; un momento, por favor, señor conselleiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Dícialle que ten moi pouca memoria porque vostede cita o Grao de Topografía. ¿Sabe cantos alumnos había en primeiro? Dous. ¿Sabe vostede cantos alumnos había en toda a titulación?; ¿en toda?! ¡Oito! ¿Sabe por que grao se substituíu? Por Robótica. ¿Sabe o que posibilitou iso no Campus Terra? Que teñamos todos os anos máis de cen alumnos, e romperemos a dinámica de crecemento. *(Aplausos.)* Está claro que son absolutamente conservadores, e que non se pode mover nada. Pero, imos ver, ¿quen cuestiona ou non a importancia das enxeñarías forestais ou das enxeñarías agrícolas? Vostedes estano inventando. ¿Quen a cuestiona?

Agora, se o sistema percibe que nos primeiros cursos hai un número de matrículas decrecente, e que é posible mellorar a oferta, non sei porque ao Partido Socialista lle parece tan mal. Voulle dicir outra cousa: ano 2017, cando vostede dixo que se pechou Topografía; pechouse Topografía, pero introduciuse en Lugo —como xa dixen— Robótica e Bioquímica. Teño aquí os datos exactos: os másteres en Xenómica, Empresa, Tecnoloxía e Xestión cultural. ¿Que pasou? Que o Campus se revolucionou.

Cando hai unha situación problemática, hai dúas opcións: a do Partido Socialista, que é esconderse, deixar que morra todo, non importa nada, que máis dá... ¿Hai dous alumnos en primeiro? Pois non facer nada é o mellor e o máis cómodo; é dicir, é morrer de inanición. Ou, hai a opción de consensuar, falar, negociar e buscar solucións. Iso é o que fai a Xunta. E



hai unha percepción que —creo— vostede intenta trasladar, e é que Xunta pecha titulacións; dicir iso é descoñecer como funciona o sistema universitario. O que houbo no ano 2017, e teremos que seguir traballando nesa liña, foi unha reestruturación integral e global das tres universidades que forman o sistema universitario galego para dar unha oferta coherente para o conxunto do territorio. Pero vexo que aquí —creo— se agarran á simpleza de intentar cuestionar a cuestión do decreto para criticar a Xunta de Galicia e o Partido Popular en pre-campaña.

Hai un acordo parlamentario que se vai cumprir —insisto, non somos o Partido Socialista—, pero, dende logo, unha visión tan estática, tan fosilizada e tan momificada —como a que vostede plantexou aquí— realmente non axuda nada ao Campus Terra; por certo, un campus que financia a Xunta de Galicia con máis de trece millóns de euros dende a súa conformación e a súa conversión en campo de especialización da Xunta de Galicia. Polo tanto...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...menos política e moita máis reflexión. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión e será reanudada mañá ás dez da mañá.

Boa tarde e boa noite a todos.


Suspéndese a sesión ás sete e vinte e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Mouzo Mas, Paula	P
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Ojea Bouzo, Armando	M
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Pérez López, Noelia	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Corgos López-Prado, Miguel	P	52. Prado del Río, Paula	P
15. Deza Martínez, María	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez González, Román	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rodríguez Martínez, Roberto	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Grueira Fernández, Nicole	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Iglesias Rey, Patricia	S	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Insua Lema, Óscar	BNG	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. Longueira Castro, Silvia	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. López Font, Carlos	S	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Lorenzo Gómez, Rubén	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

